



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de xuño de 2022 (1223/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dous de xuño de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(406).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión da sesión ordinaria do 26 de maio de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(407).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS ASOCIADOS AO ASESORAMENTO E ADAPTACIÓN AO MARCO NORMATIVO EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS. EXPTE. 8837/113.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 30/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 30/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 30/04/2020 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación dos Servizos asociados ó asesoramento e adaptación ó marco normativo en materia de protección de datos

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 30/04/2020 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 01/05/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 29/03/2022 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 03/05/2022, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Memoria económica do contrato de data 05/05/2022, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 06/05/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Informe da Xefa Servizo de Contratación de data 09/05/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 27/05/2022.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos



Concello de Vigo

termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019 e 18/08/2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada de Xestión Municipal mediante resolución de data 01/05/2020 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116, 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación dos Servizos asociados ó asesoramento e adaptación ó marco normativo en materia de protección de datos.

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 30/04/2020 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 01/05/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 29/03/2022 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 03/05/2022, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Memoria económica do contrato de data 05/05/2022, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 06/05/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Informe da Xefa Servizo de Contratación de data 09/05/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 27/05/2022.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **30.000,00 €**, que inclúe un IVE de **5.206,61 €**, dende o 1 de Xullo de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2022	SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.2270603	16.528,93 €	3.471,07 €	20.000,00 €
2023	SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.2270603	8.264,46 €	1.735,54 €	10.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

3(408).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS-PLAN CONCERTADO 2022”. EXPTE. 234167/301.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 27/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 26/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área e pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Con data 19.04.2022 a Concelleira delegada de Política de Benestar Social (Yolanda Aguiar Castro) á vista do informe da mesma data do Xefe de Área de Benestar social, resolveu iniciar o expediente do «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2022» para a súa presentación perante a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a fin de obter as axudas destinadas ó cofinanciamento da prestación dos servizos sociais no Concello de Vigo reguladas no Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012 (DOG nº 63, do 30.03.2012) e normativa complementaria.

I.2. O artigo 43 do citado Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014, do 6 de novembro, regula a iniciación do procedemento, concretando no seu apartado 1.b) que o Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais deberá ser aprobado polo órgano competente da Corporación Local, facendo constar expresamente a continuidade na prestación deses servizos.

I.3. Posteriormente, no DOG nº 140, do 26.07.2016 publicouse a Orde do 13.07.2016 pola que se que modificaron os módulos económicos de financiamento e unha actualización ao alza das contías dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento,

II. INFORME

II.1. Mediante Decreto 99/2012, do 16 de marzo, régulanse os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, producíndose un cambio de procedemento: do anterior baseado na convocatoria anual de subvencións a outro de transferencias de ciclo anual para dar continuidade a uns servizos fundamentais prestados á cidadanía polas Corporacións Locais (“Plan concertado”).

II.2. O Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014 do 6 de novembro, ademais de desenvolver a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, recolle entre os seus obxectivos o de establecer os mecanismos que permitan a transferencia automática aos entes locais das cantidades que anualmente lles correspondan en concepto de cota fixa polo “Plan concertado” de servizos sociais.

II.3. As cantidades que perciban para o seu financiamento as entidades locais como titulares dos servizos sociais comunitarios diferencianse entre transferencias correntes e transferencias de capital. As de capital poderán ter como finalidade novos investimentos en centros de servizos sociais, o seu equipamento ou a adaptación e mellora da accesibilidade das instalacións e as transferencias correntes enfó-

canse ó financiamento dos gastos de persoal, indemnizacións por razón de servizo e formación, servizos de axuda no fogar e sostemento doutros programas de actuación comunitaria.

A Concellería de Servizos Sociais iniciou no 2020 un Plan de investimentos para a mellora e ampliación da prestación dos servizos sociais, tendo dous proxectos en execución este ano. Por un lado, a rehabilitación interior e ampliación do centro de servizos sociais da Praza da Princesa cun orzamento de 100.000,00€ e por outro, a rehabilitación do edificio sito en rúa Alta n.º 23 do Casco Vello para uso como Centro de formación de Benestar Social cun orzamento total de 45.360,00 €. O financiamento para estes investimentos deberá

axustarse ao Mapa galego de servizos sociais e ao Plan estratéxico de servizos sociais tal e como recolle o xa citado Decreto 99/2012. Pero dado que, tanto o Mapa galego de servizos sociais coma o Plan estratéxico de servizos sociais a día de hoxe seguen sen aprobarse por parte da Xunta de Galicia, e polo tanto, non se convocan subvencións en réxime de concurrencia competitiva, estes investimentos serán asumidos e financiados polo Concello de Vigo.

III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2022», elaborado polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo, de acordo coa documentación que obra no expediente administrativo nº 234167/301 (2022).

SEGUNDO: Facer constar expresamente, para os efectos do disposto no Art. 43 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a **continuidade na prestación destes servizos no Concello de Vigo.**

TERCEIRO: Solicitar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal que ascende a un importe total, segundo se reflicte no resumo xeral adxunto, de **13.046.860,51 €** co seguinte detalle:

-Persoal: 982.247,00 €

-Mantemento: 3.463,39 €

-Axuda no fogar:

*Modalidade de prestación básica: 233.636,63 €

*Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 6.334.104,94 €

-Xestión de programas: 5.493.408,55 €

- Investimentos: 0,00 €

CUARTO: Adóptase ademais o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no Proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ó exercicio 2022, na contía de **8.857.255,05 €**, que supón unha porcentaxe do **40,44%** sobre o orzamento total do Proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.



Concello de Vigo

QUINTO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e praxe das certificacións que se remitan á Consellería de Política Social relacionadas co presente expediente, correspóndelle á Concelleira delegada de Política de Benestar Social, D^a Yolanda Aguiar Castro, segundo decretos de delegación de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo XGL de 5/11/2020, que aproba o texto consolidado de competencias da XGL nos Concelleiros Delegados de Área e nos demais e nos demais preceptos de pertinente aplicación.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(409).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA ALBORADA” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA VERDEAR. EXPTE. .233555/301.

Visto o informe xurídico do 10/05/2022 e o informe de fiscalización do 30/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 09/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- A “Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA” é unha organización sen ánimo de lucro, declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior, que ten como actividade fundamental a defensa dos individuos e da colectividade contra a utilización ilícita de todo tipo de drogas e como fins a toma de conciencia colectiva sobre os danos producidos pola utilización das drogas (especialmente na poboación xuvenil), a creación de módulos de defensa social contra a droga, con actividades distribuídas nos campos epidemiolóxicos, preventivos e asistenciais e a colaboración con organismos e entidades públicas ou privadas que teñan relación coa problemática da drogodependencia.

A Asociación ALBORADA leva 40 anos traballando no tratamento e mellora da calidade de vida dos pacientes con trastornos adictivos e, partindo dunha Unidade Asistencial, conseguiu crear unha Comunidade Terapéutica, un Centro de Día, un Centro de menores, unha Escola de familias e levar a cabo programas de prevención e programas de Centro penitenciarios.

II.- Constitúe o obxecto do Convenio de colaboración que agora se pretende concluír a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de ALBORADA para a realización do «PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA “VERDEAR” – ANOS 2022-2025», co que se pretende mellorar a calidade de vida e a incorporación social dos/as usuarios/as da Asociación, promovendo o coñecemento das técnicas de traballo da agricultura ecolóxica.

III.- O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade

veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) e no que, atendendo á situación das persoas destinatarias do Programa “Verdear”, podería encadrarse o Convenio obxecto de informe.

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.

V.- O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade.

Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar ós procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.



Concello de Vigo

Máis concretamente, establécense liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio ós procesos de incorporación social mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

VI.- O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde o ano 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos da prevención, asistencia e incorporación social.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, mellorar a atención das urxencias sociosanitarias e cobertura de necesidades primarias de alimentación, hixiene e vivenda e potenciar o mantemento e a creación de novos dispositivos para cubrir as necesidades básicas daquela poboación carente de vivenda ou en situación de risco de exclusión.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA, como é o caso de ALBORADA.

VII.- Este tipo de accións teñen un encadre metodolóxico e normativo en instrumentos tales como a Estratexia Europea en materia de loita contra a droga e os seus Plans de Acción, que contemplan a prevención do consumo de drogas como o ámbito clave de intervención; a Estratexia Nacional, co seu correspondente Plan de Acción, que ademais establece como necesaria a coordinación entre as distintas Administracións. Concretamente, propón accións de coordinación coas administracións locais e promove a elaboración de plans municipais e supramunicipais; ou a propia Lei 2/96, de 8 de maio de Galicia sobre Drogas, fundamentalmente a través dos Títulos I (da prevención de drogodependencias) e III (particularmente no que atinxe a atribución de competencias, planificación e ordenación, concertos/convenios e coordinación).

VIII.- A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento municipal polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da L.38/2003 xeral de subvencións e 26 da L.9/2007 de subvencións de Galicia. A mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

IX.- A concesión da subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2022, 2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.03, por un importe de 12.000€. As subvencións previstas para os exercicios de 2023, 2024 e 2025 (12.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

X.- En relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais/drogodependencias como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA ALBORADA” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA “VERDEAR” – ANOS 2022-2025» .

SEGUNDO.- Aprobar o gasto que representa, por un importe total de 48.000€, a razón de 12.000€/ano, en concepto de subvención directa á “Asociación cidadana de lucha contra a droga ALBORADA” (CIF G-36624963). No exercicio de 2022 o gasto imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.03 - “Asociación cidadana loita contra a droga, ALBORADA”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA ALBORADA” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA “VERDEAR” – ANOS 2022-2025».

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D^a. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D. José Ignacio Jiménez Pereira, con DNI nº 35.999.806-E, Presidente da “Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA”, CIF nº G-36624963, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Isaac Peral nº 8, CP 36201 de Vigo.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. José Ignacio Jiménez Pereira, actuando en representación da Asociación ALBORADA, segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo da Asemblea Xeral do 28.02.2018, asegurando a persoa comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA” é unha organización sen ánimo de lucro que ten como actividade fundamental a defensa dos individuos e da colectividade contra a utilización ilícita de todo tipo de drogas e como fins a toma de conciencia colectiva sobre os danos producidos pola utilización das drogas (especialmente na poboación xuvenil), a creación de módulos de defensa social contra a droga, con actividades distribuídas nos campos epidemiolóxicos,

preventivos e asistenciais e a colaboración con organismos e entidades públicas ou privadas que teñan relación coa problemática da drogodependencia.

II.- Que ALBORADA leva 40 anos traballando no tratamento e mellora da calidade de vida dos pacientes con trastornos adictivos e, partindo dunha Unidade Asistencial, conseguiu crear unha Comunidade Terapéutica, un Centro de Día, un Centro de menores, unha Escola de familias e levar a cabo programas de prevención e programas de Centro penitenciarios.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas na cidade con problemas de adicción e especiais dificultades de inserción social e laboral que poden verse favorecidas pola implementación dun programa de incorporación social en agricultura ecolóxica como o proposto por ALBORADA.

IV.- Que o Concello de Vigo, segundo a L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia



Concello de Vigo

no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención referidos á prevención, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar ós procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establécense liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio ós procesos de incorporación social mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

VII.- Que o Concello de Vigo ven desenvolvendo desde o ano 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos da prevención, asistencia e incorporación social.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, mellorar a atención das urxencias sociosanitarias e cobertura de necesidades primarias de alimentación, hixiene e vivenda e potenciar o mantemento e a creación de novos dispositivos para cubrir as necesidades básicas daquela poboación carente de vivenda ou en situación de risco de exclusión.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA, como é o caso de ALBORADA.

VIII.- Que o Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.03 (“Asociación cidadana loita contra a droga, ALBORADA”), prevé nominativamente a concesión dunha subvención a favor da Asociación ALBORADA. Trátase, polo tanto, dunha subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

IX.- Que, de acordo co disposto nos Arts. 28.1 da L.38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

O presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución dos orzamentos relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA” para a realización do «PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA “VERDEAR” – ANOS 2022-2025», co que se pretende mellorar a calidade de vida e a incorporación social dos usuarios da Asociación, promovendo o coñecemento das técnicas de traballo da agricultura ecolóxica.

SEGUNDA.- A Asociación ALBORADA comprométese a colaborar activamente na execución deste Programa e, concretamente a:

- Realizar a contratación de persoal técnico necesario, de acordo coa Memoria presentada.
- Asumir a súa xestión xeral.
- Contribuir ó custo restante do Programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo o previsto naquela Memoria.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.

En xeral, a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007.



Concello de Vigo

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación ALBORADA unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 12.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 48.000€. O gasto de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.03 (“Asociación cidadada loita contra a droga, ALBORADA”). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

CUARTA.- Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2022, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2023, 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social, e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

OITAVA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes de ALBORADA e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

NOVENA.- ALBORADA comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMA.- ALBORADA poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2022 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO SEGUNDA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO TERCEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).



Concello de Vigo

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2022, 2023, 2024 e 2025) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
 - Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da

subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO QUINTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención



Concello de Vigo

na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais.

As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración municipal, dou fe.

5(410).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN EN RESCATE ACUÁTICO EN LÁMINA SUPERIOR PARA OS BOMBEIROS,

CONDUTORES BOMBEIROS E MANDOS INTERMEDIOS DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 6642/213.

Visto o informe xurídico do 26/05/2022 e o informe de fiscalización do 27/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, a concelleira-delegada de Seguridade e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 8 de marzo de 2022 a concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía e Seguridade acordou iniciar o procedemento de contratación para o servizo de formación de rescate acuático en lámina superior para os bombeiros, condutores-bombeiros e mandos intermedios do Servizo de Bombeiros. Esta resolución foi asinada pola Secretaria do Goberno Local o 8 de marzo de 2022.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros e a concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal o 8 de marzo de 2022.
- Resolución de inicio do expediente de contratación do concelleira-delegada de Economía, Empresa e Seguridade de 8 de marzo de 2022, asinado pola Secretaria do Goberno Local o 8 de marzo de 2022.
- Memoria económica do contrato, asinada polo xefe do servizo de bombeiros co conforme da concelleira-delegada da Área de Economía, Empresa e Seguridade de 9 de marzo de 2022 e modificada con data de 28 de abril de 2022.
- Documento económico de data 10 de marzo de 2022.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada polo xefe do servizo de bombeiros co conforme da concelleira-delegada da Área de Economía, Empresa e Seguridade de 13 de marzo de 2022 e modificada con data de 10 de maio de 2022.



Concello de Vigo

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 11 de marzo de 2022 e modificado o 30 de marzo de 2022, asinado polo xefe do servizo de bombeiros.
- Dilexencia da técnica de administración xeral de contratación de data de 22 de abril de 2022 e 9 de maio de 2022.
- Informe do Servizo de Contratación por procedemento aberto do servizo de Formación de rescate acuático en lámina superior para os bombeiros, condutores-bombeiros e mandos intermedios do Servizo de Bombeiros asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 10 de maio de 2022.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de Formación de rescate acuático en lámina superior para os bombeiros, condutores-bombeiros e mandos intermedios do Servizo de Bombeiros asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 10 de maio de 2022.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. A concelleira-delegada da Empresa, Economía e Seguridade mediante resolución de 29 de marzo de 2021 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto non é necesaria a súa xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto

na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de Formación de rescate acuático en lámina superior para os bombeiros, condutores-bombeiros e mandos intermedios do Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo de bombeiros en data 30 de marzo de 2022.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado polo Servizo de Contratación e asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 10 de maio de 2022.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 46.968,00 euros (prestación exenta de IVE, artigo 20 Lei 37/1992 do IVE), que se imputará á aplicación orzamentaria 13602279910 “Cursos de formación impartidos por empresas”, do presuposto do exercicio de 2022.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(411).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE «MÉDICOS DO MUNDO», PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOSANITARIA DESTINADO A PERSOAS DROGODEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL EN VIGO – ANOS 2022-2025. EXPTE. 2891/315.

Visto o informe xurídico do 05/05/2022 e o informe de fiscalización do 24/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 03/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de CEDRO, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social.

II. No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades



Concello de Vigo

asistenciais da cidade e mellorar a atención ós colectivos en situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en media aberto.

III. O PLDA ten como instrumentos para o seu desenvolvemento, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenios con outras administracións e a coordinación e colaboración coas entidades locais (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

IV. O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adicións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de diminuír os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establécese como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ó uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ó consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de obradoiros sobre consumo de menor risco e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.

V. No marco de actuación anterior, propónse o establecemento dunha subvención, determinada pola imposibilidade de proporcionar o servizo con medios propios do Servizo e a inexistencia de empresas que desenvolvan estas tarefas no noso medio. Por outra banda, as propias características técnicas do programa, determinan a conveniencia de establecer un convenio de colaboración cunha entidade sen ánimo de lucro do ámbito local.

VI. O Concello ven traballando desde hai anos coa entidade «Médicos do Mundo» para a prestación dun servizo que cubra as carencias da estrutura municipal actual, o que se materializa desde hai anos coa sinatura dun convenio de colaboración para o desenvolvemento dun Programa de intervención sociosanitaria destinado a persoas drogodependentes en situación de exclusión social en Vigo; o último, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 04.07.2019, estivo vixente durante o período 2019-2021 (Exp. nº 2725/315).

VII. Polo exposto e por tratarse dunha subvención na que se acreditan razóns de interese público, social e humanitario, propónse á Xunta de Goberno Local a concesión dunha subvención directa (nominativa) segundo os artigos 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, artellada mediante o establecemento dun convenio de colaboración coa entidade «Médicos do Mundo», para a realización dun programa de redución do dano en medio aberto, cun centro de día para a inclusión social e unha unidade de rúa, no ámbito territorial do contorno da rúa Pintor Colmeiro e noutras zonas de consumo de Vigo.

VIII. O convenio contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Canto á vixencia do Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2022, 2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito, na aplicación nº 3112.489.00.01 -*“Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo”*, por un importe de 50.000€. As subvencións previstas para os exercicios de 2023, 2024 e 2025 (50.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

IX. En relación coa Instrución 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais/drogodependencias como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar Social e a entidade «Médicos do Mundo», para o desenvolvemento dun programa de intervención sociosanitaria destinado a persoas drogodependentes en situación de exclusión social en Vigo – anos 2022-2025.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto que representa, por un importe total de 200.000€, a razón de 50.000€/ano, en concepto de subvención directa á Asociación «Médicos do Mundo» (CIF G-79408852). No exercicio de 2022 o gasto imputarase á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01 -*“Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo”*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOSANITARIA DESTINADO A PERSOAS DROGODEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL EN VIGO – ANOS 2022-2025»

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D^a. Susana Gallardo Fariña.

Doutra,

D^a Iria Gippini Estévez, con DNI nº 9025232-D, coordinadora da sede autonómica da entidade MEDICOS DO MUNDO en Galicia, con NIF G-79408852 e enderezo para os efectos de notificación en Vigo, na rúa Illas Baleares nº 15, baixo.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D^a Iria Gippini Estévez, actuando en representación de MEDICOS DO MUNDO en Galicia, segundo resulta dos seus estatutos, do acordo da súa Asemblea xeral do 15.12.2007 e da demais documentación achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- A entidade «Médicos do Mundo» é unha Organización Non Gubernamental (ONG) que traballa desde 1992 con colectivos en situación de exclusión social e, en Galicia, desde 1995 cun programa de achegamento (*outreach*) e de redución de danos para usuarios de drogas e persoas que exercen a prostitución. Está inscrita no Rexistro nacional de Asociacións (nº 91009) e declarada de interese público en 1995. Figura inscrita tamén no RUEPSS (nº E0080).

«Médicos do Mundo» iniciou en 2001 un proxecto de achegamento, redución de danos e sensibilización para usuarios de drogas no contorno da Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) CEDRO. Posteriormente, e baseándose na experiencia de «Médicos do Mundo» noutras cidades do Estado, foise estruturando na cidade de Vigo o Centro de Redución de Danos (CEREDA).

O CEREDA está concebido como un centro de atención sociosanitaria para usuarios de drogas, dentro da filosofía de redución de danos, na que teñen cabida todas as intervencións dirixidas a minimizar os danos asociados ó consumo de drogas, a diminuír a marxinalidade do colectivo -favorecendo a súa integración- e á prevención do VIH/SIDA e outras enfermidades transmisibles. A estratexia de intervención do CEREDA é de “baixo umbral”, seguindo os principios de intervención humanitaria que moven a «Médicos do Mundo» en todas as súas áreas de traballo.

O CEREDA vai dirixido a persoas cun uso problemático das drogas, en grave situación de desarraigo e exclusión social, que viven na rúa, con alto nivel de cronicidade e exclusión e/ou con problemas de saúde, que rexeitan acceder a outros recursos. O seu obxectivo principal é facilitar a inclusión social das persoas consumidoras de drogas involucrándoas no coidado da súa propia saúde, facilitándolles o acceso á rede sociosanitaria normalizada e reducindo os danos asociados ó consumo.

O CEREDA de «Médicos do Mundo» en Vigo está concebido como un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas. As intervencións desenvólvense desde un dispositivo fixo, denominado “Centro de calor e café” e un equipo de rúa que se traslada a pé ás zonas quentes de consumo.

O interese para a cidade de Vigo de contar cun programa destas características, a través dunha estratexia de redución de riscos e danos, é que non só posibilita unha mellora sociosanitaria da poboación obxeto de intervención, senón tamén do contorno socio-comunitario onde se ubica.

Os grandes piares nos que se apoia este traballo son o traballo en rede, a coordinación interinstitucional, a intervención comunitaria e a implicación dos propios pares que traballan como axentes de saúde, así como das persoas voluntarias que participan desinteresadamente no programa.

As prestacións do CEREDA non pretenden substituír ás da rede sanitaria e de servizos sociais públicos. Para iso, o traballo ten dúas vertentes, unha dirixida á propia rede, consistente na eliminación das trabas e barreiras que dificultan a accesibilidade ós recursos e outra liña de intervención coas propias persoas usuarias facilitándolles a información e o asesoramento necesario para poder acceder ós recursos.



Concello de Vigo

Estes dispositivos son un recurso necesario na cidade de Vigo, xa que aínda queda un volume considerable de poboación subsidiaria da atención ofertada. O número de usuarios/as atendidos/as nos dispositivos do CEREDA durante 2021 foi de 631 persoas, segundo se reflicte na última Memoria de actividades presentada, correspondente ó exercicio de 2021. Saliéntase que durante ese ano un total de 137 persoas volveron solicitar apoio despois dun ano ou máis fóra do Programa e que a maioría son reincorporacións por recaídas en consumos de drogas ou alcohol e polo agravamento da súa situación persoal.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro, LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III. A Estratexia Nacional sobre Drogas asume que o éxito da política xeral sobre drogas require da cooperación das Administracións locais. Deste xeito, no seu Plan de Acción o obxectivo primeiro propoñía optimizar a coordinación e cooperación no marco do Estado español mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de plans municipais e supramunicipais coherentes coa Estratexia Nacional.

Máis especificamente, entre os obxectivos xerais, atópanse os de garantir unha asistencia de calidade e adaptada ás súas necesidades, a todas aquelas persoas directa ou indirectamente afectadas por consumo de drogas, reducir ou limitar os danos ocasionados á saúde das persoas que consumen drogas e, en xeral, os efectos sociais e sanitarios indesexables relacionados co seu uso, e facilitar a incorporación á sociedade das persoas en proceso de rehabilitación, a través de programas de formación integral e de

preparación e inserción laboral. A nivel de diminución do risco e redución do dano, considérase necesario ampliar a cobertura de programas de rúa ou de contacto, acceso e detección precoz de problemas que afectan a grupos de poboación en situación de risco.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade.

Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de diminuír os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración Xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establécese como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ó uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ó consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de obradoiros sobre consumo de menor risco e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.

A carteira de servizos en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas contempla a execución de programas de redución de danos e prevención indicada para drogodependentes, e especificamente os dirixidos á intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social.

IV. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, e mellorar a atención ós colectivos en situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en medio aberto.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, os convenios con outras administracións e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

V.- O Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01 (“*Convenio educación na rúa con Médicos del Mundo*”), prevé nominativamente a concesión dunha subvención a favor da Asociación «Médicos do Mundo» por importe de 50.000 €.



Concello de Vigo

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade do CEREDA de «Médicos do Mundo» en Vigo; un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas desde un dispositivo denominado “Centro de calor e café” e un equipo de rúa.

VII. Este convenio de colaboración contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

En base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa esa actividade de «Médicos do Mundo», as partes convenian a súa colaboración no ámbito da redución de danos e prevención indicada para drogodependentes e a concesión da referida subvención en base ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- A entidade «Médicos do Mundo» comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo en canto á realización da actividade do CEREDA de «Médicos do Mundo» en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas desde un dispositivo denominado “Centro de calor e café” e un equipo de rúa e, concretamente, a:

- Realizar a contratación do persoal técnico necesario para a correcta execución do Programa.
- Asumir a súa xestión xeral.
- Contribuir ó financiamento do custo restante do Programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos necesarios, detallados no orzamento do proxecto presentado.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.
- Complimentar os procedementos que se determinen para o rexistro de indicadores de actividade no ámbito da xestión dos recursos que traballan coas persoas en exclusión social severa.
- En xeral, a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, pola súa banda, comprométese a conceder directamente á Asociación «Médicos do Mundo» unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 50.000€/ano co obxecto de coadxuvar ó financiamento da actividade do CEREDA en Vigo; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 200.000€.

O gasto de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01 (“*Convenio educación na rúa con Médicos del Mundo*”). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRA.- Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

CUARTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2022, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2023, 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD.887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

SEXTA.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma pro-



Concello de Vigo

porción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e da Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo.

OITAVA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e estará composta por dous representantes de «Médicos do Mundo» e dous técnicos do Concello, presidida pola Concelleira delegada de Política de Benestar Social ou persoa en que delegue.

NOVENA.- A entidade «Médicos do Mundo» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo, facéndose responsable dos danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMA.- A entidade «Médicos do Mundo» poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2022 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO SEGUNDA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO TERCEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccđtes.).

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2022, 2023, 2024 e 2025) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de

actuación xustificativa e memoria económica xustificativa. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.



Concello de Vigo

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO QUINTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do artigo 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O responsable técnico do programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos

dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración Municipal, dou fe.

7(412).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DA CONCESIÓN DE DOMINIO DO POSTO C10 DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 8579/106.

Visto o informe xurídico do 23/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 20/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, adxudicouse á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso o



Concello de Vigo

procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso, polo período de 25 anos, a contar dende a data do 1 de xullo de 2015.

2.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 18/12/2021, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, CIF. ***6640>>, solicita autorización para a cesión do posto vacante nº C10 a Asociación Agroecolóxica BIOCHOUA, CIF. ***1977>>.

3.- Achégase ao expediente declaración responsable de Dna. Sara Cifuentes Díaz, NIF. ***7631>> en calidade de presidenta da Asociación Agroecolóxica BIOCHOUA, conforme se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, cumpre o requisitos de capacidade para contratar e coñece e se compromete a cumprir coas condicións da concesión.

4.- Achégase ao expediente un contrato de prestación de servizos profesionais agrarios a favor de Dna. Sara Cifuentes Díaz con NIF ***7631>> e de D. Hermindo Álvarez Fernández con NIF ***6256>>, a acta fundacional da Asociación Agroecolóxica BIOCHOUA e os estatutos desta asociación.

5.- Achégase tamén o certificado de estar ao corrente na Seguridade Social tanto de Dna. Sara Cifuentes Díaz como de D. Hermindo Álvarez Fernández.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei se rexerán, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).,
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto-ley 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado municipal do Progreso*”

mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PPT).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Con respecto á autorización da cesión do posto solicitada pola Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, conforme aos pregos de prescricións aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014, para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, que constitúen a “*lex contractus*”, establecen o seguinte:

A) Os Pregos de cláusulas administrativas particulares se refiren ao presente suposto nas seguintes cláusulas:

- Cláusula 4: Obxecto do contrato e códigos de clasificación

“ 1.- O presente contrato ten por obxecto unha xestión integral dos espazos públicos existentes no Mercado municipal de abastos da Praza do Progreso (servizo público) comportando iso a concesión dun uso privativo dos espazos destinados a “supermercado” e “cafetería”, así coma dos postos do mercado que non fosen adxudicados directamente aos usuarios polo Concello de Vigo e daqueles que, polo remate do prazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro (espazos da concesión ao adxudicatario do concerto).../.

(.../) o obxecto do contrato comprende a xestión das concesións de dominio que se lle adxudican, baixo os principios de eficacia na xestión do servizo público, **dos postos de venda do mercado que, por distintas razóns, resulten vacantes** e dos postos de venda de produtos do campo nos termos que se establecen no artigo 6 do PPTP e nas instrucións que se diten.(.../).”

- Cláusula 7: Duración de concerto e das concesións de dominio

“1. O prazo de contrato é de vinte e cinco (25) anos improrrogables, a contar dende o día primeiro ao mes seguinte á data da sinatura do contrato e dos documentos concesionais. (.../).”

Data da sinatura 30 de xuño de 2015 e vixencia dende o 1 de xullo de 2015, rematando en consecuencia o 30 de xuño de 2040.

- Cláusula 26: Cesión e arrendamento dos espazos obxecto de concesión de dominio

“1. Conforme se indica no Anexo VI do presente PCAP o contratista-adxudicatario, titular das concesións de dominio dos espazos citados (“supermercado”, “cafetería” e **postos baleiros**), poderá proceder, previa autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local), á cesión ou ao arrendamento de ditos espazos co exclusivo fin de que neles se presten as actividades mencionadas.../.

.../A cesión e o arrendamento non poderán ser outorgados por tempo superior o que medie entre a fecha do mesmo e a conclusión do prazo concesional. O cesionario ou arrendatario declarará expresamente no documento que formalice,



Concello de Vigo

que coñece e acepta as condicións que concorren na concesión en cuanto poidan afectarlle. En todo caso, o concesionario será responsable do establecido no contrato concesional.

2. A cesión dos postos baleiros do mercado implicará a obriga do cedente ou arrendador de aboar ó Concello de Vigo o importe dunha mensuralidade do canon actual máximo resultante por cada ano ou fracción da concesión cedida. A cota mensual do posto obxecto de cesión non poderá, en ningún caso, ser inferior á establecida para postos da mesma tipoloxía obxecto de concesión directa.”

B) No artigo 6 do prego de prescricións técnicas establececese o réxime dos postos de venda no Mercado vacantes adxudicados neste procedemento e dos que resulten no futuro sinalando que:

“1. O adxudicatario, de conformidade có establecido no PCAP, obtén unha concesión de dominio sobor dos postos que resulten vacantes tanto por resultar sobrantas coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobor dos mesmos. Tanto uns coma os outros poderá explotalos directamente ou ceder a terceiros a dita concesión, previa conformidade municipal, para a súa explotación por un período de tempo igual ó que reste ata o remate do concerto. Sen embargo, non poderá arrendalos máis que para usos temporais, que en ningún caso poderá exceder de tres meses.

2. A cesión a terceiros dos postos adxudicados neste procedemento e de aqueles que, polo remate do prazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro, en iguais termos que os acordados para os adxudicatarios dos restantes postos, deberá ser autorizada, previa solicitude, polo Órgano de Contratación do Concello de Vigo, e determinará a obriga de satisfacer ó Concello de Vigo polo cedente o importe de unha mensuralidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, que abarcará en todo caso ata a data de finalización do concerto.

3. Unha vez abonada a cantidade indicada no apartado anterior, formalizarase o contrato de cesión; este e as súas modificacións serán en todo caso depositados no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este senón dende o dito depósito. O cesionario convértese por este acto en concesionario de dominio sobor do posto e subrógase nos dereitos e obrigas do cedente, o que se fará constar no contrato de cesión.

4. De se producir a resolución anticipada do concerto e dándose as condicións do apartado anterior, o Concello subrogarase nos citados contratos, sempre que na dita resolución non teña intervido actuación do cesionario ou arrendatario que, con culpa ou dolo, fose causa ou coadxuvase á dita resolución, que o contrato fose antieconómico ou que fose depositado unha vez producidas as circunstancias que motivan a dita resolución.

5. A cesión dos postos adxudicados neste proceso e daqueles que, polo remate do prazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro, suxeitarase ás seguintes

condicións, que deberán constar expresamente na solicitude efectuada ao Concello de Vigo de cesión da concesión de dominio:

1. Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial para a que se lle outorga a concesión no posto, con pleno acatamento ás normas.
 2. Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización.
 3. Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobre do posto sen o consentimento expreso do Concello de Vigo, previo informe do xestor do Mercado, e que se suxeitará ás seguintes condición.
- Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.
 - O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo dunha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.
 - No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ao seu favor poderá ser transmisíbel aos seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.
 - As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.
 - Os concesionarios deberán abonar os tributos que lle resulten esixíbeis, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable).

6. As condicións indicadas no apartado anterior formarán parte igualmente do informe que o adxudicatario do concerto deberá efectuar ás solicitudes de cesión de dereitos polos comerciantes adxudicatarios dos postos; neste suposto, a cesión será polo tempo que reste ata o remate da concesión outorgada.

O importe do canon mensual será de 262,21 €”.

C) Corresponde ao cedente, Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, a obriga de satisfacer ao Concello de Vigo o importe **4.861,37 €** derivado da suma das obrigas de pago:

* *Importe de 4.861,37 €, resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 262,21 € do posto C10 polo tempo que resta de 18,54 anos da data de remate da concesión do 30/06/2040, a contar dende a data de ocupación do posto do 16/12/2021.*

D) Advertir que, unha vez abonada a cantidade anterior, formalizárase o contrato de cesión, o cal será depositado no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito.

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto na cláusula 4.1.c) do PCAP aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014.



Concello de Vigo

En mérito ao que antecede, previo informe xurídico que se achega ao expediente, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Autorizar á Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas particulares e os pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local en data 07/02/2014, á cesión da concesión de dominio do posto de venda de produtos ecolóxicos C10 a Asociación Agroecolóxica BIOCHOUA, CIF.- ***1977>>, ata a data de remate da mesma do 30 de xuño de 2040, suxeita ás seguintes condicións:

a) O desenvolvemento da actividade realizarase a través dun contrato de prestación de servizos profesionais agrarios; formalizado con Dña. Sara Cifuentes Díaz con NIF ***7631>> e con D. Hermindo Álvarez Fernández con NIF ***6253>> que se anexa no expediente.

No caso de existir algún cambio dos devanditos prestadores de servizos deberá modificarse previamente no servizo de comercio

b) O canon mensual para o presente ano de 262,21 €/mes. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC.

c) O cesionario convértese por este acto en concesionario de dominio sobor do posto e subrógase nos dereitos e obrigas do cedente, o que se fará constar no contrato de cesión.

d) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.

e) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización.

f) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.

g) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto sen o consentimento expreso do xestor do mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:

- Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.
- O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ao Concello de Vigo dunha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.
- No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ao seu favor poderá ser transmisíble aos seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.
- As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal. “

g) As obras de adaptación, reparación e mellora, serán por conta exclusiva do concesionario e requiren a previa presentación dunha memoria ou proxecto para a súa aprobación polo Concello, isto sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas, que deberá obter previamente e a súa costa.

SEGUNDO.- Requirir á Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, o pago de **4.861,37 €**, derivado da suma das obrigas de pago:

* Importe de 4.861,37 € resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 262,21 € do posto C10 polo tempo que resta de 18,54 anos da data de remate da concesión do 30/06/2040, a contar dende a data de ocupación do posto do 16/12/2021.

TERCEIRO.- Advertir que, unha vez abonada o importe dunha mensualidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, formalizárase o contrato de cesión, o cal será depositado no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados, Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso e a Asociación Agroecolóxica BIOCHOUSA, a Dña. Sara Cifuentes Díza e a D. Hermindo Álvarez Fernández, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(413).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE TRASNOS BÉISBOL CLUB EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DA ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE: TEMPADA DEPORTIVA 2021-2022. EXPTE. 21200/333.

Visto o informe xurídico do 11/05/2022 e o informe de fiscalización do 26/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 19/04/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 18.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.0012 a favor da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2021-2022.



Concello de Vigo

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva TRASNOS BÉISBOL CLUB conta cun equipo de elite na modalidade de béisbol na categoría primeira (Primeira división nacional - Liga Nacional de Béisbol 1ª división 2022 - Grupo Noroeste). A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría primeira hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2021-2022, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
1. Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
 1. Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
 2. Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema



Concello de Vigo

Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022 na partida orzamentaria 3410.489.0012 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB durante a tempada deportiva 2021-2022 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2022.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva TRASNOS BÉISBOL CLUB para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2021-2022 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 18.000,00 € a favor da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB co CIF: G27750645 e enderezo social en Cantabria, 210 (36206), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21200-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.0012 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE TRASNOS BÉISBOL CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2021-2022 (EXPTE. 21200/333).

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Fernando Manuel Rodríguez Villanueva como presidente da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB CIF: G27750645 e enderezo social en Cantabria, 210 (36206), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21200/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB durante a tempada 2021-2022. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría primeira (Primeira división nacional - Liga Nacional de Béisbol 1ª división 2022 - Grupo Noroeste), desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2021-2022.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do béisbol en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.



Concello de Vigo

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.0012 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18.000,00 €, a favor da entidade deportiva TRASNOS BÉISBOL CLUB.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB na tempada deportiva 2021-2022.

VI.- Que a entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 21200-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o TRASNOS BÉISBOL CLUB conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de béisbol na tempada 2021-2022.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.



Concello de Vigo

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade TRASNOS BÉISBOL CLUB unha subvención por importe de 18.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.0012 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2021-2022. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2021-2022 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprarán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.



Concello de Vigo

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2021-2022. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e



Concello de Vigo

sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(414).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 5057/611.

Visto informe xurídico do 26/05/2022 e o informe de fiscalización do 30/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 25/05/2022, asinado polo adxunto á Xefatura de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

A Xunta de Goberno Local , con data 26 de marzo de 2019 , acordou aprobar o expediente de Contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da “CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE NÚM. 2496-611” para un período de dous anos (*anexado trámite número 4*).

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 4 de xuño de 2019 , adoptou, entre outros asuntos, o seguinte acordo (*anexado trámite número 5 e trámites números 7 e 8 -PPT e PCAP-*):

“Adxudicar a FCC AQUALIA, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611) coas seguintes condicións:

- O prezo total dos servizos relativos ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato é de 5.015.126,76 euros , sendo a cota correspondente ao IVE de 870.933,90 euros.*
- O prezo unitario de monitor/hora para o pagamento dos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos é de 20,63 euros, sendo o importe do IVE de 3,58 euros.*
- Propón un incremento de 15.000 euros do importe destinado á reposición de materiais non funxibles respecto do mínimo establecido no apartado n) da cláusula II.2 do PPT.*
- Propón un incremento de 6.000.000 euros do importe da póliza de responsabilidade civil por enriba da contía mínima fixada no apartado 13 do Anexo I (FEC) do PCAP.*
- Incrementa a experiencia mínima esixida para a persoa responsable do contrato en 5 anos (8 anos en total).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato formalizase o 27.06.2019, con efecto 1 de xullo de 2019 e duración ata o 30 de xuño de 2021 e nel contéplase a posibilidade de dúas prórrogas, con cadanseu ano de duración. Con data 26 de xuño realizase unha corrección pola Xefa do Servizo de contratación da Cláusula 2 do documento do contrato por un erro material nas cantidades do prezo total do contrato (*anexado trámite número 6*).

O prezo total do contrato para os dous anos é de 6.851.196,76 euros, dos que 5.015.126,76 euros corresponden o mantemento e funcionamento das instalacións e 1.836.070,00 corresponden ós servizos técnicos deportivos e docentes para o desenvolvemento de programas. O prezo unitario de monitor/hora para o pagamento dos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos é de 20,63 euros con IVE.

Posteriormente, con data 14.12.2020, iníciase o expte núm. 6570-241, de modificación do contrato, que ten por obxecto axustar as prestacións obxecto do contrato ás medidas preventivas aprobadas pola autoridade sanitaria para facer fronte a crise do COVID -19, toda vez que, trala reanudación das actividades docentes e deportivas do contrato das piscinas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares, persistía na Comunidade Autónoma de Galicia a situación de emerxencia sanitaria que obrigaba



Concello de Vigo

á adopción de medidas extraordinarias en materia de limpeza, desinfección, procesos de control durante o tempo que mediera ata o levantamento das medidas preventivas e en todo caso ata a data de finalización do contrato.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 04 febreiro de 2021 (anexado trámite número 10), adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Modificar o contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (2.496-611) nos seguintes termos:

- *A modificación supón o reforzo das tarefas de limpeza indicadas cun incremento máximo de 562,5 horas horas de prestación do servizo por un prezo máximo de 76.284,48 €, o que supón un incremento do importe total do contrato dun 1,11% do prezo do contrato.*
- *O número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades. Estas serán comunicadas á empresa polo responsable do contrato.*
- *O aboamento do reforzo de limpeza previsto nesta modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.*

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará ás aplicacións orzamentarias 3420.2279902 Servizos Travesas, 3420.2279903 Servizos Lavadores, 3420.22707 Servizos Teis, 3420.2279913 Servizos Valadares, do orzamento vixente do Servizo de Deportes coa seguinte distribución:

aplicación orzamentaria	Custes fixos	% de distribución custe contrato por centro	Importe mensual máximo con IVE 12.714,08 €	TOTAL 6 MESES
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00 %	4.704,21 €	28.225,26 €
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00 %	2.669,96 €	16.019,76 €
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00 %	3.178,52 €	19.071,12 €
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00 %	2.161,39 €	12.968,34 €
		100,00 %	12.714,08€	76.284,48 €

3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato, FCC AQUALIA, S.A., deberá reaxustar a

garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.”

O correspondente contrato modificado, asínase o día 08.03.2021 e establece no seu punto 4 que o prazo do contrato rematará o 30 de xuño de 2021, estando contemplada unha prórroga dun ano (*anexado trámite número 11*).

Tendo en conta a Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia do 7.05.2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma o 9.05.2021 establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, estímase conveniente que esta prórroga inclúa os gastos derivados da modificación do contrato derivada pola situación provocada pola Covid-19, para os períodos comprendidos entre o 01.07.2021 e 31.12.2021 (76.284,48 €) e entre o 01.01.2022 ao 30.06.2022 (76.284,48 €)

En data 5.03.2021, notificouse á empresa adxudicataria o aviso previo de da 1ª prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei de contratos do sector público, sendo a aplicación de dita prórroga de obrigatoriedade para o contratista. A dita empresa comunica a aceptación da prórroga do contrato en documento número 210080952 do 10.05.2021.

A Xunta de Goberno local acorda a 1ª Prórroga do contrato con data 27 de maio de de 2021, expte. 4260-611 (*anexado trámite número 9*).

Con data de 4 .03.2022 notificouse á empresa adxudicataria o aviso previo de da 2ª prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei de contratos do sector público, sendo a aplicación de dita prórroga de obrigatoriedade para o contratista. A dita empresa solicita en documento 220053799 de data 14.03. 2022 “ *modificar el prezo del contrato con el objeto de restablecer la ruptura del equilibrio económico del contrato, en la nova prórroga solicitada, producido por el incremento de prezos de la energía, para garantizar la viabilidad del contrato y para la aceptación de la prórroga por FCC Aqualia*”.

2.- Fundamentos de dereito:

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo de produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

O Prego de Cláusulas Administrativas no **apartado 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración



Concello de Vigo

fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla a posibilidade de dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.

A empresa que presta o servizo, “**FCC AQUALIA, S.A co CIF: A- 26019992**” presentou documento 220053799 no que solicita modificación do prezo do contrato, para restablecer a ruptura do equilibrio económico do contrato, na nova prórroga, debido aos incrementos de custos do contrato derivados da enerxía para garantir a viabilidade do contrato e a aceptación da prórroga.

Tendo en conta o art.29 da LCSP e o apartado 4.c das FEC do PCAP non procede ter en conta neste expediente de prórroga a solicitude realizada pola adxudicataria ao ser a prórroga obrigatoria e debendo manterse as súas características inalterables durante a prórroga; sen prexuízo do establecido para a modificación do contrato que implicará a tramitación doutro procedemento distinto. Polo que debe desestimarse dita solicitude formulada con motivo da comunicación do aviso previo da prórroga do contrato.

Lei 2/2021, de 29 de marzo de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte a crisis sanitaria ocasionada polo Covid -19. Tendo en conta o art.2 ámbito de aplicación, apartado 1, “O establecido nesta lei será de aplicación en todo o territorio nacional” e apartado 3, “...As medidas contidas nos capítulos II, III, IV, V, VI e VII e na disposición adicional quinta serán de aplicación en todo o territorio nacional ata que o Goberno declare de forma motivada e de acordo coas evidencias científicas dispoñibles, previo informe del Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, o fin da situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19.”

3.- Desenvolvemento do contrato actual.

A empresa que desenvolve o servizo “**FCC AQUALIA, S.A co CIF: A- 26019992**” no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os traballos de acordo ós criterios marcados no prego de condicións técnicas, de xeito satisfactorio en canto a:

Plan de mantemento e organización do servizo e o plan das actividades docentes desenvolvidas.

O prezo do contrato: atópase dentro dos prezos de mercado e tendo en conta o convenio colectivo de empresa para o contrato.

4.- Prezo total do contrato dous anos

O prezo do contrato é 6.851.196,76 euros, dos que 5.015.126,76 euros corresponden ao funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato é 1.836.070 euros corresponde aos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos. O prezo unitario de monitor/hora para o pagamento dos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos é de 20,63 euros.

5.- Prezo para o período da prórroga.

5.a) Atendendo a que a segunda prórroga é por 1 ano (1-07-2022 a 30-06-2023) distribúese o importe para o período cos importes importes: 3.425.598,37 c/IVE, correspondéndolle 2.507.563,37 € ao funcionamento e mantemento das instalacións e 918.035,00 € aos servizos técnicos deportivos e docentes.

5.b) *Atendendo á modificación do contrato por circunstancias derivadas da Covid-19, inclúense os importes seguintes: 76.284,48 € para o intervalo semestral comprendido entre o 01.07.22 e 31.12.22 e 76.284,48 para o intervalo semestral comprendido entre o 01.01.2023 e o 30.06.2023. Esta aplicarásse sempre que sexa necesario por disposición legal vixente en materia COVID-19.*

6.- Financiamento do contrato.

O contrato financíase con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias do presuposto vixente:

3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3. " En particular, no se entendera como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, solicítase se proceda a tramitar a segunda prórroga do contrato "*dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes*" polo período de 1 ano, dende o 1 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas no apartado 7 á empresa **FCC AQUALIA, S.A co CIF: A- 26019992** sendo o importe total 3.578.167,33 c/IVE, correspondéndolle 2.507.563,37 € ao funcionamento e mantemento das instalacións, 918.035,00 € aos servizos técnicos deportivos e docentes e 152.568,96 € á prórroga polo período dun ano da modificación contractual derivada da Covid-19.

Polo anteriormente exposto e, conforme establece LCSP 9/2017 do 8 de novembro, propónse a Xunta de goberno Local previo informe xurídico e de intervención da seguinte proposta de acordo.

Primeiro.- Aprobar a 2ª prórroga de 1 ano para a prestación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes, da empresa FCC AQUALIA, S.A co CIF: A- 26019992, sendo o importe total do período desta 2ª prórroga por un período dun ano, de 3.425.598,37 euros con IVE, correspondéndolle 2.507.563,37 euros ao funcionamento e mantemento das instalacións, e 918.035,00 euros c/IVE ós servizos técnicos deportivos e docentes, dende o 1 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023, con cargo as seguintes partidas orzamentarias do orzamento vixente e coa seguinte distribución:



Concello de Vigo

Período 01/07/2022 a 30/06/2023

		%	importe euros
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00%	927.798,45
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00%	526.588,31
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00%	626.890,84
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00%	426.285,77
Total c/IVE		100,00%	2.507.563,37
	MONITORES		
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00%	91.803,50
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33%	104.013,36
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05%	294.230,22
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45%	196.918,51
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15%	148.262,65
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9,02%	82.806,76
Total c/IVE		100,00%	918.035,00

Período 01/07/2022 a 30/06/2023: Distribución anualidade

			Período 01/07/2022 a 31/12/2022	Período 01/01/2023 a 30/06/2023	
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00%	463.899,23	463.899,22	927.798,45
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00%	263.294,16	263.294,15	526.588,31
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00%	313.445,42	313.445,42	626.890,84
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00%	213.142,88	213.142,89	426.285,77
Total c/IVE		100,00%	1.253.781,69	1.253.781,68	2.507.563,37
	MONITORES				
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00%	41.728,86	50.074,64	91.803,50
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33%	47.278,80	56.734,56	104.013,36
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05%	133.741,01	160.489,21	294.230,22

3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45%	89.508,41	107.410,10	196.918,51
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15%	67.392,11	80.870,54	148.262,65
3420 2279913	MONITORES PISCINA VALADARES	9,02%	37.639,44	45.167,32	82.806,76
Total c/IVE		100,00%	417.288,63	500.746,37	918.035,00

Segundo.- Desestimar a solicitude da adxudicataria de modificación do prezo do contrato, para restablecer a ruptura do equilibrio económico do contrato, na nova prórroga, debido aos incrementos de custos do contrato derivados da enerxía para garantir a viabilidade do contrato e a aceptación da prórroga por FCC Aqualia.

Terceiro.- incluír nesta 2ª prórroga de 1 ano, para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023, a modificación contractual derivada da Covid-19, a cal se aplicará, sempre que sexa necesario por disposición legal vixente en materia COVID-19, polos seguintes importes: 76.284,48 € para o intervalo semestral comprendido entre o 01.07.22 e 31.12.22 e 76.284,48 € para o intervalo semestral comprendido entre o 01.01.2023 e o 30.06.2023, con cargo ás seguintes partidas orzamentarias do orzamento en vigor, de acordo coa seguinte distribución:

Período 1.07.2022 a 31.12.2022: MODIFICACIÓN CONTRACTUAL COVID-19				
Aplicación orzamentaria	Custes fixos	% de distribución custe contrato por centro	Importe mensual máximo con IVE 12.714,08 €	TOTAL 6 MESES
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00 %	4.704,21 €	28.225,26 €
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00 %	2.669,96 €	16.019,76 €
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00 %	3.178,52 €	19.071,12 €
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00 %	2.161,39 €	12.968,34 €
		100,00 %	12.714,08€	76.284,48 €

Período 1.01.2023 a 30.06.2023: MODIFICACIÓN CONTRACTUAL COVID-19				
---	--	--	--	--



Concello de Vigo

Aplicación orzamentaria	Custes fixos	% de distribución custe contrato por centro	Importe mensual máximo con IVE 12.714,08 €	TOTAL 6 MESES
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00 %	4.704,21 €	28.225,26 €
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00 %	2.669,96 €	16.019,76 €
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00 %	3.178,52 €	19.071,12 €
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00 %	2.161,39 €	12.968,34 €
		100,00 %	12.714,08€	76.284,48 €

Cuarto.- Notificar este acordo da 2ª prórroga a empresa "FCC AQUALIA, S.A co CIF: A- 26019992", nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(415).- PROXECTO DE CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA FINANCIAMENTO DO IV FORO DE EMPREGO DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS. EXPTE. 19107/77.

Visto o informe de fiscalización do 24/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 22/04/2022, asinado pola técnica de xestión, a xefa de Desenvolvemento local (Resolución 11/04/2022), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), achega solicitude para a realización da IV FORO DE EMPREGO remitida en data en data 04/04/2022 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (220067073), xuntando a seguinte documentación para tramitación do presente convenio co Concello:

- Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo publicado no BOE núm. 72 do 25 de marzo de 2019.

- Declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no art. 10, apartado 2 da Lei de Subvencións de Galicia, asinada polo Reitor da da Universidade de Vigo (en virtude de resolución reitoral do 5/07/2018 publicada no DOGA nº 129 do 06 de xullo, con NIF 33277****).

- Declaración responsable de axudas solicitadas e/ou concedidas por outras entidades públicas ou privadas para o mesmo proxecto subvencionado.

- Memoria do proxecto subvencionado

- Orzamento de ingresos e gastos

- Certificado da titularidade da conta bancaria

- Autorización expresa para consulta de datos (cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social)

Polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, en virtude de autorización de consulta de datos incorporada ao expediente, se achega:

- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal Tributaria, expedido en data 6/04/2022

- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas fronte á Seguridade Social, expedido en data 6/04/2022

- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 6/04/2022

- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte ao Concello de Vigo expedido en data 7/04/2022

II. En data 6/04/2022, o Concelleiro de Cultura e Emprego asinou a orde para que por parte da unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego se inicie expediente para a tramitación dun convenio entre o Concello de Vigo e a UNIVERSIDADE DE VIGO para contribuír ao financiamento do IV FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO .

III. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 7/04/2022, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

IV.- Consta no expediente memoria xustificativa e proposta de convenio que se propón para aprobación, asinada pola Técnica de Administración Xeral (Resolución de 25/11/2021), co conforme do Concelleiro de Cultura e Emprego.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Obxecto do convenio:

É obxecto deste expediente a concesión dunha subvención directa por importe de **9.999,44 €** á UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), que se instrumentaliza a través do convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para o financiamento do “IV FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS” durante os días



Concello de Vigo

27 a 28 de abril na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2022, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei, en atención á singularidade da entidade beneficiaria e o carácter extraordinario da subvención proposta que motiva o presente procedemento, en tanto que a alta taxa de desemprego xuvenil na cidade afronta o seu futuro consciente de que é imprescindible a cooperación das institucións universitaria e municipal para contribuír ao seu desenvolvemento económico e social, dentro das políticas municipais orientadas á ocupabilidade e inserción laboral da mocidade.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado proposto polo entidade.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura e Emprego.

Pola outra parte, asinará o convenio don Manuel Joaquín Reigosa Roger, na súa condición de reitor da Universidade de Vigo (en virtude de Decreto 59/2018 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, publicado no DOG nº 109 do 8 de xuño de 2018), segundo resultou acreditado no expediente.

IV. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

Tanto na memoria xustificativa coma no texto do convenio explíctase o título da competencia municipal, resultando unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos, reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas organizacións e entidades de todo tipo, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose no marco das políticas activas de emprego polas que a Concellería de Cultura e Emprego asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas coma a UNIVERSIDADE DE VIGO no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando nos últimos anos desde este servizo para fomento do emprego, como actividade considerada pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado en data 09/03/2012, como dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio (...)*. A este respecto, compre subliñar que a participación na formación de activos e desempregados, corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o disposto no artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.



Concello de Vigo

V. Normativa de aplicación:

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público coma privado.

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de **9.999,44 €** imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800011 – "FORO DE EMPREGO DA FACULTADE C.E. E EMPRESAR.", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, nos termos e condicións do disposto no seu artigo 6.

Non se contempla a posibilidade de tramitar un pago anticipado.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma das obras subvencionadas.

-Procedemento e competencia:

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, pois corresponde á Xunta de Goberno Local a adopción do devandito acordo de aprobación do convenio e, con carácter previo, de aprobación do gasto (artigo 31 LSG).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De acordo co art. 8.1. letra "b" da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e no que ás subvencións respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións unha vez formalizado o correspondente convenio coa entidade beneficiaria.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B).

Segundo.- Autorizar o gasto de **9.999,44 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800011 – "FORO DE EMPREGO DA FACULTADE C.E. E EMPRESAR.", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022 e, comprometer o mesmo a favor da UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio.



Concello de Vigo

Terceiro.- Facultar ao Concelleiro delegado de Cultura e Emprego, don Abel Losada Álvarez, para asinar o citado convenio, en caso de ser precisa a substitución do sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

Cuarto: Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA FINANCIAMENTO DO IV FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de concelleiro delegado de Cultura, e Emprego do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo", con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, actuando en calidade de Reitor da UNIVERSIDADE DE VIGO, con CIF Q8650002B, en virtude de Decreto 59/2018 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, publicado no DOG nº 109 do 8 de xuño de 2018, con sede en Vigo, 36310 Campus Universitario de Vigo, no seu nome e representación.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e

EXPOÑEN

Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos, reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado

laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas organizacións e entidades de todo tipo, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a busca de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose no marco das políticas activas de emprego polas que a Concellería de Cultura e Emprego asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas coma a UNIVERSIDADE DE VIGO no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

Con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando nos últimos anos desde este servizo para fomento do emprego, como actividade considerada pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado en data 09/03/2012, como prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio (...)*. A este respecto, compre subliñar que a participación na formación de activos e desempregados, corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o disposto no artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

E, de conformidade co anterior

MANIFESTAN



Concello de Vigo

I.- A UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), é unha institución de dereito público, ao servizo da sociedade, que desfruta de autonomía e está dotada de personalidade e de capacidade xurídica e de patrimonio propio, correspondéndolle a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.

De acordo co establecido nos seus Estatutos, son fins da Universidade de Vigo:

1. Crear, desenvolver, criticar e transmitir o saber mediante unha docencia e unha investigación de calidade e de excelencia.
2. Ofrecer unha educación superior de calidade que contribúa á formación integral do seu alumnado.
3. Formar para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos, técnicas e métodos científicos ou para a creación artística, de cara á inserción do estudantado no mundo laboral.
4. Contribuír ao progreso e ao benestar da sociedade mediante a produción, a transferencia e a aplicación práctica do coñecemento e a proxección social da súa actividade, con especial atención á realidade de Galicia, a súa cultura e a súa lingua.
5. Transmitir os valores superiores de convivencia, igualdade, o apoio permanente ás necesidades especiais das persoas e o fomento do diálogo, da paz e do respecto á diversidade.
6. Contribuír a unha sociedade xusta e igualitaria na que se respecte a igualdade entre mulleres e homes.
7. Proxectar nos ámbitos nacional e internacional a súa actividade establecendo relacións con outras universidades e institucións.
8. Facilitar a formación continua e a formación permanente ao longo de toda a vida das e dos profesionais e doutros colectivos sociais que demanden ensinanza superior.
9. Promover e conservar o seu patrimonio histórico e o seu entorno cultural, urbanístico e ambiental, como expresión do seu vínculo coa sociedade.
10. Fomentar o desenvolvemento sostible, a vida saudable, a cultura, o deporte e o voluntariado.
11. Configurar unha organización baseada na participación e na responsabilidade dos seus membros respecto do servizo público que debe prestar, orientada cara a cultura da calidade, do desenvolvemento persoal, da avaliación e da rendición de contas.

II. A Concellería de Emprego conta cunha longa traxectoria na convocatoria de axudas á contratación, ao fomento de emprego e á formación a desempregados, cara a súa inserción laboral, en aplicación das políticas activas de emprego desenvolvidas no seu ámbito territorial, correspondéndolle ao concelleiro delegado de Cultura e Emprego as competencias municipais en materia de Emprego, políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego, deseño e dirección das políticas activas de emprego, industria e voluntariado.

A finalidade das axudas é a de apoiar e reforzar a ocupabilidade da cidadanía no Concello de Vigo, con especial atención á mocidade por tratarse dun dos colectivos máis vulnerables no mercado laboral e con maior dificultade de acceso ao mesmo.

III. En atención á competencia municipal referida e logo da solicitude achegada pola UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), en data 04/04/2022 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (Doc. Núm. 220067073), o concelleiro delegado de Cultura e Emprego, asinou en data 06/04/2022 a orde para que por parte da unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego se inicie expediente para a tramitación dun convenio entre o Concello de Vigo e a UNIVERSIDADE DE VIGO para contribuír ao financiamento do IV FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO .

IV. Segundo reflicte a memoria remitida pola UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B) en data 04/04/2022 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (Doc. Núm. 220067073), o obxectivo que persigue o evento é achegar as empresas e despachos profesionais aos alumnos e ofrecer ás firmas a posibilidade de que se dean a coñecer e de captar talento, para facilitar o acceso ao emprego dos seus estudantes de xeito que o talento non se desperdicie na transición cara o mercado de traballo.

Conclúe sinalando que o desenvolvemento destas iniciativas é absolutamente necesario para que se produza a maior interrelación posible entre o tecido empresarial e o estudantado universitario para conseguir que os estudantes poidan contribuír ao desenvolvemento económico do noso entorno, evitando a fuga da alta porcentaxe do talento da Universidade de Vigo cara outras zonas de España e do estranxeiro.

Nesta edición, o evento se desenvolverá co obxectivo de atraer a estudantes de todas as titulacións e campus da Universidade e ao maior número de empresas, para o que se solicita o financiamento dos custes derivados de alugueiro de stands, que representa a principal partida e elemento clave no éxito do desenvolvemento do proxecto.

Polo exposto, solicitan o apoio do Concello de Vigo mediante o outorgamento dunha axuda para contribuír ao financiamento dos gastos de desenvolvemento do evento cunha dobre vertente: a de facilitar o emprego dos seus egresados e a de por en valor a calidade dos egresados da Universidade de Vigo no entorno nacional.

V. En atención aos razoamentos anteriormente expostos, o Concello de Vigo considera que o IV FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO ten un interese público e social, en tanto que a alta taxa de desemprego xuvenil na cidade afronta o seu futuro consciente de que é imprescindible a cooperación das institucións universitaria e municipal para contribuír ao seu desenvolvemento económico e social, dentro das políticas municipais orientadas á ocupabilidade e inserción laboral da mocidade.

VI.- O importe do convenio de **9.999,44 €** imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800011 – "FORO DE EMPREGO DA FACULDADE C.E. E EMPRESAR.", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022, para conceder unha subvención nominativa para a celebración do IV FORO DE EMPREGO DA FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

V.- Que a UNIVERSIDADE DE VIGO (Q8650002B), non esta incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG), áchase ao corrente



Concello de Vigo

das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A UNIVERSIDADE DE VIGO, con CIF Q8650002B comprométese a:

1º.- Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente, colaborando coa Concellaría de Cultura e Emprego do Concello de Vigo en canto á dinamización e fomento da empregabilidade de estudantes universitarios e egresados en desenvolvemento das políticas municipais orientadas á ocupabilidade e inserción laboral da mocidade de Vigo, derivado da organización do "IV FORO DE EMPREGO DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO".

2º.- Adoptar as medidas de difusión previstas na cláusula sexta.

3º.- Dispor dos permisos, autorizacións e seguros necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5º.- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e en xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6º.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.

Segundo.- **O CONCELLO DE VIGO**, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa UNIVERSIDADE DE VIGO na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

2º.- Conceder á UNIVERSIDADE DE VIGO unha subvención por importe de **9.999,44 €** con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4800011 – "FORO DE EMPREGO DA FACULTADE C.E. E EMPRESAR." mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da Intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadruar ao financiamento do "IV FORO DE EMPREGO DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA UNIVERSIDADE DE VIGO", de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menos que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta entidade no ano 2022.

Séptimo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **30 de setembro de 2022** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incurridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incurridos.



Concello de Vigo

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- Solicitud de abono da subvención.
- **Declaración responsable asinada electronicamente** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.
- **Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electronicamente** xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- **Memoria económica asinada electronicamente** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial):
 - en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
 - no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
 - de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non orzamentados na memoria

- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- En caso de exención do IVE achegárase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electronicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

- **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente de pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.



Concello de Vigo

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2022, de acordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministración ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura e Emprego. A xefatura do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Décimo sexto.- A participación do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e a entidade ou coas persoas participantes no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E , en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, na data da sinatura dixital

11(416).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO “FESTIVAL DO MAR DE VIGO – VIGO SEAFEST “2022. EXPTE. 19100/77.

Visto o informe de fiscalización do 23/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 09/05/2022, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local (Resolución 11/04/2022), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

I. No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos ós que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos, e planificación e execución de proxectos e actuacións encamiñadas á promoción do emprego e da promoción turística.

A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, deciden potenciar a inserción laboral e a creación de emprego, así como a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e súa contorna, con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos.

II. A “Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, S. COOP. G. (ARVI)”, achega memoria presentada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo con data 25 de febreiro de 2022 (COD. SOLICITUDE W663440-7327), para a realización do evento denominado “VIGO SEAFEST - FESTIVAL ARVI DO PEIXE 2022”.

III. Nos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410.470002 “Feira Vigo Industria Pesqueira (Sea Fest), por importe de 100.000,00 €.

IV. En data 08/04/2022, o Concelleiro delegado de Cultura e Emprego, resolveu iniciar expediente para a elaboración e aprobación por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, dun convenio para o desenvolvemento do “Festival do mar de Vigo – VIGO SEAFEST” do ano 2022.

V.- A tal efecto, consta no expediente “*MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO ‘FESTIVAL DO MAR DE VIGO-VIGO SEAFEST’ 2022*”, asinada pola xefa de Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 11/04/22), co conforme do Concelleiro delegado de Cultura e Emprego, e borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación, para contribuir á financiación do desenvolvemento do Festival do Mar de Vigo - Vigo Seafest 2022, relacionado coa promoción da cultura, o apoio ás iniciativas de promoción turística e a promoción do emprego.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)

- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo (LALG)
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (RLSG)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2022

II.- Obxecto do convenio:

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival “VIGO SEAFEST”, na procura do cumprimento dos obxectivos que reflicte a memoria xustificativa encamiñados a acadar os obxectivos estratéxicos e potenciar a inserción laboral e a creación de emprego, así como a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e súa contorna, con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos.

III. Interese público a satisfacer e expresión das competencias implicadas:

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

No texto do convenio explíctase o título da competencia municipal no artigo 25.2.h) da LRBRL, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, que atribúe aos concellos competencias en materia de promoción da actividade turística de interese e ámbito local. Así mesmo, o artigo 80.2.n) da LALG, en concordancia co artigo 22.2.l) e m) LRBRL indican que os concellos exercerán as súas competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.

Pola súa banda, a vixente lexislación en materia de réxime local, encomenda no artigo 31 LRBRL ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e



Concello de Vigo

adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no artigo 36 LRBRL como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

III. Convenio:

O artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) dispoñen que os convenios constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público coma privado.

No que atinxe á Administración local, o artigo 57 LRBRL dispón que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común, se desenvolverá con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar en todo caso, mediante os consorcios e convenios administrativos que se asinen.

Deste xeito, o artigo 194 da LALG establece que as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas desenvolveráse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, dispoñendo o artigo 198 da LALG que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre sí para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, coordinando así as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuir as subvencións outorgadas por unha delas con referencia ao ámbito territorial ou poboación doutra, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, compartir as sedes, locais ou edificios que sexan precisos para o desenvolvemento de competencias concorrentes, ceder e aceptar a cesión de uso dos bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores. E o apartado 3 do citado artigo dispón que as deputacións provinciais poderán subscribir, con todos ou algún dos concellos da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais e á maior eficacia na prestación destes.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e do artigo 26 da LSG, o convenio será instrumento axeitado para canalizar a concesión directa de subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, nos termos e condicións do disposto no seu artigo 6.

- Contido e tramitación:

O artigo 49 da LRXSP e o artigo 199 da LALG establecen o contido e especificacións que deberán conter os convenios.

O convenio a asinar estrutúrase nunha parte expositiva e outra dispositiva de once cláusulas. A parte expositiva dá conta das razóns de conveniencia e oportunidade que xustifican a sinatura do documento, e recolle as competencias das entidades asinantes, os antecedentes e os obxectivos que se queren acadar coa súa sinatura.

De xeito sucinto, a parte dispositiva do convenio regula o obxecto do pacto e o seu financiamento (cláusulas segunda e terceira), que se concreta no establecemento das bases para a colaboración técnica e económica entre a Deputación provincial e o Concello para a organización do evento, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da contratación ata a cantidade máxima de 155.000 € incluído o IVE, achegando 55.000 € a Deputación de Pontevedra e 100.000 € o Concello de Vigo. Recolle tamén os compromisos das partes asinantes (cláusulas cuarta e quinta) entre os que se regula o réxime de xustificación da subvención outorgada pola Deputación, a obriga da publicidade do convenio (cláusula sexta) e a compatibilidade con outras axudas e subvencións que poidan recibirse (cláusula sétima). O convenio reflicte tamén, a constitución dunha comisión de seguimento, entrada en vigor e vixencia, causas de extinción e mención ao réxime xurídico (cláusulas oitava a undécima).

O prazo de vixencia axústase ao previsto no art. 49.h) da Lei 40/2015.

Dacordo co exposto, o Concello de Vigo é concedente dunha subvención e actúa, tamén, como entidade colaboradora da subvención da Deputación provincial de Pontevedra, xa que, nos termos do artigo 12.1 da LXS, é a entidade que entrega e distribúe os fondos públicos á beneficiaria. Unha vez asinado o convenio, o concello tramitará o correspondente expediente de concesión da subvención á beneficiaria (a Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, con CIF F36608131, titular da marca "VIGO SEAFEST"), obrigándose a xustificar esta achega ante a Deputación de Pontevedra na forma prevista na cláusula cuarta do convenio.

-Procedemento e competencia:

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, por canto se refire ao establecemento da colaboración económica entre as entidades asinantes para a execución do proxecto.

Pola súa banda, a sinatura do documento corresponderá á Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do artigo 124.1 da LRBRL, que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura e Emprego, en virtude das competencias delegadas mediante Decreto da Alcaldía do 17/08/2020.



Concello de Vigo

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Dacordo co art. 8.1. letra "b" da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e no que ás subvencións respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións unha vez formalizado o correspondente convenio coa entidade beneficiaria.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar o convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival do Mar de Vigo "*VIGO SEAFEST - FESTIVAL ARVI DO PEIXE 2022*", transcrito no Anexo do presente.

Segundo.- Solicitar da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival do Mar de Vigo "*VIGO SEAFEST - FESTIVAL ARVI DO PEIXE 2022*".

Terceiro.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo

Cuarto.- Remitir o convenio unha vez asinado á Concellería de Xestión Municipal, aos efectos de publicidade.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO "FESTIVAL DO MAR DE VIGO-VIGO SEAFEST 2022"

En _____, ___ de _____ de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

EXPOÑEN

I.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos ós que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos, e planificación e execución de proxectos e actuacións encamiñadas á promoción do emprego e da promoción turística.

II.-Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, deciden potenciar a inserción laboral e a creación de emprego, así como a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e súa contorna, con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos.

Neste sentido a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 25.2.h) e i) e a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, artigos 3 e 5, regulan as competencias propias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e de feiras, no que interesa ao presente convenio para fomento do emprego por mor do desenvolvemento do terceiro Festival do mar "VIGO SEAFEST"-2022 e cunha indubidable repercusión na promoción turística da cidade e das Rías Baixas.

Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31



Concello de Vigo

da Lei 7/1985, de 2 de abril, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. Asemade a Deputación amosa o seu interese na promoción do conxunto dos destinos turísticos da provincia, mediante o fomento da marca Turismo Rías Baixas.

III.- Que o Porto de Vigo constitúe o principal centro de distribución da pesca europea, así como un porto transatlántico consolidado, que promove o carácter da cidade como destino turístico. Pese a estas oportunidades, Vigo carece dun festival de verán coherente coa identidade pesqueira e marítima da cidade. Á vista desta situación a Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo, pretende celebrar os 7, 8, 9 e 10 de xullo de 2022 un festival do mar en Vigo coa denominación "*VIGO SEAFEST*", co obxecto de dar a coñecer os produtos pesqueiros locais e a cultura gastronómica en torno a eles. Esta cita representa unha oportunidade para potenciar o emprego nas empresas pesqueiras e o turismo en Vigo e nas Rías Baixas, especialmente no eido dos festivais relacionados cos sectores primarios, aspirando incluso nunha cita de carácter internacional.

Que os festivais relacionados co sectores primarios teñen cobrado gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que os converte en escaparates ao turismo para as cidades que os promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, turismo gastronómico e de festivais, en constante crecemento, non resulta accesible para os canles tradicionais de promoción, tanto por custe como impacto. En consecuencia, a colaboración mediante a tramitación dun convenio co evento semella a ferramenta idónea para maximizar a repercusión que supón este evento na consolidación das empresas e do emprego, así como do turismo nas Rías Baixas e Pontevedra como destino turístico.

VI.- Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións. Á vista desta situación a "Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, ARVI", propón a celebración deste evento, que se presenta coma unha gran oportunidade para potenciar o emprego nas empresas do sector e cara a promoción do turismo en Vigo e nas Rías Baixas.

En consecuencia, a colaboración mediante a tramitación dun convenio semella a ferramenta idónea para maximizar a repercusión que supón este evento na consolidación das empresas do sector da restauración e do emprego, así como do turismo nas Rías Baixas e Pontevedra como destino turístico.

V.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2022, contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

VI.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos obxectivos estratéxicos a promoción do emprego e o apoio as iniciativas de cualificación turística, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes:

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración os días 7, 8, 9 e 10 de xullo de 2022 do festival "VIGO SEAFEST", na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Promoción dos produtos pesqueiros locais e da cultura gastronómica en torno a eles.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica da pesca e dunha produción sostible.
- Fomento do consumo de peixe como alimentación saudable e nutritiva, así como do seu potencial na nova cultura gastronómica.
- Consolidación do emprego mediante a promoción das empresas e marcas pesqueiras locais.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico, con especial atención ó turismo gastronómico.

SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da organización do evento ata a cantidade máxima de CIENTO CINCUENTA E CINCO MIL euros (155.000,00 €), para o total das actuacións ás que se refire o presente convenio incluído o IVE, sendo gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o **1 de xuño de 2022 e o 15 de agosto de 2022**. No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase proporcionalmente ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte. O financiamento realizarase contra as aplicacións correspondentes dos vixentes orzamentos das administracións asinantes.

1.- A Deputación Provincial comprométese a achegar, a cantidade máxima de CINCONTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00€).

O pago realizarase contra a aplicación 22/942.9420.462.14 do orzamento provincial- A Concellos-Actividades (Vigo e Pontevedra).

2.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía de CEN MIL EUROS (100.000,00 €).

O pago realizarase contra a aplicación 2410 4700002 "FEIRA VIGO INDUSTRIA PESQUEIRA (SEAFEST)" do orzamento do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento polas administracións intervintes terá lugar co seguinte desglose:

ANUALIDADE	Entidade	TOTAL
2022	DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	55.000,00 €
2022	CONCELLO DE VIGO	100.000,00 €
TOTAL		155.000,00 €

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio coa Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, CIF F36608131. para o festival “VIGO SEAFEST”. Dita sociedade é a entidade titular da marca “VIGO SEAFEST”, polo que é titular do dereito exclusivo a utilizar dita marca no tráfico económico.

3º.- O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación Provincial e comunicarse a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º.- A Administración municipal remitira á provincial, a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo do que corresponda en exclusiva á Comisión de Seguemento do convenio, que se reunirá cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, CIF F36608131. para o festival “**VIGO SEAFEST**”. A Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, é a entidade organizadora do “VIGO SEAFEST”.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial xunto co convenio.
- Esixir que se obteñan os correspondentes permisos e que se tramiten ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación, as actuacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:

- o Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, CIF F36608131. para o festival ”**VIGO SEAFEST**”.
 - o memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;
 - o facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
 - o conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
 - o memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
 - o certificación de pagamento a favor de Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, CIF F36608131 asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
 - o calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
 - Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
 - Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
 - Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a cofinanciar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CINCUENTA MIL euros, (55.000,00€) o que supón o 35,48 % do custe da actuación, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das prestacións obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes.

Non obstante, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.



Concello de Vigo

A Deputación prestará a colaboración e facilitará tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

SEXTO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións de promoción turística incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro do festival "VIGO SEAFEST", deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do proxecto subvencionado ao que o mesmo se refire, que terá lugar os días 7, 8, 9 e 10 de xullo de 2022, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2022.

DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

- 4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.



Concello de Vigo

6º.- Polo incumprimento do convenio por parte da Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega.

UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, ante a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puidesen suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.

12(417).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS “AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2022”. EXPTE. 19079/77.

Visto o informe de fiscalización do 25/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 09/05/2022, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local (), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto:

A Concellería de Cultura e Emprego dando continuidade a súa actividade de fomento de emprego, como medida de apoio á posta en marcha de novos proxectos empresariais no municipio, desenvolve o programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2022, co obxecto de reforzar as axudas de outras administracións e favorecer o desenvolvemento do Concello de Vigo.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades

locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde a Unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoa elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomas) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional constituídas no período comprendido entre o 1 de abril de 2021 e o 31 de marzo de 2022 que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria que se achegan no expediente.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

IV. Finalidade:

Esta convocatoria pretende colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais outorgando especial atención á



Concello de Vigo

situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral, e a creación de emprego, por conta propia ou allea, tal e como recolle a base 1.6 Criterios de avaliación.

Por outra banda, esta convocatoria segue a ser relevante coa finalidade de atenuar as secuelas derivadas da crise económica xerada polo COVID-19 e o actual contexto internacional e potenciar a actividade económica do municipio apoiando a dinamización e a continuidade da actividade empresarial e o mantemento do emprego.

V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase, ao amparo do disposto nos parágrafos primeiro e terceiro do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no réxime de **concorrenza competitiva**. No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada a tal fin, a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base 1.6 e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

VI. Contido:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano Colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto da anterior convocatoria son as seguintes:

- Na *base 1.1 Obxecto* se xustifica o investimento municipal para dinamizar a actividade empresarial e o emprego do concello.
- Na *base 1.3.1* se actualiza o contido deste requisito e se vincula coa *base 4.2 Documentación*.
- Na *base 1.4. Obrigas* modifícase a redacción do segundo parágrafo para que o seu contido abarque desde a presentación da solicitude ata despois da concesión da axuda e concreta o prazo para o seu cumprimento conforme a base 1.7.
- Na *base 1.5 Tipo, contía das axudas e gastos a subvencionar* increméntase o período posterior ao inicio da actividade a 4 meses no relativo aos gastos a subvencionar o que favorecerá a aproximación da solicitante ao límite da axuda a conceder. No apartados c) y d) modifícase a redacción do último parágrafo para clarificar a xustificación do gasto nestes apartados. No apartado e) se inclúe a subvención do gasto de electricidade.
- Na *base 1.6. modifícase a denominación desta base*.
- Na *base 1.6.1 Criterios de baremación das solicitudes*, nos criterios 3 e 4 se especifica que a duración do contrato sexa "efectiva".
- Na *base 1.7 Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas* procede unha modificación da súa redacción para aportar claridade e concreción para o seu cumprimento.
- Na *base 2ª. Exclusiones e incompatibilidades* se engade un parágrafo lembrando a obriga de comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma actividade subvencionada. Tamén se elimina o último parágrafo da convocatoria anterior.

- Na base 3.1 *Instrucción e tramitación das axudas* no terceiro parágrafo especificase que a concesión das subvencións mediante a comparación das solicitudes presentadas farase no caso de non haber partida orzamentaria suficiente.
- Na base 3.2 *Comisión de Valoración e Seguimento* se incorpora o parágrafo *“A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.”*
- Na base 4.1. *Solicitudes* sintetízase o seu contido o que non resta a súa comprensión e cumprimento.
- Na base 4.2 *Documentación* se actualiza o seu contido e se organiza, sobre todo, no relativo ás facturas e xustificantes de pago dos gastos para os que se solicita a subvención. Se engade o parágrafo *“Os anexos e a documentación achegada non emitida por administracións públicas asinarase electrónicamente antes da súa presentación a través da sede electrónica do Concello de Vigo.”*
- Na base 5ª *Concesión das axudas e tramitación do pagamento* o prazo para comunicar a aceptación ou renuncia e a xustificación da subvención contarase desde o día seguinte ao da publicación do seu outorgamento. Por outro lado, se elimina o parágrafo antepenúltimo da convocatoria anterior para o caso de que a beneficiaria solicitara a devolución dos orixinais presentados, toda vez que na actualidade a documentación orixinal a mantén a beneficiaria. No relativo ao prazo adicional para a presentación da documentación de xustificación da axuda outorgada non proceder e se elimina o texto *“A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións”* ao tratarse dunha xustificación previa ao pago da subvención concedida.
- Na base 8.1 adáptase o contido do último parágrafo para corresponderse co especificado na base 1.7.
- Na base 8.3 *Infraccións e sancións* se actualiza o seu contido.
- As bases 10ª e 11ª da convocatoria anterior se converten nas bases 10ª, 11ª e 12ª da actual convocatoria.
- Na base 12ª *Disposición final* se incorpora un novo parágrafo que recorda a necesidade de aportar toda a información e documentación que sexa requirida a efectos de fiscalización e control das subvencións.
- Nos anexos se actualiza e organiza o contido conforme o texto das bases reguladoras.

En xeral, realizáronse correccións e adaptacións nalgúns parágrafos para unha maior comprensión do texto e a correspondente actualización de datas.

VII. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2022 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non



Concello de Vigo

básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

Para a convocatoria do ano 2022 destas "Axudas Municipais á Creación de Empresas" destínase un importe total de 335.000,00 € (trescentos trinta e cinco mil euros), da partida orzamentaria 2410 470 00 01 denominada "Axudas á creación de empresas" do vixente orzamento do 2022.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitiuse o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

IX. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Axudas municipais á creación de empresas" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org. Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org.
- Os modelos normalizados para a presentación das solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

X. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o gasto por importe total de 335.000,00 € (trescentos trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2022.

SEGUNDO. Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2022, no ámbito dos programas de fomento do emprego, que se achegan no expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e as bases reguladoras da convocatoria das "Axudas Municipais á Creación de Empresas" en:

1. A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
2. As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
3. Os modelos normalizados de solicitude facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2022
BASES REGULADORAS**



Concello de Vigo

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1. Obxecto
- 1.2. Beneficiarias
- 1.3. Requisitos
- 1.4. Obrigas
- 1.5. Tipo, contía das axudas e gastos a subvencionar
- 1.6. Criterios obxectivos de concesión
- 1.7. Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas

Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 3.1. Instrución e tramitación das axudas
- 3.2. Comisión de Valoración e Seguimento

Base 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- 4.1. Solicitudes
- 4.2. Documentación
- 4.3. Prazo de presentación

Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

Base 6ª. PUBLICIDADE

- 6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras
- 6.2. Publicidade das subvencións outorgadas
- 6.3. Publicidade do financiamento público

Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Base 8ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Base 10ª. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Base 11ª. DISPOSICIÓN ADICIONAL

Base 12ª DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

ANEXO I. Solicitud

ANEXO II. Declaración responsable

ANEXO III. Memoria xustificativa do proxecto empresarial

ANEXO IV. Relación de facturas presentadas

ANEXO V. Declaración responsable de non dedución de IVE

ANEXO VI. Consulta do padrón municipal

ANEXO VII. Declaración responsable do perceptor (*xustificación*)

ANEXO VIII. Declaración responsable doutras axudas e de axudas en réxime de minimis (*xustificación*)

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. Obxecto

A presente disposición ten por obxecto establecer as bases reguladoras e proceder á convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2022 para o desenvolvemento e o fomento do emprego do Concello de Vigo.

A súa finalidade é colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais e contribuír na dinamización da actividade empresarial e do emprego que padece a crise económica xerada polo COVID-19 e do actual contexto internacional.

1.2. Beneficiarias

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Para acollerse a esta axuda a persoa física ou xurídica terá que iniciar a súa actividade empresarial no termo municipal de Vigo entre o **1 de abril de 2021 e o 31 de marzo de 2022** (entendendo por inicio da actividade o alta no IAE), terá viabilidade técnica, económica e financeira e cumprirá coas obrigas e requisitos establecidos.

1.3. Requisitos

1. Que a persoa desenvolva a súa actividade no término municipal de Vigo con data anterior ao inicio do prazo de presentación da solicitude, o que resultará acreditado mediante a documentación esixida no punto 4.2 destas Bases.
2. Que sexan empresas de nova creación incluíndo, neste concepto, os traspasos de negocios.



Concello de Vigo

3. Que a persoa promotora cree o seu propio posto de traballo e estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial, en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de varias persoas promotoras como mínimo o 50% do capital social da empresa será de titularidade de persoas que previamente estivesen en situación de desemprego.
4. Que se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, a empresa e os/as promotores/as; **no caso das formas xurídicas SL, SLL e SA só referirse á sociedade.** Cada interesada autorizará, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social que reflectirá no Anexo I. Noutro caso, xuntará a correspondente certificación que acredite que está ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
5. Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade. Entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE). Este requisito non se aplicará cando a actividade empresarial anteriormente desenvolvida fose realizada por persoas autónomas colaboradoras ou por persoas promotoras non traballadoras na empresa cunha porcentaxe de participación igual ou inferior ao 10% do capital social da empresa.
6. Que ningún promotor recibise a subvención do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas do Concello de Vigo nos 4 anos anteriores á data de inicio da nova actividade.
7. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.
8. Non poderán obter a condición de beneficiaria a empresa, independentemente da súa forma xurídica, na que concorran algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 10, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) (nin a empresa nin os/as promotores/as).

A solicitante deberá coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para cumprir coas súas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

1.4. Obrigas

De acordo co establecido nos artigos 14 LXS e 11 LSG serán obrigas da beneficiaria:

- Manter a actividade empresarial, cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención durante un tempo non inferior a 6 meses desde a data de concesión desta axuda, salvo cesamento por causas alleas a súa vontade e que deberá acreditar.
- Comunicar á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas, no prazo dun mes desde a súa modificación.
- Declarar as subvencións e axudas solicitadas ou concedidas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

- Para os efectos de difusión pública figurará de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo modelo normalizado subministrado pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego que deberá manterse exposto ata o 31 de maio de 2023.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o que deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Proceder ao reintegro, total o parcial, da subvención percibida nos supostos previstos nos artigos 36-37 da LXS e 32-33 da LSG e nos casos previstos nestas bases reguladoras e convocatoria.

1.5. Tipo, contía das axudas e gastos a subvencionar

As axudas teñen por finalidade subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. **A contía máxima da axuda por todos os conceptos a subvencionar será de 3.000 €** para a beneficiaria e **non superará o 50% dos gastos efectuados** durante o período indicado nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado.

Subvencionarase ó 50% dos gastos da posta en marcha e funcionamento da empresa correspondentes aos tres meses anteriores e aos catro meses posteriores ao inicio da actividade empresarial, agás os gastos de constitución e apertura que poderán corresponder ao período comprendido desde os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación da solicitude.

Gastos a subvencionar:

a) Gastos de constitución e apertura

Subvencionarase ó 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- a1. Honorarios e gastos de proxectos técnicos
- a2. Honorarios do Rexistro Mercantil
- a3. Honorarios de notaría

b) Existencias iniciais de mercadorías.

Subvencionarase ó 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción ou servizo, así como a subscripción a revistas e libros profesionais.

c) Gastos de alugueiro:

Subvencionarase ó 50% dos seguintes gastos de alugueiro, sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa:

- c1. Inmóbles e locais
- c2. vehículo industrial



Concello de Vigo

c3. aplicacións e equipos informáticos e outros equipos audiovisuais.

Achegarase o xustificante do gasto e, de ser o caso, o contrato de arrendamento correspondente. Non se subvencionarán os conceptos de fianzas e garantías.

d) Primas de seguros

Subvencionarase ó 50% dos gastos de contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial (seguro do local, de responsabilidade civil e calquera outro afín e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).

Achegarase o xustificante do gasto e documento acreditativo da póliza concertada para a que se solicita subvención. Subvencionarase tendo en conta o importe efectivamente aboadado.

e) Gastos da actividade:

Subvencionarase ó 50% dos seguintes gastos derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- e1. hosting e servizos web
- e2. papelería e material de oficina
- e3. asesoría
- e4. formación e cursos recibidos (*directamente relacionados coa actividade a desenvolver*)
- e5. gastos de difusión da actividade empresarial

f) Dereitos de propiedade industrial

Subvencionarase ó 50% dos seguintes dereitos:

- f1. patentes
- f2. modelos de utilidade
- f3. deseño industrial
- f4. marcas de produtos ou servizos
- f5. nomes comerciais
- f6. dominio en Internet

Todos os gastos referidos poderán ser subvencionados sempre que as facturas estean expedidas a nome da solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa ademais de cumprir cos requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, tal e como se recolle na base 5ª.

Todas as facturas deberán indicar o seu importe en euros ou, no seu defecto, presentar xunto coa factura xustificante de pagamento acreditativo do seu valor correspondente en euros.

Non se admitirán como xustificantes de gasto albaráns, notas de entrega nin facturas proforma. Tampouco se admitirán os pagos en efectivo.

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos a subvencionar anteriormente relacionados, e en ningún caso consideraranse gastos a

subvencionar os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. No caso de dúbida relativa a estes gastos será a Comisión de Valoración quen decida.

1.6. Criterios obxectivos de concesión

1.6.1. Criterios de baremación das solicitudes

A concesión das axudas realizarase a través da comparación das solicitudes presentadas e graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. Persoas emprendedoras co certificado do Concello de Vigo necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia e/ou que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (ata 10 puntos).

Persoas emprendedoras que obtiveron o certificado emitido polo concello de ILE	4 puntos
Persoas emprendedoras que obtiveron o certificado emitido polo concello de PEIM	6 puntos

2. Situación social das persoas promotoras que crean o seu posto de traballo (ata 20 puntos).

Avaliarase na medida na que as persoas promotoras autoempregadas acrediten a súa pertenza a colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Persoa desempregada de longa duración ⁽¹⁾
- Que sexa o seu primeiro emprego
- Menor de 30 anos
- Maior de 45 anos
- Muller
- Discapacitado/a⁽²⁾
- Persoa pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social ⁽³⁾
- Persoa que esgotase a súa prestación de desemprego ou subsidio⁽⁴⁾
- Persoa que forme unha familia monoparental ⁽⁵⁾
- Persoa que forme unha familia numerosa ⁽⁶⁾
- Vítima de violencia de xénero ⁽⁷⁾

Por cada condición que reúna cada unha das persoas promotoras autoempregadas	2 puntos
--	----------

3. Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración efectiva ata a data límite de presentación da solicitude (ata 20 puntos). No caso de xornadas parciais puntuarase de xeito proporcional, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio de aplicación correspondente.

Por cada emprego creado, por conta propia ou allea, a tempo completo de duración mínima de 3 meses	2 puntos
--	----------



Concello de Vigo

4. Persoas promotoras autoempregadas e persoas traballadoras contratadas por conta allea e/ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa, por un período efectivo mínimo de 3 meses que estean empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos). No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.

Por cada persoa, promotora autoempregada e/ou contratada por conta allea ou persoa autónoma colaboradora vinculada á empresa, empadroada no Concello de Vigo	2 puntos
--	----------

5. Polo emprego da lingua galega no desenvolvemento da actividade empresarial (2 puntos).

Para puntuar neste criterio achegarase calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, cartelería, ...).

Emprego da lingua galega no desenvolvemento da actividade empresarial	2 puntos
---	----------

6. Que a solicitude presentada estea completa, sen ter que facer ningún tipo de requirimento (2 puntos).

Presentación de solicitude completa que non precisa facer requirimento	2 puntos
--	----------

⁽¹⁾ *Parados/as de longa duración serán aqueles que estivesen sen traballo durante polo menos 12 dos anteriores 16 meses, se a súa idade fose igual ou maior de 25 anos, e 6 dos últimos 8 meses se fosen menores de 25 anos.*

⁽²⁾ *Terá a condición de persoa con discapacidade aquela que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou maior que o 33% e o acredite de xeito documental.*

⁽³⁾ *Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.*

⁽⁴⁾ *Acreditarase esta condición mediante a certificación do servizo Público de Emprego Estatal do feito do esgotamento da prestación por desemprego de nivel contributivo e/ou do subsidio de desemprego e a data de remate da súa percepción.*

⁽⁵⁾ *Considerarase familia monoparental aquela que reúna as condicións da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia. A condición de familia monoparental acreditarase mediante o xustificante de empadramento conxunto que non será necesaria si presenta asinada a consulta do Anexo VI. No caso de familia monoparental empadroada nouro concello será necesario aportar o xustificante de empadramento conxunto do seu concello.*

⁽⁶⁾ *A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido ao efecto.*

⁽⁷⁾ *Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.*

1.6.2. Criterios para o outorgamento das axudas segundo o baremo

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación.

Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.5. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dous ou máis solicitantes acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas teranse en conta os seguintes criterios de desempate na orde de prelación na que se relacionan:

- 1º. Puntuación máis alta no número de postos de traballo creados.
- 2º. Puntuación máis alta respecto á situación social das persoas promotoras que se autoempreguen.
- 3º. Puntuación máis alta en relación ás persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa empadroadas no Concello de Vigo.

De continuar o empate, repartirase a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería, no caso de que houbera orzamento, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

1.7. Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas

Comunicarase o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude que determinará a desestimación da axuda ou a modificación da resolución de concesión.

Calquera alteración nas condicións tidas en conta para a concesión desta subvención comunicarase á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego no prazo dun mes desde a súa modificación.

A persoa manterá a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un período mínimo de 6 meses desde a data de outorgamento da axuda.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada, antes do período de **3** meses desde a data de concesión da axuda será causa de reintegro total da subvención. A partir do dito prazo de 3 meses, salvo tamén causa xustificada ou que o incumprimento das condicións se aproximase substancialmente ao cumprimento, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego realizará as comprobacións que estime oportunas, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.



Concello de Vigo

En todo caso, se a Administración municipal apreciase mala fe ou fraude nos motivos do cese da actividade ou do cumprimento das condicións da subvención procederá ao reintegro do importe íntegro da subvención.

Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES.

➤ O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos a subvencionar polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.
- Segundo o Regulamento UE Núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352/1, do 24 de decembro de 2013), cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de “minimis”, por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 200.000€ nun período de tres exercicios fiscais, ou 100.000€ no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

➤ Excluiranse as solicitudes presentadas por persoas socias de sociedades mercantís, cooperativas e sociedades laborais e os autónomos colaboradores.

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

3.1. Instrución e tramitación das axudas

- O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local e da publicación das presentes bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.
- A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que

desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

- As solicitudes tramitaranse en réxime de **concorrenza competitiva**; no caso de non haber partida orzamentaria suficiente, a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base 1.6 e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrenza, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.
- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellería de Cultura e Emprego, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales e ata esgotar o crédito dispoñible da convocatoria, formulará a proposta de resolución de concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.
- Os trámites administrativos do presente procedemento realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica e remitirase a interesada o aviso da posta á disposición da notificación á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista da cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local.
- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiaria, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.



Concello de Vigo

3.2. Comisión de Valoración e Seguimento

A avaliación das solicitudes de subvención realizarase pola **Comisión de Valoración e Seguimento**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- Presidente: O concelleiro delegado de Cultura e Emprego ou persoa en quen delegue.
- Vogais: - A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que actuará como secretaria.
 - Un/Unha técnico/a da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

A comisión contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo.

O concelleiro delegado da área resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida comisión.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirlle á beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións polas que se lle concedeu a subvención.

Base 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

4.1. Solicitudes

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

As solicitudes de subvención debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente polo seu representante legal, segundo os modelos oficiais aprobados nestas bases dispoñibles na páxina web (www.vigo.org), se presentarán a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

4.2. Documentación

Para presentar a solicitude achegarase a documentación seguinte:

- **Anexo I. Solicitud:** con identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións.

- **Anexo II. Declaración responsable**

- **Anexo III. Memoria xustificativa do proxecto empresarial.**

- **Á persoa xurídica achegará:** copia do **documento de constitución** da empresa e, de ser o caso, documentación acreditativa da **representatividade suficiente para actuar en nome da entidade** de quen asina a solicitude.

- **Certificado de Situación Censal** actualizado que indique a actividade económica coa data de alta, domicilio fiscal e no seu caso do local de desenvolvemento da actividade no termo municipal de Vigo ou documento equivalente.

- **Alta no réxime da Seguridade Social ou certificado da mutualidade do colexio profesional** correspondente das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.

- **Vida laboral das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo e de todos os promotores cunha porcentaxe de participación superior ao 10%** do capital social da empresa.

- **Anexo IV. Relación de facturas presentadas**, correspondentes aos gastos a subvencionar recollidos na Base 1^a, apartado 1.5.

- **Facturas e xustificantes de pago dos gastos para os que se solicita a subvención.**

Computaranse as facturas expedidas a nome da persoa solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa e cos importes en euros (no seu defecto, achegarase xustificante de pagamento acreditativo do seu valor en euros).

As facturas, que serán orixinais, deberán cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación (non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas).

- **Facturas electrónicas e/ou copias dixitais** das facturas orixinais en papel **asinadas electrónicamente** e/ou dos demais documentos de valor probatorio equivalente **para os solicitantes obrigados e aqueles que opten voluntariamente** (art. 14.2 LPAC).

- **Facturas orixinais** polo importe total da subvención outorgada **para os solicitantes non obrigados** (art. 14.2 LPAC).

A xustificación do pagamento dos gastos obxecto da subvención **acreditarase a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento**. Nestes documentos estarán claramente identificados o emisor e o receptor do pagamento.

Non se admitirán como xustificantes de gasto os albaráns, as notas de entrega, as facturas proforma. nin os pagos en efectivo.

- **Copia da póliza do seguro e/ou do contrato de alugueiro**, de ser o caso.

- **Anexo V. Declaración responsable de non dedución do IVE** ou, no seu defecto, acordo de exención do IVE correspondente.

- **Comunicación previa** de inicio de actividade, Comunicación previa de obra ou Comunicación previa de Cambio de titularidade **cando sexa necesaria para o desenvolvemento da actividade**.

- **Certificados e/ou documentos** que a persoa solicitante estime oportunos para a súa avaliación.



Concello de Vigo

Documentación a presentar para a avaliación (base 1.6.):

- **Certificado emitido polo concello de ILE/PEIM**, declaración da súa obtención ou número de expediente da súa concesión.
- **Documentación acreditativa da situación social das persoas promotoras autoempregadas** (punto 1.6 Criterios de avaliación).
- **Anexo VI. Consulta do padrón municipal** ou, no seu defecto, **xustificante de empadramento**.
- **No caso de contratación de persoal:**

Persoal por conta allea:

1. Informe de Vida laboral completo das persoas traballadoras contratadas.
2. Copia do/s contrato/s de traballo rexistrado/s no servizo Público de Emprego (SPEG).
3. Volante de empadramento ou, no seu defecto, Anexo VI. Consulta do padrón municipal.

Autónomo/a colaborador/a:

1. Informe de Vida laboral completo.
2. Alta na Seguridade Social da persoa traballadora (no que figure o seu vínculo coa empresa).
3. Volante de empadramento ou, no seu defecto, Anexo VI. Consulta do padrón municipal.

- **Calquera medio de proba do emprego da lingua galega** na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, cartelaría, ...).
- Certificados e/ou documentos que a persoa solicitante estime oportunos para a súa avaliación.

Os anexos e a documentación achegada non emitida por administracións públicas asinaranse electrónicamente antes da súa presentación a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración quen decida.

A solicitante poderase acoller ao establecido no art. 28.2 da LPAC, no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións. A administración actuante poderá consultar ou obter estes documentos agás oposición da interesada. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible obter os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante requirirá calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Cando a documentación achegada sexa incompleta ou defectuosa requirirase á solicitante para que nun prazo improrrogable de dez días hábiles emende a falta ou presente a documentación preceptiva, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistida da súa solicitude

arquivándose previa resolución segundo o establecido no artigo 68 da LPAC, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

4.3. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciárase **a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, **ata ó 5 de agosto de 2022**.

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

1. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración.

2. O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.

Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Contra a desestimación expresa do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

3. En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da súa solicitude e será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

4. **A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos**, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiaria, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.



Concello de Vigo

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiaria, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

5. A beneficiaria da axuda está obrigada **no prazo de dez días** a contar **desde o día seguinte ao da súa publicación** a comunicar á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego a aceptación ou renuncia da axuda por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte **documentación para a xustificación da subvención**, no prazo sinalado:

a) **Anexo VII. Declaración responsable do perceptor**, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que a documentación dixital que se achega é fiel reprodución da documentación orixinal e son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.
- Que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas cumpren o establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación; ou relación clasificada dos gastos totais, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a solicitante acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se considerarán gastos a subvencionar os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse a tal efecto Anexo V. Declaración responsable de non dedución do IVE ou acordo de exención do IVE).

A beneficiaria poderá solicitar os datos necesarios para cubrir este anexo á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego. O anexo presentarase asinado e con data actualizada.

b) **Anexo VIII. Declaración responsable doutras axudas e de axudas en réxime de minimis,**

c) **Fotografía do cartel** informativo da subvención colocado nun lugar visible do local. O cartel informativo será subministrado pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego e deberase manter exposto cando menos ata o 31 de maio de 2023.

O **prazo** para a **presentación** desta documentación será de **10 días hábiles** a contar **desde o día seguinte ao da publicación** da concesión da correspondente axuda.

Conforme establece o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á beneficiaria das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo do seguimento do mantemento das condicións ou tratamento da subvención durante o prazo establecido.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Base 6ª. PUBLICIDADE

6.1. Publicidade da convocatoria e bases reguladoras

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.



Concello de Vigo

Estas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org,

6.2. Publicidade das subvencións outorgadas

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Edictos e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiaria, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

A publicidade das axudas que se concedan ao amparo destas bases reguladoras e convocatoria estará suxeita aos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.3. Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un **cartel**, de forma visible, informativo da súa participación na convocatoria de "**AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2022**" do Concello de Vigo. A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego subministrará o modelo normalizado do cartel. O cartel informativo da subvención manterase exposto, cando menos, ata o 31 de maio do 2023.

Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As entidades solicitantes e beneficiarias poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Base 8ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN.

8.1. Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro:

O incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a persoa reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

No caso da percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro total ou parcial da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á beneficiaria co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro



Concello de Vigo

incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederase de conformidade co punto 1.7. destas bases.

8.2. Renuncia:

A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da correspondente renuncia cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura e Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.

8.3. Infraccións e sancións:

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o previsto na Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria rexerese polas súas bases, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Base 10ª. CRÉDITO ORZAMENTARIO

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 470.00.01 "Axudas á creación de empresas" do vixente orzamento, cun importe total de **335.000,00 €** (trescentos trinta e cinco mil euros).

Base 11ª. DISPOSICIÓN ADICIONAL

A presente convocatoria e as axudas outorgadas ao abeiro dela cumpriran as directrices establecidas na comunicación da Comisión relativa ás axudas de "minimis".

Base 12ª. DISPOSICIÓN FINAL

A beneficiaria deberá facilitar toda a información e documentación que, en relación ao expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as beneficiarias das subvencións outorgadas.

CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2022

Primeiro. Obxecto

O Concello de Vigo convoca subvencións para a concesión de axudas económicas ás empresas de nova creación constituídas legalmente como tales coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais no actual contexto de crise económica xerada polo COVID-19 e da actual situación internacional.

Para acollerse a esta axuda a persoa física ou xurídica terá que iniciar a súa actividade empresarial no termo municipal de Vigo entre o 1 de abril de 2021 e o 31 de marzo de 2022 (entendendo por inicio de actividade o alta no IAE), terá viabilidade técnica, económica e financeira e cumprirá coas obrigas e requisitos establecidos nas bases reguladoras, entre os que cabe subliñar:

1. Que a persoa desenvolva a súa actividade no término municipal de Vigo con data anterior ao inicio do prazo de presentación da solicitude.
2. Que a persoa promotora cree o seu propio posto de traballo e estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial, en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de varias persoas promotoras, como mínimo o 50% do capital social da empresa será de titularidade de persoas en situación de desemprego.
3. Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coas administracións local, autonómica e estatal e coa Seguridade Social.
4. Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.

Segundo. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Terceiro. Réxime da convocatoria.

A convocatoria realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

Cuarto. Normativa e Bases reguladoras.

Esta convocatoria rexerese polas súas bases, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006;



Concello de Vigo

polas Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Quinto. Contía

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.01 denominada "Axudas á creación de empresas" do vixente orzamento, cun importe total de **335.000,00 €** (trescentos trinta e cinco mil euros).

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 3.000€ por empresa beneficiaria e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados nin exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

Subvencionarase o 50% dos seguintes gastos correspondentes aos tres meses anteriores e aos catro meses posteriores ao inicio da actividade, agás os gastos de constitución e apertura, que poderán corresponder ao período comprendido dende os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes:

- a) Gastos de constitución e apertura
- b) Existencias iniciais de mercadorías
- c) Gastos de alugueiro
- d) Primas de seguros
- e) Gastos da actividade
- f) Dereitos de propiedade industrial

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación. Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto nas bases reguladoras, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciarase **a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, **ata ó 5 de agosto de 2022**.

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo

Común das Administracións Públicas (LPAC) deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego será a encargada da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, fará a súa proposta de outorgamento das axudas. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que a emende no prazo máximo de dez días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán realizarse a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítirase á interesada os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A unidade de Desenvolvemento Local e Emprego realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, no prazo de nove meses desde o remate do prazo de solicitude destas axudas, será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPAC.

Oitavo. Criterios de valoración

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinada para tal fin no presente exercicio.



Concello de Vigo

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación. Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto nas bases reguladoras, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta os seguintes criterios de desempate:

1º. Puntuación máis alta no número de postos de traballo creados.

2º. Puntuación máis alta respecto á situación social das persoas promotoras que se autoempreguen.

3º. Puntuación máis alta en relación ás persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa empadroadas no Concello de Vigo.

De continuar o empate, repartirase a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería no caso de que houbera orzamento, todo iso sempre ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Emprendedores/as co certificado do Concello de Vigo necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia e/ou que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (ata 10 puntos).

2. Situación social das persoas promotoras que crean o seu posto de traballo (ata 20 puntos).

Esta puntuación valorarase na medida na que se acredite que as persoas promotoras autoempregadas sexan pertencentes aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Persoa desempregada de longa duración
- Que sexa o seu primeiro emprego
- Menor de 30 anos
- Maior de 45 anos
- Muller
- Discapacitado/a
- Persoa pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social
- Persoa que esgotase a súa prestación de desemprego ou subsidio
- Persoa que forme unha familia monoparental
- Persoa que forme unha familia numerosa
- Vítima de violencia de xénero

3. Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 20 puntos). No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.

• Que as persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa por un período mínimo de tres meses estean empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos). No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas

semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.

5. Polo emprego da lingua galega no desenvolvemento da actividade empresarial (2 puntos). Para puntuar neste criterio achegarase calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, cartellaría...).

6. Que a solicitude presentada estea completa sen ter que facer ningún tipo de requirimento (2 puntos).

Noveno. Outros datos

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa publicación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

Décimo. Publicación

As Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE DD/MM/AAAA, POLO QUE SE CONVOCAN AS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2022

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as persoas físicas (autónomos/as) e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.



Concello de Vigo

Segundo. Obxecto

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrència competitiva e atendendo a criterios obxectivos, de axudas económicas ás empresas de nova creación constituídas legalmente como tales coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais no actual contexto de crise económica xerada polo COVID-19 e da actual situación internacional.

A tal efecto, para acollerse a esta axuda a persoa física ou xurídica terá que iniciar a súa actividade empresarial no termo municipal de Vigo entre o 1 de abril de 2021 e o 31 de marzo de 2022 (entendendo por inicio de actividade o alta no IAE) terá viabilidade técnica, económica e financeira e cumprirá coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras, entre os que cabe subliñar:

1. Que a persoa desenvolva a súa actividade no término municipal de Vigo con data anterior ao inicio do prazo de presentación da solicitude.
2. Que a persoa promotora cree o seu propio posto de traballo e estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial, en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de varias persoas promotoras, como mínimo o 50% do capital social da empresa será de titularidade de persoas en situación de desemprego.
3. Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coas administracións local, autonómica e estatal e coa Seguridade Social.
4. Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.

Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de dd/mm/aaaaa, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

Cuarto. Contía

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.01 denominada "Axudas á creación de empresas" do vixente orzamento, cun importe total de **335.000,00 €** (trescentos trinta e cinco mil euros).

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 3.000€ por empresa beneficiaria e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados nin exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

Subvencionarase o 50% dos seguintes gastos correspondentes aos tres meses anteriores e aos catro meses posteriores ao inicio da actividade, agás os gastos de constitución e apertura, que poderán corresponder ao período comprendido dende os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes:

- a) Gastos de constitución e apertura
- b) Existencias iniciais de mercadorías
- c) Gastos de alugueiro
- d) Primas de seguros

- e) Gastos da actividade
- f) Dereitos de propiedade industrial

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación. Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto nas bases reguladoras, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciárase **a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, **ata ó 5 de agosto de 2022**.

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

Sexto. Outros datos

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

13(418).- REINTEGRO PARCIAL DA AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2021 CONCEDIDA A MACTUM TECHNOLOGIES SL. EXPTE. 18969/77.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización do 31/05/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local (Resolución 11/04/2022), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021.

ANTECEDENTES

Con data do 05.08.2021 e documento co núm. de rexistro 210161557 a entidade Mactum Technologies SL co NIF B42881177 presentou solicitude de Axuda Municipal á Creación de Empresas 2021.

Con data do 11.10.2021 e núm. de rexistro 210206011 a entidade Mactum Technologies SL co NIF B42881177 achega certificados da súa situación tributaria coa AEAT, ATRIGA e TXSS. Con data do 21.10.2021 e núm. de rexistro 210212960 achega documentación relativa ao cumprimento da Comunicación previa do inicio da actividade. Con data do 04.11.2021 e núm. de rexistro 210223219 e con data do 05.11.2021 e núm. de rexistro 210222731 achega outra documentación para completar o expediente de solicitude (expte. 18493/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 20.12.2021, acordou concederlle unha axuda por importe de 2.049,49€.

Con data do 20.10.2020 e rexistro de saída número 104174-2021-1 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 22.12.2021 e núm. de rexistro 210293127 a entidade Mactum Technologies SL co NIF B42881177 presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada, segundo consta no expediente 18878/77 de xustificación e pago da axuda.

Con data do 02/02/2022 e núm. de rexistro 220024677, Carlos Brión Camean co NIF 52****7X en representación da entidade Mactum Technologies SL co NIF B42881177 comunica "... a renuncia parcialmente por ser incompatible ca axuda do IGAPE IG107 xa que algúns dos gastos a subvencionar son os mesmos.

3. Os gastos coincidentes e ós cales renunciámos son:

- C) Gastos de alugueiro por importe de 900 € (importe subvención)
- E5) Gastos de difusión da actividade empresarial por importe de 324, 50 € (importe subvención)

4. Po lo tanto, o importe ó que se renuncia e 1.224,50 €...”

Con data do 10/03/2022, o concelleiro delegado de Cultura e Emprego resolveu iniciar a tramitación do procedemento de revogación e requirimento de reintegro parcial da subvención concedida a Mactum Technologies SL co NIF B42881177 dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021 (expte.18293/77).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021, expediente 18293/77, establecen:

- na Base 1.4 Obrigas, serán obrigas da beneficiaria: *“Declarar as subvencións e axudas solicitadas ou concedidas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.”*
- na Base 1.7 Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas: *“... Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicarse á unidade de Desenvolvemento Local e Emprego no prazo dun mes desde a súa modificación.”*

- na Base 8.1 Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro: “O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

No caso de percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.



Concello de Vigo

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención."

- Reintegro de subvencións:

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio de expediente 18969/77, asinada polo concelleiro de Cultura e Emprego de data do 10.03.2022, ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 20.12.2021 a prol de Mactum Technologies SL, en concepto de Axuda Municipal á Creación de Empresas 2021.

Mediante notificación asinada pola técnica de administración xeral da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego en data do 14.03.2022, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

O acuse de recibo do 24.03.2022 que obra no expediente deixa constancia da recepción da devandita notificación.

Xa que logo, resulta procedente formular a proposta de acordo de reintegro parcial da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamento que consta no expediente 18969/77, de xeito que:

Examinados os expedientes núm. 18493/77 de solicitude da axuda e o expediente núm. 18878/77 de xustificación e pago da axuda concedida, así como á vista da resolución da convocatoria 2021 de Axudas para novos emprendedores cofinanciada polo FSE (expte. IG107.2021.1.939), e ao abeiro do disposto nas ditas bases reguladoras da convocatoria e da re-

gulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verifícase que resulta procedente a incoación do expediente de REINTEGRO PARCIAL por importe de 1.224,50 € correspondente ao importe de gastos coincidentes e incompatibles coa axuda do IGAPE IG107 concedida á entidade Mactum Technologies SL co NIF B42881177 e os xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	17/01/2022	Importe para o cálculo:	1.224,50€
Data fin do cálculo:	05/05/2022	Tipo deuda:	Reintegro

Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
18/01/2022	05/05/2022	108	3,75	1.224,50	13,58
				Importe total	1.238,08 €

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Concelleiro de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17.08.2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**

PRIMEIRO.- Requirir o reintegro parcial da subvención por importe de **1.224,50 €**, outorgada á empresa Mactum Technologies SL co NIF B42881177 mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 20.12.2021, e **13,58 €** correspondentes aos xuros de demora xerados desde a data do



Concello de Vigo

pago da subvención ata a data da adopción do presente acordo (expte. 18969/77), correspondente ao importe de gastos subvencionados coincidentes e incompatibles coa axuda do IGAPE IG107 concedida.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 029/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Prazos para efectuar o aboamento (art. 62.2 LXT):

Si recibe esta notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Si recibe esta notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Advertencia:

Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciárase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art. 161 LXT).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(419).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE VIGO 2022. EXPTE. 9218/335.

Visto o informe xurídico do 09/05/2022 e o informe de fiscalización do 25/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 13/04/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá resolveu en data 6 de abril de 2022 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Asociación Cultural Interfolc, para a organización do XXVIII Festival Folclórico internacional Concello de Vigo.

O Festival Folclórico Internacional recolle unha serie de actuacións en barrios e parroquias da cidade de grupos de folclore que representan a cultura doutras rexións ou países. Este programa ten sido desenvolvido en todas as súas edicións anteriores pola Asociación Cultural Interfolc (CIF G-36.892.271), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

A Asociación Cultural Interfolc está en condicións de organizar o XXVIII Festival Folclórico Internacional, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición do Festival se desenvolverá os días 21, 22, 23 e 24 de 2022, con actuacións en barrios ou parroquias do termo municipal, encadrándose así mesmo dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación da concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da LG 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.



Concello de Vigo

O obxecto deste convenio é fomentar, promocionar e achegar o folclore popular, nacional e internacional, á cidadanía.

O Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc veñen asinando dende o ano 1995 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da LG 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Asociación cultural Interfolc no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0007, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, por importe de 63.000,00 (sesenta e tres mil) euros, a favor da Asociación cultural Interfolc para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa "Festival Folclórico Internacional".

Este convenio, de carácter anual, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma (contratación dos grupos folclóricos, seguros de responsabilidade civil e de accidentes, etc...) e que, segundo a proposta de Programa e de Presuposto presentado (que figura como anexo do convenio), ascenden a 90.786,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica de 63.000,00 euros, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultado o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño de 2019.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte



Concello de Vigo

III.- A Asociación cultural Interfolc ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

IV.- O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0007, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 63.000,00 (sesenta e tres mil) euros, a favor da Asociación Cultural Interfolc para o desenvolvemento do programa "Festival Folclórico Internacional".

IX.- A Asociación Cultural Interfolc non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9218/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Asociación Cultural Interfolc comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da programación do XXVIII Festival Folclórico Internacional e, en particular a:

1º. Organizar e xestionar o programa do XXVIII Festival Folclórico Internacional que se achega ao expediente, previa selección dos grupos folclóricos participantes e aceptación da proposta polo Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadán e Festas, para as actuacións repartidas entre barrios e parroquias.

O custo total do programa ascende a 90.786,00 euros que corresponde a diferentes conceptos a contratar pola Asociación.

2º. Coordinar a organización xeral dos festivais descentralizados en barrios e parroquias e relación coas entidades beneficiarias.

3º. Participar activamente na organización, realización e execución do festival.

4º. Xestionar directamente todo o referente aos grupos folclóricos participantes no festival.

5º. Contratar os escenarios, cadeiras e equipos técnicos de megafonía e luces necesarios para as actuacións nos barrios e parroquias.

6º. Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto que se achega ao expediente.

7º. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos necesarios, así como realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento do festival.

8º. Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa do festival e deste convenio, incluídos os referentes aos dereitos de autor.

9º. Presentarlle ao Servizo de Festas a memoria de execución do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto oitavo.

10º. Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio. Así mesmo, presentar a declaración responsable á que fai referencia a disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia, relativa a festas e verbenas populares organizadas por agrupacións o asociacións de veciños/as ou por comisións de festas: *“As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións, asociacións de veciños/as ou por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación o comisión na que se relate o programa das actividades a realizarse e súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada ou solicitada pola persoa titular da instalación”*.

11º. Contratar os servizos sanitarios (ambulancias) naqueles casos que sexan necesarios.

12º. Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

13º. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do festival, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 0040-5096968 con FIATC MUTUA SEGUROS que xa consta no expediente. Así mesmo comprométese a formalizar un seguro de accidentes para os integrantes dos grupos folclóricos que participen no festival; para o cal entregará ao Concello copia desta póliza antes do inicio do festival.



Concello de Vigo

15º. Xestionar a reserva das instalacións necesarias para o desenvolvemento dos espazos que sexan necesarios.

16º. Editar o material gráfico necesario para a difusión do programa. Calquera actuación publicitaria deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Participación Cidadá e Festas.

17º. Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do Festival.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Solicitar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local naqueles lugares que sexa necesaria a criterio dos responsables dos anteditos corpos.
2. Conceder directamente á Asociación cultural Interfolc unha subvención para a XXVIII edición do Festival Folclórico Internacional por importe de 63.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución do Festival. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES69 2080 5100 1630 0009 2046 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto oitavo. O beneficiario pode solicitar un pago anticipado, de ata un máximo do 40 % da cantidade estipulada, na data de sinatura do presente convenio, no momento da xustificación procederase a tramitación do pagamento final pola cantidade restante.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- De conformidade co disposto no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, relacionarase coa administración por medios electrónicos.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei xeral de subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2022, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.



Concello de Vigo

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería, pola Intervención Municipal, tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O Concello publicará á concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso e Información Pública e Bo Goberno.

Noveno.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo séxto.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2022 e non será prorrogábel.

Décimo sétimo.- Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería de Participación Cidadá e Festas queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Décimo noveno.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería Participación Cidadá e Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo.- As actuacións folclóricas con cargo a este convenio irán destinados ao público en xeral, e o acceso ás mesmas será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto onde se celebren as actuacións.

Nas actuacións que se programen deberase dar cumprimento á lexislación vixente pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxicaderivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Vixésimo primeiro.- Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Vixésimo segundo.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os



Concello de Vigo

preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

CCP/amg

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

15(420).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓNS, ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DE PEQUENO FORMATO DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS. EXPTE. 9215/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 25/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 25/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 4 de abril de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do **servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa Vigo en Festas**. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 04/04/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 4 de abril 2022.
- Memoria económica, de data 11 de abril de 2022
- Documento económico, de data 18 de abril 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 18 de abril de 2022
- Memoria xustificativa, de data 25 de Maio de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta necesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da división do contrato en **5 lotes** (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á

sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do xervizo de contratación do 25 de maio de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 25 de maio de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do **servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa Vigo en Festas**.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 25 de maio de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **119.790,00** euros, sendo o valor estimado do contrato de **99.000,00** euros con cargo a aplicación orzamentaria **3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO”** do programa orzamentario de Festas.

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 104.604,50 € (87,32 % de 119.790,00 para o ano 2022)
- 15.185,50 € (12,68 % de 119.790,00 para o ano 2023)

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

16(421).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON EMPRESAS PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9226/335.

Visto o informe xurídico do 26/05/2022 e o informe de fiscalización do 30/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 16/04/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais. (expte.- 9172-335).

Por outra banda, cada vez é máis habitual a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Neste senso o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

Esta maior implicación do sector privado en actividades de interese xeral promovidas polas administracións públicas aconsella regular dita colaboración para dotala de transparencia na súa publicidade, acceso e xestión. Por este motivo, o servizo de Festas dende o ano 2017 ven propoñendo a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

As bases reguladoras teñen por obxecto baixo o cumprimento dos principios de publicidade e concorrência establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral e que se concretan no seguintes programas:

a) Programas “**Samain**” e “**Nadal**”.

- b) Programas “Cabalgata de Reis” e “Entroido”
- c) Programa “VIGO EN FESTAS ”

A aprobación das bases que rexe a convocatoria corresponde a Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e posterior formalización do convenios subscribírase polo Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas en virtude dos decretos da Alcaldía de 26 de xuño de 2018 e de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño de 2019.

Polo polo exposto, previo informe xurídico e de fiscalización, sométese á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación o seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo.

SEGUNDO:- Ordenar a publicación das bases reguladoras e convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo, “ VIGO EN FESTAS 2022” no BOP de Pontevedra e páxina web do Concello de Vigo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO.

1.- BASES REGULADORAS.

PRIMEIRA.- FUNDAMENTO E CONCEPTO.

O art. 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos en dito artigo que, entre outras, atribúe competencias municipais propias en materia de promoción cultural e ocupación do tempo libre.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais. Estas



Concello de Vigo

dotacións económicas poderían ser susceptibles de ampliación, mediante posta en marcha de iniciativas de participación por parte do sector privado.

Por este motivo, o servizo de Festas propón a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

O artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

SEGUNDA.- OBXECTO, NATUREZA E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

As presentes bases teñen como obxecto, establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Concellería de Participación Cidadá e Festas, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral.

Terán a consideración de achegas aquelas que de forma voluntaria e no marco do convenio correspondente, efectúen as persoas xurídicas para a realización de actividades de interese sociocultural de competencia municipal. As formas de colaboración poderán ser tanto monetarias como en especie nos supostos legalmente establecidos.

Serán obxecto de colaboración as actividades de carácter sociocultural relacionadas cos programas do **Anexo I**.

TERCEIRA.- FORMA DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL.

O convenio de colaboración empresarial ten como finalidade a colaboración mediante unha achega económica voluntaria da entidade na realización das actividades programadas polo Concello de Vigo ás que se refire o Anexo I destas bases, sendo a participación do colaborador obxecto de difusión, sen que esta publicidade supoña unha contra prestación a dita achega que permita cualificalo como contrato.

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras dos convenios de colaboración empresarial as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incursas en algunha prohibición de contratar das previstas no Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A As formas de colaboración poderán ser tanto monetarias, que terán a consideración e natureza de ingreso non tributario de dereito privado, de acordo co artigo 43 do Real Decreto 500/90 de

20 de abril, como en especie. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración e poderán proceder de varios colaboradores.

Deberán formalizarse en documento administrativo, co seguintes contido mínimo:

- a) Identificación das partes.
- b) Acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o convenio.
- c) Definición do obxecto do convenio, con expresión das actividades obxecto de colaboración.
- d) Referencia á lexislación aplicable ao convenio.
- e) Compromisos asumidos polas partes.
- f) Achegas a realizar polo patrocinador, especificando a súa valoración, prazo e condicións de entrega.
- g) Programa e partida orzamentaria na que se ingresarán as achegas realizadas polo patrocinador.
- h) Prazo de realización das actividades patrocinadas, con expresión das datas estimadas para o seu inicio o finalización.
- i) Prazo de duración do convenio e datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a súa posible prórroga.
- j) Causas de resolución do convenio

Achégase no **Anexo II** o modelo de convenio de colaboración.

CUARTA.- ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE COLABORACIÓN.

Poderase colaborar nas actividades municipais relacionados no **Anexo I** destas bases.

QUINTA.- ENTIDADES COLABORADORAS

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incursoas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

SEXTA.- MODALIDADES DAS ACHEGAS.

As formas de colaboración poderán ser tanto **monetarias** como en **especie**. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración.

Sempre que a actividade o permita, as achegas poderán proceder de varios colaboradores. En tales casos, cada colaborador formalizará o seu respectivo convenio de colaboración.

SÉTIMA .- PUBLICIDADE E PRAZOS.

A publicación das convocatorias con conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas, e dos prazos de presentación de ofertas para cada unha das actividades, será no BOP Pontevedra e na páxina web municipal con arranxo ao seguinte calendario:



Concello de Vigo

- a) Para os programas “**Samain**” e “**Nadal**” o período de publicación establécese nos meses de setembro/outubro do mesmo ano no que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.
- b) Para os programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**” o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.
- c) Para o programa “**VIGO EN FESTAS** ” a publicación queda condicionada á resolución do decreto do Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas polo que se aproba as actividades que compoñen o programa antedito (expte.- 9197-335)

Para todos os supostos anteditos, o prazo para a presentación de solicitudes para cada convocatoria será de 15 días naturais contados dende o día de publicación no BOP Pontevedra.

OITAVA.- PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

As propostas serán achegadas xunto coa instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (**Anexo III**) e deberán recoller, a seguinte información:

- Razón social, CIF, enderezo, localidade, código postal.
- Nome do representante legal, DNI, teléfono de contacto, correo electrónico.
- Programa co que desexa colaborar.
- Modalidade da achega. En caso de achega monetaria a cuantificación e en caso de achega en especie, valoración económica.
- Memoria da proposta en caso de colaboración en especie.

Os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos conforme o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPC), presentarán a súa solicitude por medios electrónicos (<https://sede.vigo.org>) Noutro caso poderán presentar a súas propostas e solicitudes a través dos medios sinalados no artigo 16.4 da LPC.

Recibidas as propostas nos prazos das respectivas convocatorias, procederase a avaliación das mesmas, así como da documentación presentada polos interesados. En caso de concorrencia de varias entidades, a prioridade determinarase de acordo aos criterios establecidos na base novena e de acordo coa puntuación establecida no punto sétimo da convocatoria anual.

NOVENA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo e polo Concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas que procederán ao estudo das propostas presentadas para cada programa. Actuará como presidente o Concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas e, como secretaria, a técnica do servizo.

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:

- 1.- Avaliación para achegas monetarias: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s economicamente máis vantaxosa/s: ata 5 puntos
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos.
- c) Calidade técnica da publicidade: ata 2 puntos.
- d) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 puntos.

2.- Avaliación para achegas en especie: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa/s: ata 4 puntos.
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos
- c) A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: ata 2 puntos.
- d) Calidade técnica da publicidade: ata 1 punto.
- e) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 punto

DÉCIMA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCION

Os datos dos solicitantes e beneficiarios e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- ACHEGAS MONETARIAS.

As achegas monetarias realizadas en concepto de colaboración, terán a consideración e natureza de ingreso non tributario de Dereito Privado, de acordo co artigo 43 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril. As achegas monetarias poderán xerar créditos no estado de gastos dos orzamentos correspondentes, sempre que concorran os requisitos indispensables sinalados no artigo 44, concordantes e seguintes do citado Real Decreto.

DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO DE RESOLUCIÓN, SENTIDO DO SILENCIO ADMINISTRATIVO E RECURSOS.

Dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ata que se adopta acordo da Xunta de Goberno Local respecto da selección dos colaboradores, non poderá transcorrer máis de tres meses.

En caso de que en dito prazo non se resolva polo órgano competente, entenderase que o sentido do silencio administrativo é negativo.

Contra o acordo da Xunta de Goberno Local poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición fronte ao mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao de notificación ou publicación do acordo, ou ben recurso contencioso administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei Reguladora da Xurisdición contencioso Administrativa.



Concello de Vigo

DÉCIMO TERCEIRA.- NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN.

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa e rexeráse naquilo que non este disposto no mesmo, pola Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, y de los incentivos fiscais o Mecenazgo e en Real Decreto 1270/2003, do 10 de outubro, que contén o seu desenvolvemento regulamentario, e de forma supletoria pola Lei 9/2017 de Contratos do Sector público

2.-CONVOCATORIA PARA OS PROGRAMAS:

PRIMEIRO.- OBXECTO

A estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresariais con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral organizadas polo Concello de Vigo, a través das bases e da convocatoria anual.

SEGUNDO.- ACTIVIDADES OBXECTO DE COLABORACIÓN.

Poderán ser obxecto de colaboración as actividades municipais relacionados no **Anexo I** das bases reguladoras.

TERCEIRO.- ENTIDADES COLABORADORAS..

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incorridas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- MODALIDADES DAS ACHEGAS

As formas de colaboración poderán ser tanto **monetarias** como **en especie** nos supostos legalmente establecidos. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto de colaboración.

Sempre que a actividade obxecto de colaboración o permitan, as achegas poderán proceder de varias entidades colaboradoras. En tales casos, cada entidade formalizará o seu respectivo convenio de colaboración segundo o modelo do **anexo II**.

QUINTO.- PUBLICACIÓN, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A publicación das convocatorias con conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas, e dos prazos de presentación de ofertas para cada unha das actividades, será no BOPPO e na páxina web municipal con arranxo ao calendario recollido na base SÉTIMA:

a) Para os programas “**Samain**” e “**Nadal**” o período de publicación establécese nos meses de setembro/outubro do mesmo ano no que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

b) Para os programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**” o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

c) Para o programa “**VIGO EN FESTAS** ” a publicación queda condicionada á resolución do decreto do Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas polo que se aproban as actividades que compoñen o programa antedito (expte.- 9197-335)

Para todos os supostos anteditos, o prazo para a presentación de solicitudes para cada convocatoria será de 15 días naturais contados dende o día de publicación no BOPPO .

Os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos conforme o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPC), presentarán a súa solicitude por medios electrónicos (<https://sede.vigo.org>) Noutro caso poderán presentar a súas propostas e solicitudes a través dos medios sinalados no artigo 16.4 da LPC.

Todo isto farase mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (**Anexo III**)

SEXTO.- LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN AS BASES E FORMULARIOS:

As bases desta convocatoria están a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org), e servizo de Festas dende o día da publicación no BOPPO.

SÉTIMO.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS.

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo e polo Concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas que procederán ao estudo das propostas presentadas para cada programa. Actuará como presidente o Concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, como secretaria/a o técnico/a do servizo.

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:

1.- Avaliación para achegas monetarias: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s economicamente máis vantaxosa/s: ata 5 puntos
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos.
- c) Calidade técnica da publicidade: ata 2 puntos.
- d) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 puntos.

2.- Avaliación para achegas en especie: ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa/s: ata 4 puntos.



Concello de Vigo

- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos
- c) A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: ata 2 puntos.
- d) Calidade técnica da publicidade: ata 1 punto.
- e) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 punto

ANEXO I

ACTIVIDADES E PROGRAMAS OBXECTO DE COLABORACIÓN POR ENTIDADES PRIVADAS.

1.- CABALGATA DE REIS:

Descrición da actividade: Organización e desenvolvemento da Cabalgata de Reis que ten lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro:

Data e hora: 5 de xaneiro as 18,00 horas

Percorrido: determinarase en cada convocatoria

Temática: determinarase en cada convocatoria

Forma de colaboración: **Achegas en especie** (carroza, animación infantil o calquera outra actividade de interese xeral relacionada co evento).

Prazo de presentación de solicitudes: o establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

2.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL.

Descrición da actividade: Eventos socioculturais infantís, familiares e de público xeral desenvolvidos entre o 15 de decembro e o 8 de xaneiro.

Datas e horarios: determinaránse coa aprobación da programación.

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** para colaboración na realización de obradoiros, animacións, espectáculos de carácter familiar ou infantís, o calquera outra actividade de interese xeral relacionada coa programación de Nadal).

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

3.-ENTROIDO

Descrición da actividade: Programa de actividades relacionadas co Entroido vigués: Concursos, desfiles, concertos, entronización e enterro do Meco, carreira popular, calquera outra actividade de interese xeral relacionada co Entroido.

Datas e horarios: determinaránse coa aprobación da programación anual

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** (obradoiros, animacións, espectáculos de carácter familiar, infantís ou de público xeral, concertos de música, o calquera outra actividade de interese xeral relacionada coa programación do Entroido).

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

4.-PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”.

Descrición da actividade: Programa de actividades desenvolvidas ao longo dos meses de xullo, agosto e setembro que comprende: Concertos nacionais e internacionais no Auditorio ao Aire libre de Castrelos, actividades e espectáculos en diferentes localizacións, festas gastronómicas e outras actividades de interese xeral que poidan ser encadradas no programa “Vigo en Festas”.

As actividades que compoñan o programa “**VIGO EN FESTAS**” estarán recollidas anualmente nun decreto asinado polo Concelleiro de Participación Cidadá e Festas. A convocatoria anual de colaboracións para este programa realizarase unha vez que estea asinado o antedito decreto. (expte.- 9197-335)

Datas e horarios: Determinaranse no decreto de composición do programa VIGO EN FESTAS (expte.- 9197-335).

Forma de colaboración: Dadas as diferentes tipoloxías das actividades que compoñen o programa VIGO EN FESTAS, e tendo en conta os diferentes públicos aos que van destinadas (infantil, familiar, xuvenil, etc), as formas de colaboración (dineraria ou en especies) para cada unha das actividades que compoñen o programa, estableceranse na convocatoria anual.

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

5.- SAMAIN

Descrición da actividade: Programa de actividades destinadas ao público infantil e familiar desenvolvidas nos meses de outubro/novembro que comprende: obradoiros infantís e familiares, actuacións musicais, pasacalles, etc.

Datas e horarios: determinaránse coa aprobación da programación.

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie**

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

ANEXO II

**MODELO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E..... PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DO PROGRAMA
2022**

Vigo, ----- 2022

REUNIDOS

Dunha parte, don Pablo L. Estévez Rodríguez, na súa calidade de Concelleiro-delegado da área de Participación Cidadá e Festas do CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo,



Concello de Vigo

en virtude dos decretos da Alcaldía de 26 de xuño de 2018 e de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño de 2019.

Doutra parte, D. -----, con DNI -----, en representación da -----, CIF-----, con domicilio social na cidade da -----

MANIFESTAN

Primeiro.- O art. 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión do seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades y aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

Segundo.- Que a finalidade do convenio é acadar a colaboración da empresa-----, co Concello de Vigo no fomento de actividades socioculturais, turísticas, deportivas e principalmente festivas, todas elas de interese xeral, que se celebren na cidade de Vigo, nos termos do artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Terceiro.- Que o presente convenio constitúe un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral segundo o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro en virtude do cal o Concello de Vigo , a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades.

A difusión da participación do colaborador no marco nos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe prestación de servizos polo que se atopa excluído do ámbito de aplicación da lei 40/2015, do 1 de outubro do sector .

Cuarto.- Que o Concello ten competencia para recibir achegas económicas a tenor do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en concepto de ingreso de natureza non tributaria de dereito privado, e é unha das entidades beneficiaria de mecenado de conformidade co artigo 16 apartado b) da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Quinto.- Que por tanto, o Concello e O COLABORADOR teñen un especial interese en colaborar na citada actividade, mediante o instrumento de Convenio de Colaboración Empresarial previsto no devandito artigo 25 de Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Por todo elo, as partes intervenientes acordan subscribir o presente convenio de Colaboración con suxeición os seguintes:

PACTOS

Primeiro.- Obxecto do convenio.

O presente convenio entre o Concello de Vigo e o Colaborador en actividades de interese xeral ten por obxecto establecer a colaboración económica da actividade----- que terá lugar en Vigo o día-----de -----de 2022.

Co fin de acadar dito obxecto, o Colaborador asume o compromiso de efectuar as achegas (económicas/ en especie) que se indican no segundo pacto e o Concello a difundir a participación do colaborador, a cambio das axudas económicas para a realización das actividades de carácter-----que se pretende levar a cabo.

Segundo.- Natureza.

Ambas as dúas partes declaran que o presente convenio de colaboración en proxectos ou actividades culturais de interese social ten a natureza dos previstos na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado e que, en ningún caso, debe considerarse que persegue os fins dos contratos de patrocinio publicitario recollidos no artigo 24 de la Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade.

A tódolos efectos, a difusión da participación do Colaborador no marco do establecido no presente convenio non constitúe unha prestación de servizos.

Terceiro.- Compromisos das partes

O COLABORADOR coa sinatura do presente convenio, asume o compromiso de efectuar as achegas económicas (parciais o totais) por importe de-----() de euros ao patrocinado que serán necesariamente destinadas para este evento -----citado.

O COLABORADOR participará na actividade-----con unha achega en especie valorada en -----euros e que consistirá en-----

O importe indicado será ingresado polo COLABORADOR mediante transferencia bancaria a favor do CONCELLO na conta da oficina principal de IBAN nº ES48 2080 5000 6331 1007 0132, nos quince días naturais seguintes á sinatura do convenio. O Tesoureiro do Concello de Vigo emitirá unha certificación acreditativa do pagamento polo importe ingresado.

Cuarto.- Accións de difusión da colaboración.

En virtude do presente convenio O CONCELLO comprométese a difundir por calquera medio a participación do colaborador nas citadas actividades e en concreto-----

En especial, o Concello utilizará o logotipo do colaborador en calquera soporte que sexa utilizado para difundir as actuacións proxectadas ou en fase de realización, con especial mención, no seu caso, á avaliación da achega económica de aquela.

Quinto.- Comisión de Seguimento e duración do convenio

Ambas partes constituirán una Comisión Mixta formada por dous membros por cada unha das partes, que terá como funcións o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos asumidos polas partes. Tamén resolverá os problemas que poidan surxir no desenvolvemento do mesmo.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata a data de remate do evento.

Sexto.- Causas de resolución do convenio

Sen prexuízo das causas legais, o presente convenio poderá ser resolto polos motivos seguintes:



Concello de Vigo

- Por mutuo acordo das partes intervenientes.
- O incumprimento por calquera das partes de algunha das obrigas que se establecen neste convenio que non fora emendado nun prazo de dez días dende que se comunicase tal circunstancia á outra parte.

Sétimo.- Publicidade

Conforme ao establecido normativa sobre transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, el presente convenio será publicado na web do Concello de Vigo.

Noveno.- Protección de datos

Cada unha das partes obrigarase a cumprir coas obrigas en materia de protección de datos e acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

Décimo. Propiedade intelectual.

Ningunha das manifestacións que contén o presente convenio supón a cesión ou transmisión de calquera dereito da propiedade intelectual ou industrial, titularidade, nin do Colaborador nin do Concello.

O uso indebido ou para un fin distinto ao pactado no presente convenio, por algunha das partes, de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade industrial ou intelectual, facultará á parte prexudicada para resolver o presente convenio e pedir a correspondente indemnización de danos e prexuízos a que houbese lugar.

Úndecimo.- Normativa aplicable e xurisdición.

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración empresarial conforme o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, e artigos 111 Texto Refundido de disposicións vixentes locais, , lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, a Lei 39/2015, do 2 de novembro, de procedemento administrativo común, Real Decreto 500/90 de 20 de abril, como en especie. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración e poderán proceder de varios colaboradores.

Duodécimo - Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento

En proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio por triplicado, no lugar e data que se indican.

Pola ENTIDADE

Polo CONCELLO DE VIGO

O Concelleiro Delegado da área de
Participación Cidadá e Festas
Pablo L. Estévez Rodríguez

ANEXO III

**INSTANCIA-FORMULARIO DE
SOLICITUDE DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE
INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO.**

NOME DA ENTIDADE:
CIF.....ENDEREZO.....
LOCALIDADE.....CÓDIGO POSTAL.....

NOME DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE:.....
NIF.....TELÉFONO DE CONTACTO.....
CORREO ELECTRÓNICO

ACTIVIDADE/S OU PROGRAMA/S OBXECTO DE COLABORACIÓN:

- CABALGATA DE REIS:
- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL:
- ENTROIDO:
- PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”:
- SAMAIN:

OUTRAS PROPOSTAS NON INCLUÍDAS NA PROGRAMACIÓN ANUAL DO SERVIZO DE FESTAS:

.....
.....
.....

FORMA DE COLABORACIÓN:

- **MONETARIA:** **IMPORTE DA ACHEGA:**.....
- **EN ESPECIE:** **VALORACIÓN ECONÓMICA DA ACHEGA**

* Anexar memoria nos casos de achegas en especie e para outras propostas non incluídas no programa anual.

En, ade.....de 2022
Asdo.:

EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO

**17(422).- DOAZÓN DUNHA EDICIÓN RECOPIADA COMPLETA DA REVISTA
NÓS AO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1238/613.**

Dáse conta do informe-proposta do 04/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:



Concello de Vigo

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Código Civil.
- Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, de 8 de novembro (LCSP).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante escrito de data 17/12/2021, D. Avelino San Luis Costas realiza a oferta de doazón ao Concello de Vigo dunha edición recopilada completa da Revista NÓS consistente en seis tomos e seis apéndices ligados en pel, para a súa incorporación ao patrimonio cultural da Cidade de Vigo.

Segundo.- No expediente consta informe da técnica de Bibliotecas da EMAO de data 21 de xaneiro do 2022, en relación a doazón ofertada, no que ven a sinalar que *"estamos diante dunha publicación moi significativa da cultura galega do século XX, que se publicou entre os anos 1920 e 1936, impulsada e dirixida por Vicente Risco, tiña como un dos seus obxectivos principais universalizar a cultura galega. Foi unha publicación multidisciplinar. Os colaboradores da revista escribían sobre todas as temáticas que afectaban a Galicia. A revista converteuse nun punto de encontro entre a ciencia e as humanidades que se estaban a producir en Galicia nas décadas 20 e 30 do século XX. O seu director artístico foi Castelao creador da marca gráfica da revista cunha estética xenuinamente galega.*

Lamentablemente no noso fondo histórico conservamos só sete números da edición orixinal correspondentes aos anos 1920 e 1921, polo que considero que aínda que sexa unha edición facsímil o seu ingreso nos fondos da biblioteca pode ser moi interesante, pois non son moi abundantes as publicacións de carácter galeguista no noso fondo histórico. Incluso a idea mesma dos promotores da revista de integrar a cultura galega na cultura europea entronca directamente coa intención dos fundadores da nosa Escola de Artes e Oficios, sabedores da importancia da educación para o desenvolvemento económico, político e social de Vigo e de Galicia.

A Biblioteca Pública García Barbón-Escola Municipal de Artes e Oficios ten gran interese en fomentar o enriquecemento do seus fondos (histórico e moderno) a través de doazóns, a condición

de que ditas doazóns axústense aos principios contemplados na súa política de xestión das coleccións. A Biblioteca agradece as doazóns de material bibliográfico e a confianza depositada polos doantes para a custodia e difusión dos documentos.

A doazón aceptárase co acordo expreso do doador de que o material doado pase a ser propiedade legal da Biblioteca de xeito permanente e gratuíto.

Avaliada a oferta de doazón de D. Avelino San Luís Costas, conclúese que esta doazón é de gran interese para a nosa Biblioteca, concretamente para o fondo histórico que experimentaría un importante incremento na bibliografía relativa á cultura galega do século XX."

Terceiro.- Polo técnico responsable de Educación de Adultos e a xefa do Servizo de Educación emitiuse informe proposta o 11/02/2022 á oferta de doazón, resolvéndose polo Concelleiro delegado de Educación en data 14/02/2022, nos seguintes termos:

- Aceptar a doazón dunha edición recopilada completa da Revista NÓS, composta de seis tomos e seis apéndices ligados en pel, conforme ao seu ofrecemento de 17/12/2021 e ao informe da técnica medio de Bibliotecas de 21/01/2022.

Cuarto.- D. D. Avelino San Luis Costas achegou ó expediente declaración responsable conforme non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no art. 71 da Lei de Contratos do Sector Público.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- As entidades locais, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, teñen plena capacidade xurídica e de obrar para adquirir, poseer, reivindicar, permutar, gravar ou enaxenar toda clase de bens e dereitos (artigo 5 LBRL).

SEGUNDO.- A doazón recóllese como uns dos modos de adquisición dos bens e dereitos polas Administracións públicas, previsto no artigo 15 LPAP, 271 LALG e 10 RBEL, que constitúe un acto de liberalidade, gratuíto e unilateral, polo cal unha persoa dispoñe dunha cousa a favor de outra, que a acepta (artigo 618 Código Civil).

Así mesmo, sinálase no Código Civil que poderán facer doazóns todos os que poidan contratar e dispoñer dos seus bens, e perfeccionarse dende que o doante coñece a aceptación do donatario.(art.623 e 624).



Concello de Vigo

En canto ó ser ésta un modo de adquisición de bens a título gratuito non está suxeita a restricción algunha, dispoñéndose unicamente a limitación no suposto da suxección ou vencellamento a condición ou modalidade onerosa (art. 273 da LALG e 12.1 do RBEL).

No presente caso, a teor dos termos nos que formúlase o ofrecemento da doazón, atopámonos ante un suposto de doazón pura e simple, non existindo restricción algunha a súa aceptación, poidendo ser acordada polo órgano competente, se así o estima de interés público.

Por outra banda, consta no expediente declaración responsable efectuada polo donante conforme non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no art. 71 da Lei de Contratos do Sector Público

TERCEIRO.- O artigo 9.2 da Lei de Contratos do Sector Público, considera a doazón un contrato excluído do ámbito de aplicación de dita Lei, dispoñendo no seu art. 4 que ditos contratos regularanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

CUARTO.- Así mesmo, a doazón de cousa moble poderá facerse verbalmente ou por escrito, requeriéndose neste último caso para que surta efecto, que conste na mesma forma a aceptación (artigo 632 Código Civil), xa que a doazón so obriga ó doante e produce efectos dende a aceptación (artigo 629 Código Civil).

QUINTO.- Consequentemente co exposto, non existe inconveniente na aceptación da doazón de D. Avelino San Luis Costas dunha edición recopilada completa da Revista NÓS consistente en seis tomos e seis apéndices ligados en pel, con destino á Biblioteca Pública García Barbón/Escola Municipal de Artes e Oficios, dacordo co informe da técnica de Bibliotecas da EMAO e a proposta favorable da Concellería delegada de Educación, reseñados nos antecedentes da presente.

SEXTO.- Resulta competente para resolver sobre a aceptación da doazón plantexada, á Xunta de Goberno Local, consonte ao previsto na Disposición Adicional Segunda da LCSP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aceptar a doazón de D. Avelino San Luis Costas da edición facsímil do ano 1979 da Revista NÓS, consistente en seis tomos e seis apéndices, conforme ao seu ofrecemento de data 17/12/2021, e á proposta da Concellería delegada de Educación do 14/02/2022.

2ª.- *Proceder á catalogación técnica dos exemplares doados e a súa incorporación aos fondos da Biblioteca Pública García Barbón/EMAO, reservándose esta a súa xestión bibliotecaria.*

3º.- *Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Educación á formalización da doazón en documento administrativo, e asinamento, no seu caso, da acta de recepción dos exemplares doados.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(423).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE 46 PRAZAS DE POLICÍA LOCAL: QUENDA LIBRE DA OEP 2017-18-19, 1ª FASE. EXPTE. 39161/220.

Dáse conta do informe-proposta do 24/05/2022, asinado pola secretaria e o presidente do Órgano de Selección do proceso selectivo referido, que di o seguinte:

Dª Marilena Elsa Curbelo Gómez o día 31/3/2022, con nº de rexistro de documento W676873-2788, presenta recurso de alzada ao acordo do órgano de selección de data 4 de marzo de 2022 e publicado na paxina Web do Concello de Vigo na data 9 de marzo de 2022, e solicita que se dite resolución pola que, estimando o recurso presentado se lle declare como apta na proba de salto horizontal, ordenando que se continúe con ela o proceso selectivo e por tanto se lle convoque a realización das probas que restan.

O recurso foi presentado en tempo e forma por persoa lexitimada para elo, por tratarse dunha aspirante que participou no proceso selectivo.

1) ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO- A Xunta de Goberno Local na sesión de data 12 de marzo de 2020 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017 2018 e 2019 e, así mesmo, aprobou as bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das citadas ofertas de emprego público.

Dentro do obxecto desta convocatoria está, entre outras, a cobertura de 46 prazas en propiedade de policía local enmarcadas no grupo C subgrupo C1 de titulación; escala administración especial; subescala, servizos especiais; clase, policía local; categoría, policía local e a cubrir mediante o sistema de oposición libre, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019,

SEGUNDO- Na data 27 de novembro de 2021 realizouse no recinto ferial de Vigo IFEVI situado en Cotogrande, avenida do Aeroporto nº 772 de Vigo, o primeiro exercicio da oposición consistente en contestar por escrito, un cuestionario tipo test elaborado polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio, de 100 preguntas e 20 de reserva, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran



Concello de Vigo

os programas das bases específicas, e fixando o tempo para a súa realización en 140 minutos, e de conformidade co disposto no número IV das bases específicas.

Na mesma data se publicaron os resultados deste exercicio así como a plantilla de respostas, outorgando un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións. As alegacións presentadas foron resoltas polo órgano de selección por acordos de datas 16 de decembro de 2021 e 11 e 13 de xaneiro, publicados o día 14 de xaneiro de 2022 na páxina Web municipal.

Na mesma data publicouse a nova plantilla de corrección, debido a que algunhas preguntas foron anuladas, o modificada a resposta correcta, así como as novas puntuacións dos aspirantes obtidas da nova plantilla de corrección.

TERCEIRO: Na data 25 de xaneiro de 2022 as 9,30 da mañá foi convocado o exame de coñecemento de lingua galega para todos aqueles aspirante que no resultasen exentos por estar en posesión do Celga 4.

CUARTO: Na data 7 de febreiro de 2022 se iniciou o terceiro exercicio da oposición “ probas de aptitude física “ realizándose na data 7 de febreiro a medición dos aspirantes, na data 14 de febreiro a proba de resistencia física “ 50 metros lisos “ e na data 15 de febreiro as probas de potencia de tren superior e inferior. Nesta última proba- potencia do tren inferior- a recorrente resultou “ non apta “

QUINTO: Contra este resultado foi presentada unha reclamación pola interesada, reclamación que foi desestimada polo órgano de selección en sesión celebrada na data 4 de marzo de 2022, publicada na data 9 de marzo de 2022 y notificada a interesada na data 16 de marzo de 2022.

2) NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público
- Bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de EMPREGO Público do concello de Vigo 201, 2018 e 2019 publicadas no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra núm. 128 do 7 de xullo de 2020 e a rectificación de erros publicada no BOPP 206 de 26 de outubro de 2020.

3) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O artigo 121 da Lei 39/2015 regula o recurso de alzada dispoñendo que:

1. Las resoluciones y actos a que se refiere el artículo 112.1, cuando no pongan fin a la vía administrativa, podrán ser recurridos en alzada ante el órgano superior jerárquico del que los dictó. A estos efectos, los Tribunales y órganos de selección del personal al servicio de las Administraciones Públicas y cualesquiera otros que, en el seno de éstas, actúen con autonomía funcional, se considerarán dependientes del órgano al que estén adscritos o, en su defecto, del que haya nombrado al presidente de los mismos.

2. El recurso podrá interponerse ante el órgano que dictó el acto que se impugna o ante el competente para resolverlo.

Si el recurso se hubiera interpuesto ante el órgano que dictó el acto impugnado, éste deberá remitirlo al competente en el plazo de diez días, con su informe y con una copia completa y ordenada del expediente.

El titular del órgano que dictó el acto recurrido será responsable directo del cumplimiento de lo previsto en el párrafo anterior.”

SEGUNDA- A base décimo sétima das xerais dispón que contra a desestimación das reclamacións resoltas polo órgano de selección poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

TERCEIRA - Os recursos se presentan por quen ten a condición de interesados no procedemento e dentro do prazo legalmente establecido (Base décimo sétima das xerais da convocatoria).

CUARTA- Consonte ao disposto na base 8.1 das xerais da convocatoria corresponde a Secretaria formular a Xunta de Goberno a proposta de resolución dos recursos de alzada presentados contra as decisións dos órganos de selección.

4) CONTIDO DO RECURSO PRESENTADO: O recurso baséase nas seguintes alegacións:

A) FALTA DE COMPETENCIA TÉCNICA DA XUÍZA UTILIZADA POR PERTENCER A FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA

MOTIVOS ALEGADOS: A reclamante manifesta que a xuíza carece de competencia por pertencer a Federación Galega de Ximnasia e considera que de conformidade coas bases que rexen o proceso selectivo o salto solicitado non garda ningunha relación coa ximnasia senón co atletismo.

“Considera que de conformidad con el artículo 1 de los Estatutos de la Federación Gallega de Gimnasia, el salto que se exigía que se ha configurado como un salto atlético, no tiene encaje dentro de ninguna de las modalidades deportivas de la Federación Gallega de Gimnasia.

Por su parte, sí que tendría cabida dentro de las modalidades deportivas, competencia de la Federación Gallega de Atletismo. Así se desprende del artículo 1 de sus estatutos donde se contemplan como modalidad deportiva las pruebas de pista.

Es más, no hemos encontrado ninguna normativa relacionada con la gimnasia que regule técnicamente los requisitos de un salto como el exigido y, sin embargo, si lo encontramos entre la reglamentación reguladora del atletismo. En particular, encontramos dicha regulación en el Reglamento de Competición de World Athletics y que se puede consultar en la propia página web de la Federación Gallega de Atletismo:

<https://atletismo.gal/documentos/regulamentos/>

Asimismo, no se entiende porqué se recurre respecto de la prueba de salto horizontal a la Federación Gallega de Gimnasia cuando en otras pruebas relacionadas con el atletismo se ha solicitado por el órgano de selección informe



Concello de Vigo

a la Federación Gallega de Atletismo, y de donde resulta que se ha aplicado el reglamento al que se ha hecho referencia con anterioridad.

En consecuencia, el haber acudido a una jueza designada por la Federación Gallega de Gimnasia, tanto para la ejecución de la prueba como para la resolución de las posteriores reclamaciones, no se ajusta a derecho, puesto que la misma carece de las competencias técnicas necesarias para la correcta evaluación de la prueba y posterior valoración de las reclamaciones.

Circunstancia que convierte a la ejecución del ejercicio, así como a la posterior resolución de las reclamaciones que se hayan basado en el informe de dicha jueza, como ocurre en el presente caso, en anulables al amparo del artículo 48 de la Ley 39/2015.”

INFORME: O órgano de selección á vista do recurso de alzada presentado, e o contido do mesmo acordou na sesión celebrada na data 5 de abril de 2022, solicitar informe a xuíza da federación galega de ximnasia, o cal foi emitido na data 19 de abril de 2022 co seguinte contido en canto a falta de competencia da xuíza, asesora especialista do órgano de selección para as probas de potencia do tren inferior e superior:

“En relación con la información presentada por la reclamante respecto a la prueba de “SALTO DE LONGITUD A PIES JUNTOS” indicar que este salto no forma parte del programa de ninguna de las pruebas de atletismo que se desarrollan bajo las normas de la Word Athletics, ni de la Federación Internacional de atletismo, ni de la Federación Española de atletismo. Las pruebas de salto horizontal que conforman el programa de estas federaciones son el salto de longitud con una pierna y el triple salto (1).

La acción de saltar a pies juntos es una habilidad que aparece formando parte de técnicas de muchos deportes, entre ellos la gimnasia, y no aparece en ninguna técnica atlética.

Por lo que para su valoración está igual de capacitado tanto un juez de atletismo como un juez de gimnasia u otro deporte, ya que la acción de saltar existe en muchos deportes. En todo caso la ventaja sería para los jueces de gimnasia ya que en esta disciplina existen saltos realizados con batida de dos pies, como es el caso de la prueba.

Además los jueces de atletismo sólo valoran la distancia alcanzada por el saltador y en ningún caso la técnica ya que está es libre y el salto de longitud puede realizarse con la técnica que el saltador quiera siempre que se realice con impulso de un pie. En el caso de los jueces de gimnasia, estos están capacitados para la valoración de la correcta ejecución de la técnica de un salto, es decir de cómo se realiza correctamente, y este es el problema que ha causado la reclamación.

El salto de longitud aprobado por las normas de la Word Athletics se realiza con carrera de impulso, con impulso de una sola pierna y con

Referencia 1. World Athletics. Reglamento de competición y técnico. Edición 2020.

caída en el foso de arena con cualquier parte del cuerpo. No se especifica que parte del cuerpo debe de caer en el suelo.

“29.9 La medición de cada salto se hará inmediatamente después de cada intento válido (o después de una reclamación verbal inmediata hecha según la Regla 8.5 del Reglamento Técnico) desde la huella más próxima hecha en la zona de caída **por cualquier parte del cuerpo**, o cualquier elemento que esté unido al cuerpo en el momento en que se hace la marca, hasta la línea de batida o prolongación de la misma. La medición se efectuará perpendicularmente hasta la línea de batida o su prolongación”(1).

En el caso del salto de longitud a pies juntos, que forman parte de las pruebas físicas objeto de la reclamación, las bases indican que se debe de realizar con impulso y recepción de los dos pies. Entendiendo el pie en su totalidad y no especificando que es válido con solo una parte de los pies.

El salto de longitud a pies juntos no es ninguna prueba atlética, sino que es un test de valoración de la fuerza explosiva del tren inferior y que forma parte de diversas baterías de test estandarizados de valoración de la condición física siendo uno de los más utilizados la batería Eurofit (2)(3). El test de salto horizontal tiene como objetivo la valoración de la fuerza explosiva de la musculatura del tren inferior a partir de la distancia alcanzada durante el salto.

Como todas las pruebas de dicha batería tiene tanto una forma de realización como una forma de medición, totalmente sistematizada.”

En relación coa alegación formulada pola reclamante, relativa a porque non se recorreu a Federación Galega de atletismo como noutras probas do mesmo proceso, infórmase que no proceso selectivo obxecto deste recurso, nas probas de velocidade (carreira de 50 m lisos) e resistencia (carreira de 1000 m lisos) asesorou como especialista ao órgano de selección, a Federación Galega de Atletismo; na proba de potencia do tren superior e inferior, a Federación Galega de Ximnasia, e na proba de natación, a Federación Galega de Natación.

Referencia 2 Conseil de L´Europe (1989) EUROFIT. Revista de Investigación, Docencia, Ciencia, Educación Física y Deportiva, 12-13: 8-49.

Referencia 3. Prat, J.A. y col., Batería Eurofit 11. Estandarización y bare-mación en base a una muestra de la población catalana, Revis-ta de Investi8ación y Documentación sobre las Ciencias de E.F. y Deporte . Año 111, no 5, 1987, pp. 125-158.

B) O SALTO HORIZONTAL EXECUTADO AXUSTASE AS PREVISIÓNS DAS BASES E DO REGULAMENTO DE COMPETIÇÃO DA WORLD ATHLETICS

MOTIVOS ALEGADOS: A recorrente di que:

“En la resolución ahora recurrida se desestima la reclamación formulada al entender el órgano de selección, a la vista del informe de la jueza designada por la Federación Gallega de Gimnasia, que el salto no se ajustó de acuerdo a las bases porque, si bien las punteras de los pies han sobrepasado la línea establecida para la marca mínima,



Concello de Vigo

no así los talones. Es decir, para haber superado la prueba del salto horizontal los dos pies por completo tendrían que haberse situado por delante de la marca mínima.

La anterior resolución no se ajusta a derecho porque:

- a. Contradice las propias bases de la convocatoria.
- b. Infringe las reglas de competición World Athletics.
- c. Infringe el propio criterio fijado por el órgano de selección.

La prueba de salto horizontal se define en las bases de la convocatoria de la siguiente forma:

“C) Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal. Realizarase en ximnasio ou campo de deportes determinado polo órgano de selección, con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas. O aspirante colocarse de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cos dous pés ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña. As marcas mínimas esixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

Homes: 210 cm.

Mulleres: 185 cm.”

De la lectura de las bases se desprende:

- a. Que al realizar el salto se ha de caer con ambos pies al suelo.
- b. Que para determinar la distancia saltada se medirá la distancia entre la línea de salida hasta la marca de apoyo de caída más próximo a la línea que marca la distancia mínima a superar. Hemos de resaltar que las bases no determinan en ningún momento que el punto de apoyo haya de ser el pie completo, simplemente hacen referencia al punto de apoyo más próximo. Por tanto, lo relevante a efectos del salto es verificar el punto de apoyo más próximo a la marca resultante del salto, con independencia de si ese apoyo se realiza con la totalidad del pie o con una parte de este, por ejemplo, las punteras.

Junto con lo anterior, también han de tenerse presente las Reglas de Competición del World Athletics que, el propio órgano de selección ha tenido en cuenta en el desarrollo de otras pruebas físicas del proceso selectivo como fueron las carreras.

En el Reglamento de Competición del World Athletics actualmente vigente, que entró en vigor el 1 de noviembre de 2019, los saltos horizontales está regulados en las reglas 184 a.

En los apartados 29.8 y 29.9 se regula la medición de las distancias en los saltos horizontales, disponiendo los citados apartados lo siguiente:

“Medición de distancias:

29.9 La medición de cada salto se hará inmediatamente después de cada intento válido (o después de una reclamación verbal inmediata hecha según la Regla 8.5 del Reglamento Técnico) desde la huella más próxima hecha en la zona de caída por cualquier parte del cuerpo, o cualquier elemento que esté unido al cuerpo en el momento en que se hace la marca, hasta la línea de

batida o prolongación de la misma. La medición se efectuará perpendicularmente hasta la línea de batida o su prolongación.”

El hecho de no haberle dado publicidad al protocolo de salto al que se alude en la resolución ahora recurrida determina que por el órgano de selección se hayan vulnerado los principios de publicidad y transparencia a que aluden los artículos 32.1 d) de la Ley 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locales, y 55.2.b) del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público.”

INFORME: O órgano de selección a vista das alegacións presentadas pola recurrente é o exame do informe da xuíza da federación galega de ximnasia, emitido na data 19 de abril de 2022, en relación coa alegación formulada pola reclamante sobre que o salto horizontal executado axustase as bases que rexen o proceso selectivo, e ao regulamento de competición de World Athletics, e que informa o seguinte:

“Como se puede ver en las imágenes que se adjuntan que pertenecen al estudio realizado por La Generalitat de Catalunya, el impulso y la recepción se realiza con los dos pies, incluido el talón de los mismos. Y la medición se hace desde el talón más cercano a la línea de salida, por lo que es necesario que se apoye el talón en la recepción del mismo.



Concello de Vigo

SALTO HORIZONTAL

OBJETIVO: Determinar la potencia de piernas.

TERRENO: Superficie plana y antideslizante, con una línea dibujada en el suelo.

MATERIAL NECESARIO:


- Preferiblemente utilizar una colchoneta de judo (fina)
- Cinta métrica con precisión en centímetros.
- Tiza

DESCRIPCIÓN:

Posición inicial: El ejecutante se colocara derecho con los pies ligeramente separados y las puntas de los dedos detrás de la línea de partida.

Desarrollo:

Tomara impulso para el salto flexionando las piernas y poniendo los brazos hacia atrás. Saltara realizando una rápida extensión de las piernas y estirando los brazos hacia delante.



Finalización:

En el momento de la caída ha de mantener los pies en el mismo lugar donde ha realizado el primer contacto sin perder el equilibrio.

NORMAS:

- Al caer deberán mantener el equilibrio sin llegar a apoyarse en el suelo con 4 las manos.
- No se puede realizar un salto previo para tomar impulso.

Cualquier ejecución que difiera de la mostrada en la descripción de esa batería invalidaría el salto por no atenerse al protocolo de realización.

4. Generalitat de Catalunya. Secretaria General de l'Esport. La batería Eurofit en Cataluña (versión en español). Barcelona 1998

Como se puede observar en las imágenes la medición del salto debe de realizarse desde el talón del pie ejecutante más cercano a la línea de partida.

La propia biomecánica del salto exige, para una buena y segura recepción, la utilización de toda la cadena cinética del tren inferior incluidas todas las articulaciones del pie y tobillo en la recepción. Lo que obliga a apoyar el talón para realizar una recepción estable y sin riesgo de lesiones.

Respecto aos saltos executados pola aspirante informa o seguinte:

- **Primer salto:** la aspirante cae con las puntas de los pies (no pie completo) y sobrepasa la línea apenas 10 cm con la punta de los pies . Salto no válido, el talón esta por detrás de la línea de la marca (de ahí que la mande apoyar los talones para que se dé cuenta de lo corto del salto).

- **Segundo salto:** la aspirante vuelve a caer con las puntas de los pies, aún a riesgo de lesión, apoyando las manos. Sus talones están aún más atrás que en el primer intento. Salto Nulo por segunda vez.”

(Achéganse fotos correspondentes aos dous saltos efectuados pola recorrente, extraídas dos vídeos unidos ao expediente)

En relación coa vulneración dos principios de publicidade e transparencia alegados pola recorrente, informase que a regulación relativa a forma de realización do salto horizontal é a que figura nas bases específicas que regulan o proceso selectivo, publicadas no BOPP de data 7 de xuño de 2020, as que tiveron acceso tódolos aspirantes que participaron no proceso selectivo, sen que xurdira nin se plantexase ningunha dubida sobre as mesmas, polo que deuse estrito cumprimento aos principios de publicidade e transparencia de acordo coa normativa prevista para os procesos selectivos.

C) VULNERACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE CONSAGRADO NOS ARTIGOS 14 E 23 DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA NO QUE SE REFIRE AO ACCESO A FUNCIÓN PÚBLICA

MOTIVOS ALEGADOS: A recorrente manifiesta que:

“En el presente caso observamos que por el órgano de selección se ha dispensado un tratamiento discriminatorio y contrario a la igualdad en la valoración del salto horizontal.

A lo largo del desarrollo de la prueba, a ningún aspirante se le solicitó que apoyase la totalidad de los pies para comprobar si había superado o no la línea de batida. La única aspirante a la que se le requirió para ello fue a mí.

En consecuencia, la declaración de no apto ha de ser anulada, declarándose como apto, pues queda perfectamente constatado en los vídeos que se superó la línea de batida con las punteras, aplicando en consecuencia el mismo criterio que para el resto.

Con el objeto de acreditar las manifestaciones anteriores, me remito a los videos que obran en el expediente administrativo.”



Concello de Vigo

INFORME: O órgano de selección analiza o informe da Xuiza da federación galega de ximnasia o cal foi emitido na data 19 de abril de 2022 en relación coa alegación formulada pola reclamante sobre o tratamento discriminatorio e contrario a igualdade na valoración do salto horizontal, no que informa o seguinte:

“Cabe destacar que ninguno de los saltadores, tuvo ese problema. Los que hicieron salto nulo, fue porque pisaron antes de la línea marcada, pero ninguno utilizó esa técnica de salto, que no es propia de ningún deporte ni es recomendable.

En ningún momento se tuvo un trato discriminatorio con la recurrente por mandarle apoyar los talones; simplemente fue la única que saltó así, y si se le hizo bajar los talones fue para explicarle la nulidad del salto, solamente se le explicó el error cometido. Al resto no hubo que corregirlos”

En canto ao órgano de selección, en ningún momento do proceso selectivo, pode considerarse que tivese un trato discriminatorio nin coa recorrente, nin con ningún outro aspirante que participase no citado proceso

ACORDO: O órgano de selección, a vista do informe emitido en relación co recurso dealzada presentado; a vista da realización do proba pola recorrente na data 15 de febreiro de 2022, e visualizados novamente os vídeos no que se comproba que no momento do contacto das punteiras o chan, os talóns non chegan a sobrepasar a liña fixada como mínima, polo que de conformidade co disposto na base VIII, c,C, das bases específicas reguladoras da oposición de policía local, non supera cos dous pes a liña establecida como marca mínima para a superación da proba, acorda propoñer a Xunta de Goberno Local a desestimación do recurso de alzada interposto por D^a Marilena Elsa Curbelo Gómez

“Polo exposto, de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e as bases reguladoras do procedemento de selección PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

ACORDO:

1º DESESTIMAR o recuso de alzada, presentado por D^a Marilena Elsa Curbelo Gámez o día 31/3/2022 con nº de rexistro de documento W676873-2788, ao acordo do órgano de selección de data 4 de marzo de 2022, notificado a interesada na data 16 de marzo de 2022 polo que se desestima a súa solicitude en relación coa declaración de “ non apta “ na proba física de avaliación do potencia do tren inferior consistente nun salto horizontal e realizada na data 14 de febreiro de 2022, polos motivos expostos no presente informe-proposta.

2º A presente resolución pon fin á vía administrativa. Contra a mesma poden os interesados interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados desa clase dos de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa notificación (artigos 8.1,25.1 e 46.1 da lei 29/98 da Xurisdición Contencioso-administrativa)

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(424).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTOS DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE EN CENTROS E ACTIVIDADES DA ÁREA DE CULTURA. EXPTE. 3218/341.

Visto o informe xurídico do 19/05/2022 e o informe de fiscalización do 24/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 05/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 10 de setembro de 2020 acordou (expte 2644-341):

“ 1. “Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de agosto de 2020 de SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

2. *Adxudicar a PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L. (B-87.222.014) o procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2.644-341) coas seguintes condicións:*

- *O prezo da parte variable constituída polos servizos de vixilancia de seguridade é de 1.156.682,90 euros, sendo o importe correspondente ao IVE 200.746,62 euros, cunha porcentaxe única de redución dos prezos unitarios do 9,01 %.*
- *O prezo da parte fixa constituída polo servizo de mantemento de instalacións de seguridade é de 104.734,54 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.177,07 euros.*



Concello de Vigo

- *Propón unha bolsa de 323 horas/ano de servizos de vixilancia de seguridade, durante el período contractual, sen custo para o Concello, que se realizará en servizos en horarios distintos dos centros habituais ou en servizos que involucran reforzos nas posicións habituais derivadas das características das actividades ou de circunstancias especiais. A bolsa consistirá en:*

- a) 249 en horario laborable diúrno
- b) 74 en horario festivo diúrno

- *Comprométese a implantar un plan de formación continua do persoal en materia de seguridade de 25 horas anuais (a maiores das 20 horas lectivas anuais mínimas obrigatorias esixidas pola normativa de seguridade privada) respecto ás materias previstas no apartado 7B)3 do Anexo I -FEC- do PCAP.*

- *Propón un incremento da dotación mínima anual para corrección de incidencias menores de mantemento correctivo nos sistemas de seguridade dos centros (antiintrusión e/ou contraincendios) de 2.060,91 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

2. Con data 2 de outubro de 2020, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil *PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L.(B-87.222.014)* cun prazo de execución de DOUS anos naturais sendo a data de inicio o 2 de outubro de 2020 (cláusula 4) .

3. Por escrito de entrada na sede electrónica municipal nº 220088842, de data 4 de maio de 2022, o Sr. D. Carlos Pájaro Pol, con DNI 36.064.385V, en nome e representación da mercantil *PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L. (B-87.222.014)*, presta a súa conformidade á primeira prórroga do contrato, cunha duración de un ano, do 2 de outubro de 2022 ao 1 de outubro de 2023.

4. Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 4 de maio, dispoñendo se proceda a instruír a primeira prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfactorios acadados.

5. Esta xefatura informa que a empresa *PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L.(B-87.222.014)* ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumplimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Según o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obligatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 2 de outubro de 2020, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 2 de outubro de 2020, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha delas.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciarásese polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura de data 4 de abril de 2022 autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga do contrato dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura (expediente 2644/341), polo período dun ano, é dicir, dende o día 2 de outubro de 2022 ao 1 de outubro de 2023.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de **630.708,72 € (seiscientos trinta mil setecientos oito euros con setenta e dous céntimos)**, ivo engadido, a favor de **PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L.(B-87.222.014)**, dos que corresponden a servizos de vixilancia de seguridade: 578.341,45 €; e a servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 52.367,27 €), según o seguinte desglose de exercicios orzamentarios:



Concello de Vigo

EXERCICIO 2022 (2 de outubro ao 31 de decembro): **157.677,18 €** que se financiarían con cargo ás seguintes partidas:

- 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias: 126.800,15 € (servizos de vixilancia de seguridade: 118.670,10 €; servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 8.130,05 €).

- 3321.227.01.00 "Contratación servizos seguridade: 30.877,03 € (servizos de vixilancia de seguridade: 25.915,26 €; servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 4.961,77 €).

EXERCICIO 2023 (1 de xaneiro ao 1 de outubro): **473.031,54 €** que se financiarían con cargo ás seguintes partidas:

- 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias: 380.400,45 € (servizos de vixilancia de seguridade: 356.010,29 €; servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 24.390,15 €).

- 3321.227.01.00 "Contratación servizos seguridade: 92.631,09 € (servizos de vixilancia de seguridade: 77.745,80 €; servizos de mantemento dos sistemas de seguridade: 14.885,30 €).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar este no perfil do contratante do Concello de Vigo".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(425).- PROPOSTA PARA REQUIRIR Á EMPRESA ADXUDICATARIA DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA DO CONCELLO, POLA DEFICIENTE EXECUCIÓN DO CONTRATO. EXPTE. 3994/440.

Dáse conta do informe-proposta do 23/05/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I. Con data 31 de outubro de 2017 asinouse o contrato de obras entre o Concello de Vigo e a empresa *SCHINDLER S.A.*, adxudicataria das OBRAS DE RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA DO CONCELLO (EXPTE.: 3994/440).

II. De acordo co estipulado no punto 8 da cláusula 2 do PPT, a execución deste contrato inclúe o acondicionamento dos ascensores existentes (substitución do piso e pintado das portas e dintéis), e, de acordo co sinalado na cláusula 3.11.2 de características técnicas, inclúe tamén:

- A substitución do solo dos tres ascensores, para unificalos en calidade e acabado, con un novo elemento de calidade igual ou superior á existente nos ascensores en servizo, e da mesma cor negra.

- Como mínimo, a execución do contrato inclúe a substitución do chan dos tres ascensores en material silestone.

III. A oferta da adxudicataria, incorporada ó contrato, inclúe como melloras:

- Ampliación do prazo de garantía e mantemento en 18 meses.
- A renovación interior (excepto o chan e demais aspectos sinalados nos apartados 1 e 2 do PPT) dos dous ascensores existentes, coa mesma estética que o novo, mellora valorada en 1.210,00 € (IVE incluído).

IV. En febreiro de 2018, antes da renovación da decoración das cabinas, a empresa adxudicataria presentou a seguinte proposta de decoración das mesmas, aceptada polo concello en data 10.04.2018:

- Cristal lacobel de cor branco nas paredes laterais e frontal.
- Piso en silestone de cor branco e vermello representado a bandeira de Vigo, garantindo a adxudicataria que a súa duración é a mesma que a que se repón de cor negro.

Durante a execución material das obras, nos dous ascensores anexos, retirouse a decoración existente, o que obrigou ó reforzo dos paneis laterais e dos teitos, que non estaba previsto nos documentos contractuais nin nas melloras ofertadas pola adxudicataria, o que orixinou a preceptiva modificación do contrato que foi aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 07.08.2018.

V. Con data 10.12.2018 asinouase a acta de recepción da obra, comezando o prazo de garantía, dunha duración de tres anos e medio -remata o vindeiro 10.06.2022-.

VI. O 27.04.2021 a directora facultativa da obra, por medio da xestión de expedientes do Concello de Vigo, enviou por correo electrónico á adxudicataria, á atención de Joaquín Luis Picon Pacheco, Santiago Canto Iglesias, Ana María Martínez Balado, un documento informando do ESTADO DO CHAN DOS TRES ASCENSORES, que se transcribe:

“A día de hoxe, e despois dun uso habitual dos tres ascensores durante 2 anos e 3 meses, se constata que o chan presenta moitos defectos que se describen a continuación:

- *Desniveis nas xuntas entre as diferentes pezas brancas e vermellas.*
- *Xuntas abertas entre pezas e sucias nas que se desprende o material de recheo.*
- *Desconches da pedra producidos polo movemento entre pezas.*
- *Pezas rotas nas esquinas*
- *Desgaste no chan, especialmente no de cor branco.*

A pesar das numerosas chamadas e mails (o último 22-02-21) ao persoal responsable de Schindler, e incluso reunións para tratar de emendar estes problemas (a última en marzo deste ano), a día de hoxe non temos unha proposta de solución para a reparación ou substitución dos solos danados.”

CONCLUSIÓNS:



Concello de Vigo

“Tendo en conta que a substitución do chan é unha obriga do contrato e o deseño e cor do chan formado por varias pezas correspóndese coa proposta realizada pola adxudicataria que garantiu a durabilidade dos pisos dos tres ascensores.

Tendo en conta que despois da súa colocación apenas pasaron dous anos e medio e o chan dos tres ascensores presenta os defectos sinalados anteriormente e que se complementa con anexo fotográfico.

Tendo en conta que a garantía das obras, de 3 anos e medio finaliza en xuño de 2022.

Comunicáselles a necesidade de reparar ou substituír o chan danado nos tres ascensores por unha alternativa duradeira e de acordo ao uso do edificio do Concello de Vigo, no que están instalados.

Quedamos á espera de recibir unha proposta coa solución a este problema canto antes, e en todo caso, nun prazo máximo de dez días.

Xunto achégase reportaxe fotográfica dos defectos indicados.”

A empresa adxudicataria non atendeu este requirimento, nin deu resposta algunha, polo que o estado dos tres ascensores empeorou.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1º. A desidia da adxudicataria para corrixir a deficiente execución das obras contratadas, comunicada pola directora facultativa, obriga ó concello, de acordo co disposto no artigo 235 .3 do TRLCSP e de acordo co sinalado na cláusula 32.4 e 5 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato, a requirir á adxudicataria para que no prazo máximo de 15 días corrixa todas as deficiencias descritas no informe da directora facultativa derivadas dunha inadecuada execución das obras.

2º En concreto o punto 5 da cláusula 32 do referido Prego establece que:

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de defectos na construción das obras, o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a súa emenda.

O prazo de garantía remata o vindeiro 10.06.2022.

3º Corresponde a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do concello de Vigo (disposición adicional segunda 4 LCSP), a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro: requirir á empresa *SCHINDLER SA*, adxudicataria do contrato maior de obras de renovación de ascensores da casa consistorial do concello de Vigo, tramitado como expediente municipal 3994/440, para que no prazo máximo de 10 días proceda a emendar todos os defectos de execución sinalados no informe da directora facultativa, arriba transcrito e proceda a substituír ou reparar o solo dos tres ascensores e corrixir todos os defectos de execución das sinaladas obras.

Segundo: advertir á mercantil *SCHINDLER SA* que de non atender este requirimento no sinalado prazo procederáse a incautación da garantía definitiva do contrato por importe de 2.990 €, sen prexuízo da imposición das multas que procedan, segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares reitoras do contrato.

Terceiro: Notifíquese o acordo á mercantil *SCHINDLER SA*, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(426).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO VILA LAURA”. EXPTE. 1229/441.

Visto o informe xurídico do 26/05/2022 e o informe de fiscalización do 30/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/05/2022, asinado pola técnica de xestión de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 11.02.2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto cubrición do patio do colexio Vila Laura a favor do Arquitecto Angel Jaime Santorio Cuartero.

II.- O Arquitecto Angel Jaime Santorio Cuartero presentou borrador de proxecto “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO VILA LAURA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS CATORCE MIL CATROCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (414.434,64 €).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 4 de marzo de 2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 7 e 8 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 17 de marzo de 2022 aprobou o proxecto de “CUBRICIÓN DO



Concello de Vigo

PATIO DO COLEXIO VILA LAURA", redactado polo Arquitecto Angel Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS CATORCE MIL CATROCENTOS TRINTA E CATRO EUROS con SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (414.434,64 €), de agosto de 2021 e con sinatura dixital de data 23.02.22. (Expte. 5277/443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 17.03.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.135-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Arquitecto Angel Santorio Cuartero, de data agosto de 2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 22 de marzo de 2022.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 22 e 23 de marzo de 2022.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 1 de abril de 2022.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 6 de abril de 2022.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal en data 3 de maio de 2022.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 9 de maio de 2022.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de maio de 2022.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de maio de 2022.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local

(disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 04.03.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO VILA LAURA**”, redactado polo Arquitecto Angel Santorio Cuartero



Concello de Vigo

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de maio de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CATROCENTOS CATORCE MIL CATROCENTOS TRINTA E CATRO EUROS con SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (414.434,64 €)**, sendo o importe corresponde ao IVE de 71.926,67 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 3230.622.00.60 (Investimentos en cubertas de colexios Villalaura-Frian), provinte da modificación orzamentaria nº12/2022 - Crédito extraordinario e Suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais- (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	414.434,64 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(427).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CUBRICIÓN DO TRANVÍA DA PRAZA DO EMIGRANTE”. EXPTE. 5562/443.

Visto o informe de fiscalización do 27/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 26/05/2022, asinado pola técnica de xestión de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e polo o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 14.08.2019, resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de cubrición do tranvía, a favor da empresa CAPITEL Arquitectura Ingeniería e Innovación, S.L. (B36975845).

II.- A empresa CAPITEL Arquitectura Ingeniería e Innovación, S.L., trala fase de supervisión do borrador, presenta proxecto de "CUBRICIÓN DO TRANVÍA, DA PRAZA DO EMIGRANTE" redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier De La Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E OITO MIL OITOCENTOS TRINTA E CATRO EUROS con OITENTA E UN CÉNTIMOS (188.834,81 €)

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 13.05.2022, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación desenrolase na praza do Emigrante e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir:

- Previa demolición do pavimento existente, e arquetas existentes, procedese a execución de escavación a ceo aberto para a conformación de zapatas e vigas riostras, segundo indicacións de proxecto. Unha vez efectuada dita escavación e efectuada a comprobación e compactación do subsolo, procederáse ao vertido de formigón de saneamento, para a colocación de armaduras e novo vertido de formigón HA-30/b/20/IIa, en zapatas e vigas riostras.
- Colocación de placas metálicas de ancoraxes, estrutura autoportante de perfilaría metálica da calidade S275 JR, con imprimación antioxidantes, formación de peche perimetral e cuberta a base de vidro laminado de 10+10, ancorado a estrutura autoportante, previsión de instalación de iluminación con conexión ao alumeadado público..
- Reposición da pavimentación a base de previo recheo de material procedente da escavación, soleira de formigón e acabada a base de pavimentos de lousas de granito na zona perimetral, reposición de adoquín, e zona axardinada..

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 12 semanas.

V.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 19.05.2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"No aspecto urbanístico a actuación proposta, efectuase sobre espazo público e trata de dotar de medidas de protección e conservación dun elemento decorativo xa existente, polo tanto non contradice as ordenanzas de planeamento actualmente en vigor PXOU/93 e I.O.P., estando ubicado na ordenanza de aplicación 3.1. A zonas verdes e libres, non alterando a calificación o novo PXOU en fase de aprobación inicial.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación,



Concello de Vigo

reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de "**CUBRICIÓN DO TRANVÍA, DA PRAZA DO EMIGRANTE**" redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier De La Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E OITO MIL OITOCENTOS TRINTA E CATRO EUROS con OITENTA E UN CÉNTIMOS (188.834,81 €) e con sinatura dixital de data 12.05.2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(428).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL NA XESTIÓN RECADATORIA DO CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE SISTEMAS DE COBRO: PRESENCIAL, AUTOSERVIZO E TELEMÁTICO E PRESTACIÓN DE SERVICIOS BANCARIOS DE PAGOS. EXPTE. 25295/541.

Visto o informe xurídico do 25/05/2022 e o informe de fiscalización do 26/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 26/05/2022, asinado polo tesoureiro municipal e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

No non previsto expresamente nos PPT, PCAP e FEC, estarase ao disposto no:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (BOE 9 de marzo de 2004).
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Regulamento Xeral de Recadación aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.
- Real Decreto 520/20015, de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, en materia de revisión en vía administrativa.
- Regulamentación estatal que en materia dos servizos contratados sexa trasladable ao Concello.
- Normas xerais de dereito administrativo que sexan de aplicación, así como calquera outra disposición que resulte aplicable ao seu contido, tales como Ordenanzas municipais, Instrucións e Circulares que se ditén polos responsables do servizo.
- Disposicións do Consello Superior Bancario, especialmente o previsto nos cadernos 19-14, 34-14, 57, 60 e 63.
- Normas de dereito privado que lle sexan aplicables en cada caso en ausencia ou defecto de normas especiais.

ANTECEDENTES:

Dando cumprimento á Resolución do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda do Concello da data que reflicte a sinatura electrónica, por esta tesourería procedeuse



Concello de Vigo

a dar inicio ao expediente para a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a colaboración integral na xestión recadatoria do concello de Vigo, mediante sistemas de cobro: presencial, autoservizo e telemático e prestación de servizos bancarios de pagos, mediante a súa centralización na Entidade Financeira adxudicataria, que actuará como Entidade Financeira Xestora única.

Os documentos incorporados ao expediente son os seguintes:

Resolución de data que reflicte a sinatura electrónica do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda de inicio do expediente.

Xustificación da necesidade do contrato asinada polo Tesoureiro e polo Sr. Concelleiro de Delegado de Orzamentos e Facenda .

Memoria económica, asinada o 16/02/2022

Memoria xustificativa, asinada o 17/02/2022

Prego de prescricións técnicas, versión definitiva asinado polo Tesoureiro en data 17/02/2022

Prego de Cláusulas Administrativas asinado pola Sra. Xefa do Servizo de Contratación en data 20/05/2022.

Declaración de ausencia de conflito de intereses asinado polo Tesoureiro, asinado o 02/05/2022.

Declaración sobre a redacción do Prego de prescricións técnicas asinado o 16/02/2022.

Modelo tipo de convenio a asinar coas entidades colaboradoras que acepten a condición na oferta que presenten.

A competencia para a aprobación do PPT e do PCAP así como o expediente de contratación e a adxudicación do contrato corresponde á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (artigos 116, 117, 122, 123 e Disposición Adicional Segunda e Terceira da LCSP, e artigos 318 e 319 LALGA/1997).

PROPOSTA DE ACORDO:

Previo informe da Intervención Xeral do Concello de Vigo, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas e os seus anexos de data 17/02/2022 e de Cláusulas Administrativas particulares, e os seus anexos, asinado en data

20/05/2022, elaborados para a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos bancarios para a colaboración integral na xestión de cobro de diversos tipos de ingresos de dereito público municipais, e aqueles de natureza privada que sexan aplicables do Concello de Vigo, e de ser o caso, dos seus Organismos Autónomos dependentes, mediante a súa centralización na Entidade Financeira adxudicataria, que actuará como Entidade Financeira Xestora única, e a prestación de servizo de pago, por un período de cinco anos contados a partir da data da formalización do contrato.

SEGUNDO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e no PCAP.

TERCEIRO.- Aprobar o modelo tipo de convenio a asinar coas entidades colaboradoras que acepten a condición na oferta que presenten.

CUARTO.- Autorizar o gasto por unha contía de 1.290.404,50 euros con IVA, dos que 58.806,00 euros corresponden ao exercicio corrente e 1.231.598,50 euros a exercicios futuros, sendo o gasto sen IVE 1.066.450 euros e o IVE 223.954,50 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(429).- BASES ESPECÍFICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO CORRESPONDENTE A PRAZAS ESTRUTURAIAS INCURSAS NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO. EXPTE. 635/406.

Visto o informe xurídico do 11/05/2022, dáse conta da proposta do secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo contida no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 24/05/2022, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

CE. Constitución Española 1978.

LMURTEP. Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

EE.XMU. Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo. (BOP 6.10.2010)

Antecedentes. En data 11.05.2022 a Intervención xeral, mediante informe, fiscaliza favorablemente a proposta de acordo que consta no Expediente. Mantendo idéntica a parte dispositiva da mesma, con excepción do contido da Cláusula Terceira das distintas Bases e dos Anexos I de cada unha delas, procede concretar a súa xustificación xurídica.

Informe - Proposta

I. A LMURTEP amplía os procesos de estabilización de emprego como medida complementaria inmediata para paliar a anómala situación de temporalidade existente nas distintas Administracións Públicas, neste sentido o artigo 2.1 autoriza



Concello de Vigo

unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompida ao menos nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020 (en data anterior o 1 de xaneiro de 2018).

II. Con tales parámetros, a Xunta de Goberno Local, en data 1.02.2022, aprobou a OEP correspondente a prazas estruturais da XMU desempeñadas por persoal con vinculación temporal incursas no artigo 2.1 da LMURTEP especificando escalas, subescalas e número de para cada unha delas e o concurso-oposición como sistema de selección. As prazas que integran tal OEP son:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subesca-la	Clase	Quenda
2	Aux. Advo.	C2	Admón. Xeral	Aux. Advo.		Libre
2	Arquitecto	A1	Admón. Esp.	Técnica	Superior	Libre

III. O 7.04.2022 a Vicepresidencia da XMU ditou Resolución incoando expediente para a aprobación da convocatoria e bases reitoras dos procesos selectivos (concurso-oposición) destinados á execución da OEP designando instrutor o secretario da XMU.

IV. O acordo de aprobación da OEP foi publicado no BOP de Pontevedra nº 72 de 13 abril.

V. O artigo 2.2. da LMURTEP sinala que a publicación das convocatorias dos procesos selectivos producírase antes do 31.12.2022.

VI. O artigo 2.4 da LMURTEP indica que a articulación destes procesos garantirán os principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade e que poderán ser obxecto de negociación nos ámbitos das distintas Administracións.

VII. As Bases que se achegan foron negociadas coa Mesa de Negociación da XMU en reunións de data 22 e 29 de abril.

VIII. Artigo 2.4 da LMURTEP, segundo parágrafo, indica que o método de selección dos procesos será o concurso-oposición con unha valoración na fase de concurso dun 40 % da puntuación total na que considerárase maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate podendo non ser eliminatórios os exercicios da fase de oposición.

IX. Disposición adicional primeira da LMURTEP, apartado 3, *“Os procesos de estabilización de emprego temporal no ámbito local rexeranse polo disposto no artigo 2. Non serán de aplicación a estes procesos o disposto nos artigos 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local”*.

X. En data 11.12.2019 a Comisión Técnica de Temporalidade e Emprego dependente da Mesa Xeral de Negociación asinou acordo Administración do Estado/Sindicatos para o desenvolvemento dos procesos de estabilización de emprego temporal previstos nos artigos 19. Un. 6 da Lei 3/2017 e 19. Un. 9 da Lei 6/2018; o acordo advirte que na fase de concurso os “Méritos Profesionais” valoráranse co 90 % da

puntuación total de tal fase; o apartado Segundo, parágrafo cuarto, indica, *“na fase de concurso estableceranse criterios de valoración que teñan en conta, preferentemente os servizos prestados na Administración convocante”*. O Acordo foi ratificado pola Mesa Xeral de Negociación en data 25.02.2020. O fío de tal Acordo e con tales condicionantes ditouse Resolución de 26 de maio de 2021, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se convocan procesos selectivos para estabilización de emprego temporal na Administración Xeral do Estado que afectan -Anexos III, VI e XI- a 1.425 prazas (BOE 28.05.2021).

XI. Pode subxacer a idea da imposibilidade legal (Dereito de Igualdade, artigos 14 e 23.2 CE) de diferenciar aos aspirantes en función da Administración na que teñen adquirido a experiencia profesional entendendo que o esencial é a experiencia na escala, subescala, clase ou categoría de que se trate sen considerar onde se ten adquirido.

A reflexión exposta resulta congruente ante un procedemento normal u ordinario de ingreso na función pública. Non é o caso.

A finalidade da Lei 20/2021 é racionalizar unha situación estrutural anómala cal é a existencia dunha elevada taxa de temporalidade no emprego público que a mesma Lei cuantifica nun 30 %, provocada, na súa maior parte, polos criterios restritivos para a dotación de prazas de novo ingreso de persoal o servizo das Administracións Públicas no marco das directrices orzamentarias de contención do gasto público, o que ten ocasionado a necesidade de provisión temporal de determinadas prazas (nomeamentos interinos) ata a súa cobertura efectiva; para tal racionalización a Lei contempla que as distintas Administracións, previa identificación das prazas incursas na súa organización nos supostos que describe (artigo 2.1 e disposicións adicionais sexta e oitava), convoquen *procesos de estabilización de emprego temporal* nun determinado prazo.

Mais aló da estabilización de prazas de carácter estrutural a *"estabilización de emprego temporal"* refírese a unha relación xurídica de carácter laboral/funcionarial (emprego) na que existen dous suxeitos: o empregador -unha Administración Pública-, e unha persoa, o empregado público (interino ou laboral temporal); o término *"temporal"* é unha circunstancia desa relación xurídica. O obxectivo da Lei -disposición adicional novena *in fine*-, é *"lograr reducir a temporalidade"* que, segundo o Preámbulo, *"prexudica directamente o propio persoal interino ou temporal que leva moito tempo desempeñando as súas funcións e que desexa, como é lóxico, a estabilidade profesional"*.

Baixo estas premisas e seguindo a estela da Resolución de 26 de maio de 2021 da Secretaría de Estado de Función Pública (BOE 28.05.2021) se teñen redactado as Bases; certo que o acceso á función pública, artigo 23.2 CE, debe materializarse observando condicións de igualdade, agora ben, o mesmo precepto advirte, *"cos requisitos que sinalen as leis"*; neste caso os requisitos da Lei 20/2021, é dicir, os seus obxectivos.

Nada en Dereito impide que ante situacións excepcionais adóptense solucións excepcionais, máxime cando atópanse expresamente previstas nunha norma on rango de lei.



Concello de Vigo

Respecto os *tratamentos excepcionais* é sabido que o TC admitiu a posibilidade dun acceso especial para contratados e interinos cunha dimensión temporal restrinxida a un número limitado de convocatorias (STC 67/1989). Así, o Alto Tribunal confirmou a posibilidade dunha valoración exclusiva e preferente dos servizos prestados na Administración convocante, entendendo o razoable e proporcionado desta medida, considerando a finalidade perseguida de consolidar e ordear estruturas emerxentes de persoal propio de forma estable e normalizada. É imprescindible facer notar, con todo, que estas convocatorias responderon no seu día a conxunturas moi concretas de intento de racionalización de estruturas administrativas pendentas dunha ordenación definitiva, e que, loxicamente, non se corresponden co que debe ser un ingreso normal ou ordinario; agora (Preámbulo da Lei) trátase de cumprir co fito contido no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como cumprir co compromiso coa Comisión Europea de aprobar as reformas estruturais no ámbito do emprego público.

Segundo a STC 67/1989, FX 3 parágrafo cuarto, *in fine*, desde a perspectiva da igualdade, a valoración constitucional das Bases (no noso caso, a súa adecuación á legalidade) debe poñerse en relación coa finalidade que persiguen e a proporcionalidade entre esa finalidade e o medio diferenciador utilizado.

Debe reiterarse. A finalidade das Bases e da Lei (redución da temporalidade, estabilización, reforma estrutural) conéctase ás especiais circunstancias creadas polos criterios restritivos para a dotación de prazas de novo ingreso de persoal o servizo da Xerencia Municipal de Urbanismo no marco das directrices orzamentarias de contención do gasto público (tasas de reposición cero dos exercicios 2012 o 2015) o que ocasionou a necesidade de provisión temporal de determinadas prazas e a existencia dun número excesivo de funcionarios (interinos) en situación precaria o que incide indirectamente na eficacia desta Administración Institucional.

Segundo a STC 67/1989; FX 3, parágrafo sexto, enténdese que considerar como maior mérito o desempeño de servizos efectivos na Administración convocante (XMU) non pode estimarse como unha medida desproporcionada, arbitraria ou irrazoable en relación ás finalidades perseguidas, e aínda que efectivamente establece unha desigualdade, esta ven imposta en atención a un interese público lexítimo (redución do emprego temporal) e non responde o propósito de excluír a ninguén da posibilidade efectiva de acceso á función pública da XMU. Cabe dicir, por iso, con palabras da STC 137/1986, que, «*trátase dun sistema de selección aberto, con concorrencia de toda clase de persoas, onde o único que se leva a cabo é a valoración dun posible mérito, que debe considerarse como o recoñecemento dunha experiencia. Iso por sí só non é de ningún xeito contrario aos preceptos da Constitución*»

XII. En similar sentido cabe mencionar a STC 12/1999 de 11 de febreiro, FX 3, “*Non cabe excluír que, en determinados casos excepcionais, a diferenza de trato establecida na Lei en favor duns e en prexuízo doutros poida considerarse como razoable, proporcionada e non arbitraria aos efectos da desigualdade de trato que establece, sempre que dita diferenciación demóstrase como un medio excepcional para resolver unha situación tamén excepcional, expresamente prevista nunha norma con rango de lei e co obxecto de alcanzar una finalidade constitucionalmente lexítima, entre as que se integra tamén a propia eficacia da Administración*”.

XIII. Tamén existen outras razóns obxectivas na diferenciación contemplada nas Bases.

A STS 2186/2019 do 24.06.2019 (rec. 1776/2016) admite unha valoración distinta en función da Administración na que se teñen prestados os servizos, diferenciando a Administración Local da Autonómica e, en boa lóxica, da Administración xeral do Estado; no FX Cuarto 2º a Sala expresa o seguinte xuízo, *“Non parece arbitrario puntuar de forma distinta a experiencia según se teña adquirido na mesma administración á que pertence a praza ou noutra. Poidendo existir puntos en común, non se trata do mesmo contexto organizativo e funcional e non coinciden, en principio, as competencias e funcións e a normativa a aplicar”*.

Con maior motivo e fundamento a distinción na puntuación -aínda que falemos de servizos prestados na mesma Escala e Subescala- ten razón de ser na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, unha Administración Pública instrumental diferenciada (Organismo Autónomo) e especializada na xestión organizativa e funcional do servizo público urbanístico. O artigo 2.1 dos Estatutos da XMU sinalan, *“Constitúe o obxecto e a finalidade da Xerencia Municipal de Urbanismo, a xestión e execución, en réxime de descentralización funcional, das competencias atribuídas ó Concello en materia urbanística”*. Non é discutible que o coñecemento, en definitiva, a experiencia do traballo desenvolvido na sempre complexa materia urbanística, deba significar un mérito a considerar.

XIV. Sen prexuízo do exposto tamén existen razóns obxectivas na diferenciación contemplada nas Bases.

A STS 2186/2019 do 24.06.2019 (rec.1776/2016) admite unha valoración distinta en función da Administración na que se teñen prestados os servizos, diferenciando a Administración Local da Autonómica e, en boa lóxica, da Administración xeral do Estado; no FX Cuarto 2º a Sala expresa o seguinte xuízo, *“Non parece arbitrario puntuar de forma distinta a experiencia segundo se teña adquirido na mesma administración á que pertence a praza ou noutra. Poidendo existir puntos en común, non se trata do mesmo contexto organizativo e funcional e non coinciden, en principio, as competencias e funcións e a normativa a aplicar”*.

Con maior motivo e fundamento tal diferenciación na puntuación -aínda que falemos de servizos prestados na mesma Escala e Subescala- ten razón de ser na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, unha Administración Pública instrumental diferenciada (Organismo Autónomo) e especializada na xestión organizativa e funcional do servizo público urbanístico. O artigo 2.1 dos Estatutos da XMU sinalan, *“Constitúe o obxecto e a finalidade da Xerencia Municipal de Urbanismo, a xestión e execución, en réxime de descentralización funcional, das competencias atribuídas ó Concello en materia urbanística”*. Non é discutible que o coñecemento, en definitiva, a experiencia do traballo desenvolvido na sempre complexa materia urbanística, deba significar un mérito a considerar.

XV. Seguindo os parámetros do Acordo Administración do Estado/Sindicatos para o desenvolvemento dos procesos de estabilización de emprego temporal asinado en data 11.12.2019, orientativamente a valoración de méritos sinalados nos Anexos III, VI e XI (apartados 4.2.2.) da Resolución de 26 de maio de 2021, da Secretaría de



Concello de Vigo

Estado de Función Pública, pola que se convocan procesos selectivos para estabilización de emprego temporal na Administración Xeral do Estado e a normativa aplicable (Lei 7/1985, de 2 de abril; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; Lei Autonómica 2/2015, de 19 de abril; Lei 39/2015, de 1 de outubro; Lei 40/2015, de 1 de outubro; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro e Lei 20/2021, de 28 de decembro) formúlase á XGL, previa conformidade do Consello da XMU, a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar, segundo *Anexos I e II* transcritos a esta proposta, as Bases reguladoras específicas dos procesos selectivos destinados á execución da Oferta de Emprego Público da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, anualidade 2022, correspondente a prazas estruturais da XMU desempeñadas por persoal con vinculación temporal incursas no suposto do artigo 2.1 da LMURTEP (concurso-oposición).

SEGUNDO. Convocar as prazas mencionadas procedendo á publicación íntegra das Bases no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica do Concello de Vigo. O anuncio da convocatoria no BOE (extracto) sinalará o BOP no que se teñen publicado as Bases e determinará o inicio de prazo de presentación de solicitudes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E INGRESO EN DÚAS PRAZAS ESTRUTURAIS VACANTES DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVA INCURSAS NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1. DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria. Normativa aplicable.

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto no artigo 2.1. da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes Bases regulan a convocatoria do concurso-oposición para o ingreso e acceso a dúas prazas estruturais e vacantes existentes no Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo que ben se atopan ocupadas de forma temporal e ininterrompida; as prazas, pertencentes o Grupo C, Subgrupo C2 encádranse na Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar Administrativa.

As prazas se atopan incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 1 de abril de 2022 publicada no BOP de Pontevedra nº 72 de 13 abril.

As Bases foron sometidas o coñecemento da Mesa de Negociación da Xerencia Municipal de Urbanismo en reunión de data 22 de abril de 2022.

2. Son, entre outras, tarefas propias da praza de Auxiliar Administrativo as seguintes: uso dos programas informáticos de tratamento de textos e de cálculo (Office); cálculo sinxelo; xestión de arquivos e documentación; rexistro, tramitación ordinaria de expedientes (gasto, contratos, persoal, certificados); atención presencial, telemática ou telefónica o cidadá; grabación e mantemento de bases de datos; funcións de apoio o resto de membros das unidades administrativas nas que presten servizo.

3. O procedemento de selección réxese polas presentes Bases, no non previsto nelas aplicarase o disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; no Regulamento xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; na Lei 2/2015, de 19 de abril, do Empregado Público de Galicia e na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

No procedemento aplicarase a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

No proceso selectivo coidarase especialmente a aplicación do Plan de Igualdade aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión de data 15 de setembro de 2021.

4. As presentes Bases publicaranse íntegramente no BOP de Pontevedra e no Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica do Concello de Vigo (Expedientes en exposición pública) <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> O anuncio da convocatoria no BOE sinalará o BOP no que se teñen publicado as Bases e determinará o inicio de prazo de presentación de solicitudes.

Os sucesivos anuncios derivados do desenvolvemento da convocatoria publicaranse na mesma dirección.

SEGUNDA. Requisitos dos aspirantes.

As persoas interesadas en participar no concurso-oposición de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria (ESO). Asimesmo, estarase ao disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria e de Bachiller regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada mediante Orde EDU/520/2011, de 7 de marzo.

No caso de titulacións obtidas no extranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite a homologación.



Concello de Vigo

b) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

c) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Ter cumpridos dezaséis años e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público.

TERCEIRA. Solicitudes de inscrición. Prazo de presentación. Documentación.

1. Solicitudes de incrición. Cumprimentaranse electrónicamente a través da URL: <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> que, tras a cumprimentación esixida, xerará o documento sinalado no Anexo I.

A inscrición realizarase facendo uso de <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp>, seguindo as instrucións que se lle indiquen, sendo necesario identificarse mediante a plataforma de identificación e sinatura electrónica Cl@ve en calquera das súas modalidades.

A inscrición por esta vía permitirá:

- A inscrición en liña.
- Anexar documentos á inscrición.
- O rexistro electrónico da inscrición.

As solicitudes de inscrición en soporte papel efectuaranse mediante cumprimentación electrónica <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> e a súa posterior presentación no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ou

na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Prazo de presentación das solicitudes de inscrición: 20 días hábiles contados a partir do seguinte no que apareza a publicación do anuncio de convocatoria no “Boletín Oficial del Estado”.

3. As solicitudes de inscrición, en todo caso, acompañaranse da seguinte documentación:

- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.
- Copia da titulación esixida nas presentes Bases ou documento acreditativo do abono das taxas para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro aportarase a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación.
- Índice e copia da documentación achegada para o concurso de méritos.

CUARTA. Admisión de aspirantes.

1. Concluído o prazo de presentación de solicitudes a Vicepresidencia da XMU, mediante Resolución, aprobará o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos, neste suposto especificarase a causa de exclusión. Contra a Resolución poderase presentar reclamación no prazo dos 10 días seguintes; as reclamacións, se as houbera, serán resoltas na Resolución da Vicepresidencia na que se aproben as listas definitivas que será obxecto de publicación na páxina web municipal, no Taboleiro Electrónico de Edictos e na Intranet. Os aspirantes que no prazo sinalado no subsanaran o defecto que motivou a súa exclusión ou no presentaren reclamación xustificando o seu dereito de inclusión na relación de admitidos serán excluídos do proceso. É insubsanable a presentación da solicitude fora do prazo e o incumprimento dos requisitos esixidos para tomar parte no Concurso-Oposición.

2. No suposto de non presentarse reclamacións o listado provisional entenderase definitivo; esta circunstancia farase constar na Resolución de aprobación do listado provisional.

3. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará:

- Composición do Tribunal.
- Lugar, data e hora de constitución do Tribunal para a valoración dos méritos.

Contra a Resolución poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a partir do día seguinte o de súa publicación no Taboleiro Electrónico, ou recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous, a partir do día seguinte á publicación.

QUINTA. Tribunal cualificador.

1. Intégrase por cinco membros; designarse o mesmo número de membros suplentes. A súa composición será a seguinte:

Presidencia: Persoa designada pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU.

Vocalías: Tres vogais, designados pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU, ou da Administración municipal do Concello de Vigo .



Concello de Vigo

Secretaría: Designada pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU

A composición do Tribunal será predominantemente técnica, os seus membros posuirán unha titulación igual o superior á das prazas convocadas. As designacións axustaranse ao principio de composición equilibrada de mulleres e homes.

Para a válida constitución do Tribunal a efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a presenza da Presidencia, da Secretaría, e, alo menos, un vogal. Na sesión constitutiva o Tribunal poderá acordar que os membros titulares e suplentes de actúen indistintamente.

2. O réxime xurídico aplicable o Tribunal axustarase ao disposto para os órganos colegiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro; os seus membros absteranse de formar parte da mesma cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da norma citada. Os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015

3. O Tribunal queda facultado para resolver por maioría de votos dos membros asistentes as dúbidas que poideran xurdir na aplicación destas Bases e para adoptar os acordos necesarios para a boa orde do procedemento. En caso de empate decidirá o voto da Presidencia.

4. O Tribunal poderá requirir dos aspirantes, en calquera momento do procedemento a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. O Tribunal recabará dos interesados as aclaracións ou a achega da documentación adicional que considere necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

5. Contra os actos de trámite do Tribunal que decidan directa o indirectamente sobre o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos e que non poñan fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Vicepresidencia da XMU.

Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar ante o Tribunal as alegacións, reclamacións e/ou subsanacións de documentación que estimen pertinente no prazo de dez días a contar desde o seguinte á data da publicación.

6. O Tribunal terá a categoría que corresponda á Escala e Subescala convocada conforme o disposto no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

SEXTA. Sistema de selección. Fase de oposición. Valoración.

1. A fase de oposición valorarase cunha puntuación máxima de **60,00 puntos** conforme o seguinte baremo.

Primeiro exercicio. Obrigatorio. **50,00 puntos.**

Consistirá na realización de dous supostos prácticos de carácter ofimático realizados con ordenador, dirixidos a apreciar a capacidade dos aspirantes no uso dos seguintes programas ofimáticos:

Primeiro suposto: Programa de tratamento de textos "*Libre Office*". Tempo máximo para a realización: 30 minutos.

Segundo suposto: Programa de folla de cálculo "*Libre Office*". Tempo máximo para a realización: 30 minutos.

Cualificarase os coñecementos e habilidades nas funcións e utilidades do procesador de textos e da folla de cálculo así como a velocidade desenvolvida (en atención ó número de pulsacións) a limpeza e exactitude das tarefas realizadas e a corrección que presenten as mesmas conforme o baremo obxectivo que estableza o Tribunal antes de iniciarse o exercicio, que deberá comunicárselles aos aspirantes no momento de comezar a proba e incluírse na correspondente Acta.

Facilitaranse os/as aspirantes os medios técnicos necesarios para a súa realización, se ben desactivaranse as funcións correspondentes á corrección automática de textos.

Se os exercicios non fosen corrixidos ao remate da proba, introducíranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión na que se corrixan.

Segundo exercicio. Obrigatorio. **10,00 puntos.**

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística.

O/a aspirante que non obtivese un mínimo de 5 puntos nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración Autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. As/os aspirantes adxuntarán á solicitude de participación copia simple do título ou equivalencia correspondente.

2. Puntuación do primeiro exercicio (50 puntos). Media aritmética. Considerando o baremo obxectivo, será cualificado por cada membro do Tribunal con dúas puntuacións entre cero e vinticinco puntos, unha por cada suposto; sumaranse as puntuacións obtidas en cada suposto práctico e dividíranse entre o número de asistentes do Tribunal. A cualificación final determinarase polo cociente resultante de dividir entre dous a suma das cualificacións obtidas en cada suposto.



Concello de Vigo

Excluíranse as cualificacións nas que exista unha diferenza de sete o máis enteiros entre a máxima e mínima e hallarase a puntuación media entre as restantes. No suposto de que sexan mais de dúas as cualificacións que se diferencien en sete o mais puntos, só eliminarase unha das cualificacións máximas e outra das mínimas.

3. Puntuación do segundo exercicio (10 puntos). Media aritmética das cualificacións dos membros do Tribunal asistentes á sesión; as puntuacións realizaranse tras o asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística.

SÉTIMA. Sistema de selección. Fase de concurso. Valoración.

1. O de concurso de méritos que consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes conforme o seguinte baremo:

Puntuación máxima da fase de concurso: **40,00 puntos** conforme o seguinte baremo.

a) Experiencia profesional.

1. Máximo **36,00 puntos**. Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme a seguinte puntuación:

a) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Xeral; Subescala Auxiliar Administrativa do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: 0,300 puntos mes completo; máximo 36,00 puntos.

b) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Xeral; Subescala Auxiliar Administrativa da Administración Municipal do Concello de Vigo: 0,191 puntos mes completo; máximo 23,00 puntos.

c) Servizos efectivos prestados na Escala de Administración Xeral e nas Subescalas inmediatamente superiores ou inferiores do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: 0,120 puntos mes completo, máximo 14,40 puntos.

d) Servizos efectivos prestados na Escala de Administración Xeral e nas Subescalas inmediatamente superiores ou inferiores da Administración municipal do Concello de Vigo: 0,090 puntos mes completo, máximo 10,80 puntos.

e) Servizos efectivos prestados en Corpos, Escalas ou Subescalas doutras Administracións Públicas territoriais análogos á Escala de Administración Xeral do réxime local: 0,060 puntos mes completo, máximo 7,20 puntos.

f) Servizos efectivos prestados en órganos constitucionais e no resto do sector público en Corpos, Escalas ou Subescalas análogos á Escala de Administración Xeral do réxime local: 0,030 puntos mes completo, máximo 3,60 puntos.

g) Servizos efectivos prestados por conta allea na empresa privada ou por conta propia en calidade de traballador autónomo desenvolvendo traballos de contido análogo o das prazas obxecto de selección: 0,030 puntos mes completo; máximo 3,60 puntos.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas nin en comisión de servizos voluntaria por persoal procedente doutras Administracións Públicas; neste suposto computaranse os servizos como prestados na Administración de orixe.

2. Acreditación dos servizos prestados na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ou no Concello de Vigo:

Informe emitido, previa petición polos interesados, conforme o Anexo II destas Bases pola persoa responsable do Servizo de Asuntos Xerais da XMU (ou funcionario no que delegue) ou pola persoa responsable da Área de Recursos Humanos do Concello de Vigo (ou funcionario no que delegue).

3. Acreditación dos servizos prestados noutras Administracións Públicas ou entes do sector público:

Certificación expedida pola unidade competente da Administración correspondente.

4. Acreditación dos servizos prestados por conta allea na empresa privada ou por conta propia en calidade de traballador autónomo.

Os servizos prestados por conta allea en empresas privadas acreditarase coa presentación de:

1º. Copia do contrato de traballo onde conste a categoría profesional.

2º. Informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que consten tales períodos.

Os servizos prestados por conta propia en calidade de traballador autónomo acreditarase coa presentación da seguinte documentación:

1º. Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas.

2º. Informe da vida laboral emitido polo órgano competentes da Seguridade Social.

b) Méritos académicos.

Máximo **4,00 puntos**.

1. **Cursos de formación:** Máximo **2,00 puntos**. Valoraranse un máximo de dez cursos de formación recibidos ou impartidos, nos dez anos anteriores á data de publicación desta convocatoria nos BOE cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da Escala de Administración Xeral; Subescala Auxiliar Administrativa convocados, impartidos ou homologados pola Escola Galega de Administración Pública; polo o Instituto Nacional de Administración Pública, por outros institutos das Administracións Públicas ou por organizacións sindicais ou outros axentes promotores no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas de 9 de marzo de 2018 ou dos Plans de Formación Continua do persoal das Administracións Públicas.

Valoraranse os cursos que versen sobre materias de carácter transversal (igualdade de xenro, transparencia, prevención de riscos laborais, procedemento administrativo común, informática)

Non se valorarán os cursos nos que no xustificante da súa acreditación (título, diploma ou similar) non conste as datas de realización nin as horas de duración. Non valoraranse os cursos inferiores a 5 horas lectivas, os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado e os derivados de procesos selectivos.

A valoración dos cursos se realizarase conforme á seguinte escala:

Mais de 60 horas.....0,40 puntos. De 41 a 60 horas..... 0,30 puntos.
De 25 a 40 horas.....0,20 puntos. De 5 a 24 horas..... 0,10 puntos.



Concello de Vigo

Acreditación de méritos de Formación:

Mediante copia simple dos títulos, diplomas ou certificación de superación dos cursos.

2. **Outros méritos:** Máximo **2,00 puntos**. Valorarase ter superado algún dos exercicios exisidos para o acceso á Escala de Administración xeral, Subescala Auxiliar Administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, quenda libre, nas tres últimas convocatorias, ou estar en posesión dalgunha titulación académica superior á esixida na Base Segunda a) destas Bases o día de publicación da presente convocatoria no BOE. Esta valoración realizarase conforme a seguinte puntuación:

a) Valorarase con 2,00 puntos ter superado algún dos exercicios exisidos para o acceso á Escala de Administración xeral, Subescala Auxiliar Administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, quenda libre, oposición, nas tres últimas convocatorias.

Acreditación. A superación dos exercicios acreditarase mediante Informe (Anexo III) da persoa responsable dos Servizos Centrais da XMU emitido a solicitude do aspirante.

b) Valorarase con 1,00 puntos a posesión de título académico oficial superior o esixido para a subescala conforme o seguinte baremo:

Título de Técnico Superior ou calquera outro superior o sinalado: 1,00 puntos.

Título de Diplomado Universitario, Enxeñeiro Técnico ou Arquitecto Técnico: 0,75 puntos.

Título de Bacharel-LOE, Bacharel-LOGSE, de Bacharelato Unificado Polivalente, de Bacharel Superior ou ter aprobadas as probas de acceso á Universidade para maiores de 25 anos: 0,50 puntos.

Acreditación. Mediante aportación do título, diploma ou resguardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.

OITAVA. Listado de aprobados.

Concluída a fase de oposición e a valoración de méritos o Tribunal publicará no Taboleiro Electrónico Municipal a relación de aspirantes na orde da puntuación conxunta alcanzada distinguindo entre a obtida nas distintas fases (oposición e concurso) e elevará o órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior o de prazas convocadas.

En caso de empate na puntuación terá preferencia os aspirantes vinculados co Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo mediante unha relación funcional de carácter temporal, de persistir empate terá preferencia o/a aspirante con maior puntuación no apartado a) Experiencia profesional, na seguinte orde: 1 a) ; 1.b); 1.c) e 1.d)

NOVENA. Presentación de documentación.

No prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte a aquel no que se faga pública a lista das puntuacións obtidas os aspirantes seleccionados presentarán nos Servizos Centrais da XMU os seguintes documentos:

a) Declaración xurada ou promesa de non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, ni hallarse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

b) Documentación acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos esixidos na convocatoria.

Quenes dentro del prazo fixado, e salvo caso de forza maior, non presentasen a documentación, ou do exame da mesma se dedujese que carece de algún dos requisitos sinlados nas Bases, non poderán ser nomeados/as funcionarios/as, quedando anuladas las actuaciónes sin perjuicio da responsabilidade que proceda.

DÉCIMA. Adxudicación de destinos. Bolsa de interinos.

A adxudicación de postos de traballo aos/as funcionarios/as de novo ingreso efectuarase de acordo cas peticións dos/as interesados/as entre os postos ofertados aos mesmos, segundo a orde obtida no proceso selectivo.

Con carácter previo á adxudicación de destinos, o persoal seleccionado será sometido a recoñecemento médico, aos efectos de non padecer enfermidade que lle impida desempeñar o puesto de traballo correspondente.

As persoas relacionadas co Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo mediante unha relación funcional de carácter temporal e que, habendo participado no proceso selectivo non o superaran, integraranse nunha bolsa de persoal funcionario interino da Escala de Administración xeral, Subescala Auxiliar Administrativa, sempre e cando a puntuación obtida sexa superior a 50,0 puntos.

UNDÉCIMA. Datos de carácter persoal.

A participación no proceso selectivo implica o consentemento para que os datos persoais aportados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro Electrónico do Concello e na páxina web municipal cando así o requera a tramitación do procedemento.

DOUDÉCIMA. Recursos.

Contra a presente convocatoria poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo do mes seguinte o día da súa publicación no BOP ou recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Cidade de Vigo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición non poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta do mesmo



Concello de Vigo

CONCURSO-OPOSICIÓN PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL (LEI 20/2021). DÚAS PRAZAS DA **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVA** DA XMU DO CONCELLO DE VIGO.

D/D^a _____
con DNI _____ e domicilio en, _____, rúa _____, C.P. _____, teléfono _____ e correo electrónico _____

EXPOÑO

Que segundo convocatoria inserta no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. _____, de data _____ reúno os requisitos esixidos na Base Segunda das Bases Reguladoras do concurso-oposición convocado para estabilización do emprego temporal de dúas prazas estruturais da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo da **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVA**.

Acepto na súa totalidade e me someto as Bases Reguladoras do concurso-oposición.

Adxunto a documentación sinalada na Base Terceira. 3:

- (i) Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.
- (ii) Copia da titulación esixida nas Bases.
- (iii) Índice e copia da documentación acreditativa dos méritos alegados.

SOLICITO

Ser admitido/a no procedemento convocado.

Data e sinatura dixital

Sr. Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo

ANEXO II

INFORME DA XEFATURA DE SERVIZOS CENTRAIS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO OU DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO DE VIGO.

D./D^a _____ no desempeño de mi posto de _____

INFORMO

Que no Expediente existente nesta dependencia D/D^a _____, con DNI _____ ten acreditado nesta Administración os seguintes extremos:

- a) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Xeral; Subescala Auxiliar Administrativa do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: meses completos
- b) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Xeral; Subescala Auxiliar Administrativa da Administración Municipal do Concello de Vigo: meses completos.
- c) Servizos efectivos prestados noutras Escalas ou Subescalas do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: meses completos.
- d) Servizos efectivos prestados noutras Escalas ou Subescalas da Administración da Administración Municipal do Concello de Vigo: meses completos.

E para que xurda efectos no concurso convocado para a estabilización do emprego temporal de prazas estruturais vacantes da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencentes á **Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar Administrativa** expido o presente INFORME a petición do interesado/a.

Data e sinatura

ANEXO III

INFORME DA XEFATURA DE SERVIZOS CENTRAIS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO.

D. _____ no desempeño de mi posto de _____

INFORMO

Que na convocatoria da oposición libre realizada segundo Bases e convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data ____ de _____ de ____ para o acceso á Escala de Administración Xeral; Subescala Auxiliar Administrativa do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e no Expediente



Concello de Vigo

___/___ incoado a tal fin consta que D/D^a _____, con DNI _____ superou algún dos exercicios do mencionado proceso de selección.

Así mesmo informo que tal proceso selectivo correspóndese cos realizados nas tres últimas convocatorias a tal Escala e Subescala.

E para que xurda efectos no concurso-oposición convocado para a estabilización do emprego temporal de prazas estruturais vacantes da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencentes á **Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar Administrativa** expido o presente INFORME a petición do interesado/a.

Data e sinatura

ANEXO II

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E INGRESO EN DÚAS PRAZAS ESTRUTURAIS VACANTES DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA SUPERIOR (ARQUITECTO) INCURSAS NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1. DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria. Normativa aplicable.

1. En execución do proceso de estabilización de emprego temporal previsto no artigo 2.1. da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes Bases regulan a convocatoria do concurso-oposición para o ingreso e acceso a dúas prazas estruturais e vacantes existentes no Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo que se atopan ocupadas de forma temporal e ininterrompida nos tres anos anteriores o 31 de decembro de 2020 ; as prazas, pertencentes o Grupo A, Subgrupo A1 encádranse na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica Superior (Arquitecto).

2. Son, entre outras, tarefas propias da praza de arquitecto superior as seguintes: Emisión de informes en expedientes de planeamento urbanístico (modificacións do Plan Xeral, aprobación e modificacións de Plans Parciais, Plans Especiais, Estudos de Detalle e outros instrumentos de planeamento). Emisión de informes en expedientes de xestión urbanística (proxectos de reparcelación e equidistribución, proxectos de urbanización, etc.); elaboración da documentación técnica para expedientes de planeamento e xestión urbanística promovidos pola Xerencia Municipal de Urbanismo. Informar os expedientes de comunicación previas, declaracións responsables ou de licenzas de obras maiores e menores, de licenzas de apertura, ambientais de actividade clasificada, de primeira ocupación, de segregación, de declaración de innecesariedade de parcelación, de ordes de execución, de declaración de ruina, de protección

da legalidade urbanística e sancionadores. Elaboración de memorias valoradas para a determinación de xustiprezos en expropiacións de calquera natureza, en outros expedientes de carácter patrimonial ou para a solicitude de subvencións. Redacción de pregos de prescricións técnicas en expedientes da Xerencia de contratación pública relacionados coa arquitectura e emisión de informes técnicos sobre as propostas presentadas en tales expedientes. Emisión de informes sobre terreos, edificios, instalacións e infraestruturas municipais. Elaboración de informes técnicos en expedientes de solicitude de responsabilidade patrimonial á Xerencia Municipal de Urbanismo e en expedientes de reclamación de danos a terceiros por parte da Xerencia. Redacción de anteproxectos e proxectos de obras de escasa entidade, así como dirección de obras. Calesquiera outras na que se estea profesionalmente capacitado, previa formación no seu caso.

3. As Bases foron sometidas o coñecemento da Mesa de Negociación da Xerencia Municipal de Urbanismo en reunión de data 29 de abril de 2022.

As prazas se atopan incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria de estabilización aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 1 de abril de 2022 publicada no BOP de Pontevedra nº 72 de 13 abril.

No proceso selectivo coidarase especialmente a aplicación do Plan de Igualdade aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión de data 15 de setembro de 2021.

4. O procedemento de selección réxese polas presentes Bases, no non previsto nelas aplicarase o disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; no Regulamento xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; na Lei 2/2015, de 19 de abril, do Empregado Público de Galicia e na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

No procedemento aplicarase a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

5. As presentes Bases publicaranse íntegramente no BOP de Pontevedra e no Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica do Concello de Vigo (Expedientes en exposición pública) <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> O anuncio da convocatoria no BOE sinalará o BOP no que se teñen publicado as Bases e determinará o inicio de prazo de presentación de solicitudes.

Os sucesivos anuncios derivados do desenvolvemento da convocatoria publicaranse na mesma dirección.

SEGUNDA. Requisitos dos aspirantes.

As persoas interesadas en participar no concurso-oposición de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:



Concello de Vigo

a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes do Título Universitario Oficial de Arquitectura ou de título que habilite para o exercicio desta profesión regulada, segundo establece a normativa vixente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite a homologación.

b) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

c) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Ter cumpridos dezaséis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público.

TERCEIRA. Solicitudes de inscrición. Prazo de presentación. Documentación.

1. Solicitudes de incrición. Cumprimentaranse electrónicamente a través da URL: <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> que, tras a cumprimentación esixida, xerará o documento sinalado no Anexo I.

A inscrición realizarase facendo uso de <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp>, seguindo as instrucións que se lle indiquen, sendo necesario identificarse mediante a plataforma de identificación e sinatura electrónica Cl@ve en calquera das súas modalidades.

A inscrición por esta vía permitirá:

- A inscrición en liña.
- Anexar documentos á inscrición.
- O rexistro electrónico da inscrición.

As solicitudes de inscrición en soporte papel efectuaranse mediante cumprimentación electrónica <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/ofertas.jsp> e a súa posterior presentación no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ou

na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Prazo de presentación das solicitudes de inscrición: 20 días hábiles contados a partir do seguinte no que aparezca a publicación do anuncio de convocatoria no “Boletín Oficial del Estado”.

3. As solicitudes de inscrición, en todo caso, acompañaranse da seguinte documentación:

- Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.
- Copia da titulación esixida nas presentes Bases ou documento acreditativo do abono das taxas para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro aportarase a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación.
- Índice e copia da documentación achegada para o concurso de méritos.

CUARTA. Admisión de aspirantes.

1. Concluído o prazo de presentación de solicitudes a Vicepresidencia da XMU, mediante Resolución, aprobará o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos, neste suposto especificarase a causa de exclusión. Contra a Resolución poderase presentar reclamación no prazo dos 10 días seguintes; as reclamacións, se as houbera, serán resoltas na Resolución da Vicepresidencia na que se aproben as listas definitivas que será obxecto de publicación na páxina web municipal, no Taboleiro Electrónico de Edictos e na Intranet. Os aspirantes que no prazo sinalado no subsanaran o defecto que motivou a súa exclusión ou no presentaren reclamación xustificando o seu dereito de inclusión na relación de admitidos serán excluídos do proceso. É insubsanable a presentación da solicitude fora do prazo e o incumprimento dos requisitos esixidos para tomar parte no Concurso-Oposición.

2. No suposto de non presentarse reclamacións o listado provisional entenderase definitivo; esta circunstancia farase constar na Resolución de aprobación do listado provisional.

3. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará:

- Composición do Tribunal.
- Lugar, data e hora de constitución do Tribunal para a valoración dos méritos.

Contra a Resolución poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a partir do día seguinte o de súa publicación no Taboleiro Electrónico, ou recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous, a partir do día seguinte á publicación.

QUINTA. Tribunal cualificador.

1. Integrarase por cinco membros; designarse o mesmo número de membros suplentes. A súa composición será a seguinte:



Concello de Vigo

Presidencia: Persoa designada pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU.

Vocalías: Tres vogais, designados pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU, ou da Administración municipal do Concello de Vigo.

Secretaría: Designada pola Vicepresidencia da XMU entre persoal funcionario de carreira da XMU.

A composición do Tribunal será predominantemente técnica, os seus membros posuirán unha titulación igual o superior á das prazas convocadas. As designacións axustaranse ao principio de composición equilibrada de mulleres e homes.

Para a válida constitución do Tribunal a efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a presenza da Presidencia, da Secretaría, e, alo menos, un vogal. Na sesión constitutiva o Tribunal poderá acordar que os membros titulares e suplentes de actúen indistintamente.

2. O réxime xurídico aplicable o Tribunal axustarase ao disposto para os órganos Colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro; os seus membros absteranse de formar parte da mesma cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da norma citada. Os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015

3. O Tribunal queda facultado para resolver por maioría de votos dos membros asistentes as dúbidas que poideran xurdir na aplicación destas Bases e para adoptar os acordos necesarios para a boa orde do procedemento. En caso de empate decidirá o voto da Presidencia.

4. O Tribunal poderá requirir dos aspirantes, en calquera momento do procedemento a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. O Tribunal recabará dos interesados as aclaracións ou a achega da documentación adicional que considere necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

5. Contra os actos de trámite do Tribunal que decidan directa o indirectamente sobre o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos e que non poñan fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Vicepresidencia da XMU.

Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar ante o Tribunal as alegacións, reclamacións e/ou subsanacións de documentación que estimen pertinente no prazo de dez días a contar desde o seguinte á data da publicación.

6. O Tribunal terá a categoría que corresponda á Escala e Subescala convocada conforme o disposto no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

SEXTA. Sistema de selección. Fase de oposición. Valoración.

1. A fase de oposición valorarase cunha puntuación máxima de **60,00 puntos** conforme o seguinte baremo.

Primeiro exercicio. De carácter obrigatorio. **50,00 puntos.**

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas dous supostos prácticos formulados polo Tribunal antes do comezo do exercicio.

Informe 1. Emisión de informe relacionado con expedientes de planeamento urbanístico. (Modificacións do Plan Xeral, aprobación e modificacións de Plans Parciais, Plans Especiais, Estudos de Detalle e outros instrumentos de planeamento).

Informe 2. Emisión de informe en relación con calquera dos seguintes supostos: solicitude de licenza de obras maior, de apertura, ambientais de actividade clasificada, de primeira ocupación, de segregación, de declaración de innecesariedade de parcelación, de ordes de execución, de declaración de ruina ou de protección da legalidade urbanística e sancionadores.

Os aspirantes poderán facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios así como de dispositivos dixitais.

Ao remate da proba os exercicios introducíranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do Tribunal presentes, e, cando sexa posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión na que se corrixa.

Os e as aspirantes expoñerán este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre os supostos prácticos desenvolvidos.

Avaliarase a capacidade de análise, o rigor analítico e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos xerais e específicos á resolución dos supostos prácticos.

Segundo exercicio. De carácter obrigatorio. **10,00 puntos.**

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística.

O/a aspirante que non obtivese un mínimo de 5,00 puntos nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua



Concello de Vigo

galega. As/os aspirantes adxuntarán á solicitude de participación copia simple do título ou equivalencia correspondente.

2. Puntuación do primeiro exercicio (50 puntos). Media aritmética. Será cualificado por cada membro do Tribunal con dúas puntuacións entre cero e vinticinco puntos, unha por cada suposto; sumaranse as puntuacións obtidas en cada suposto práctico e dividiranse entre o número de asistentes do Tribunal. A cualificación final determinarase polo cociente resultante de dividir entre dous a suma das cualificacións obtidas en cada suposto.

Excluíranse as cualificacións nas que exista unha diferenza de sete ou máis enteiros entre a máxima e mínima e hallarase a puntuación media entre as restantes. No suposto de que sexan máis de dúas as cualificacións que se diferencien en sete ou máis puntos, só eliminarase unha das calificacións máximas e outra de las mínimas.

3. Puntuación do segundo exercicio (10 puntos). Media aritmética das cualificacións dos membros do Tribunal asistentes á sesión; as puntuacións realizaranse tras o asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística.

SÉTIMA. Sistema de selección. Fase de concurso. Valoración.

1. O de concurso de méritos que consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes conforme o seguinte baremo:

Puntuación máxima da fase de concurso: **40,00 puntos** conforme o seguinte baremo.

a) Experiencia profesional.

1. Máximo **36,00 puntos**. Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme a seguinte puntuación:

a) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Especial; Subescala Técnica Superior do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: 0,300 puntos mes completo; máximo 36,00 puntos.

b) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Especial; Subescala Técnica Superior da Administración Municipal do Concello de Vigo: 0,191 puntos mes completo; máximo 23,00 puntos.

c) Servizos efectivos prestados na Escala de Administración Especial e na Subescala inmediatamente inferior do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (Subescala Técnica Media, Arquitecto Técnico): 0,120 puntos mes completo; máximo 14,40 puntos.

d) Servizos efectivos prestados na Escala de Administración Especial e na Subescala inmediatamente inferior da Administración municipal de Concello de Vigo (Subescala Técnica Media, arquitecto): 0,090 puntos mes completo; máximo 10,80 puntos.

e) Servizos efectivos prestados en Corpos, Escalas ou Subescalas doutras Administracións Públicas territoriais análogos á Escala de Administración Especial do réxime local e adscritos o subgrupo de titulación A1: 0,060 puntos mes completo; máximo 7,20 puntos. No subgrupo A2: 0,030 puntos mes completo; máximo 3,60 puntos.

f) Servizos efectivos prestados en Corpos, Escalas ou Subescalas de órganos constitucionais e no resto do sector público análogos á Escala de Administración Especial do réxime local e adscritos o subgrupo de titulación A1: 0,030 puntos mes completo; máximo 3,60 puntos. No subgrupo A2: 0,015 mes completo; máximo 1,80 puntos.

g) Servizos efectivos prestados por conta allea na empresa privada ou por conta propia en calidade de traballador autónomo desenvolvendo traballos de contido análogo o das prazas obxecto de selección: 0,030 puntos mes completo; máximo 3,60 puntos.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas nin en comisión de servizos voluntaria por persoal procedente doutras Administracións Públicas; neste suposto computaranse os servizos como prestados na Administración de orixe.

2. Acreditación dos servizos prestados na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ou no Concello de Vigo:

Informe emitido, previa petición polos interesados, conforme o Anexo II destas Bases pola persoa responsable do Servizo de Asuntos Xerais da XMU (ou funcionario no que delegue) ou pola persoa responsable da Área de Recursos Humanos do Concello de Vigo (ou funcionario no que delegue).

3. Acreditación dos servizos prestados noutras Administracións Públicas ou entes do sector público:

Certificación expedida pola unidade competente da Administración correspondente.

4. Acreditación dos servizos prestados por conta allea na empresa privada ou por conta propia en calidade de traballador autónomo.

Os servizos prestados por conta allea en empresas privadas acreditarase coa presentación de:

1º. Copia do contrato de traballo onde conste a categoría profesional.

2º. Informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que consten tales períodos.

Os servizos prestados por conta propia en calidade de traballador autónomo acreditaranse coa presentación da seguinte documentación:

1º. Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas.

2º. Informe da vida laboral emitido polo órgano competentes da Seguridade Social.

b) Méritos académicos.

Máximo **4,00 puntos**.

1. **Cursos de formación:** Máximo **2,00 puntos**. Valoraranse un máximo de dez cursos de formación recibidos ou impartidos, nos dez anos anteriores á data de publicación desta convocatoria nos BOE cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da Escala de Administración Especial; Subescala Técnica Superior (Arquitecto) convocados, impartidos ou homologados pola Escola Galega de Administración Pública; polo o Instituto Nacional de Administración Pública, por outros institutos das Administracións Públicas ou por organizacións sindicais ou outros axentes promotores no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas de 9 de marzo de 2018 ou dos Plans de Formación Continua do persoal das Administracións Públicas.

Valoraranse os cursos que versen sobre materias de carácter transversal (igualdade de xenro, transparencia, prevención de riscos laborais, procedemento administrativo común, informática)

Non se valorarán os cursos nos que no xustificante da súa acreditación (título, diploma ou similar) non conste as datas de realización nin as horas de duración. Non valoraranse os



Concello de Vigo

cursos inferiores a 15 horas lectivas, os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado e os derivados de procesos selectivos.

A valoración dos cursos se realizará conforme á seguinte escala:

Mais de 100 horas.....	0,40 puntos.	De 81 a 100 horas.....	0,33 puntos.
De 61 a 80 horas.....	0,26 puntos.	De 41 a 60 horas.....	0,20 puntos.
De 25 a 40 horas.....	0,13 puntos.	De 15 a 24 horas.....	0,06 puntos.

Acreditación de méritos de Formación:

Mediante copia simple dos títulos, diplomas ou certificación de superación dos cursos.

2. **Outros méritos:** Máximo **2,00 puntos**. Valorarase ter superado algún dos exercicios exisidos para o acceso á Escala de Administración Especial, Subescala Técnica Superior (Arquitecto) da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, quenda libre, nas tres últimas convocatorias, ou estar en posesión dalgunha titulación académica superior á esixida na Base Segunda a) destas Bases o día de publicación da presente convocatoria no BOE. Esta valoración realizaráse conforme a seguinte puntuación:

a) Valorarase con 2,00 puntos ter superado algún dos exercicios exisidos para o acceso á Escala de Administración Especial, Subescala Técnica Superior (Arquitecto) da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, quenda libre, oposición, nas tres últimas convocatorias.

Acreditación. A superación dos exercicios acreditarase mediante Informe (Anexo III) da persoa responsable dos Servizos Centrais da XMU emitido a solicitude do aspirante.

b) Valorarase con un máximo de 1,00 puntos a posesión dos seguintes títulos
Titulación universitaria de Doutor, con programa de doutorado relacionado coa titulación esixida para participar no procedemento de selección: 1,00 puntos

Diploma de Técnico Urbanista ou Máster Universitario Urbanístico de Estudos Territoriales expedido polo Instituto Nacional de Administración Pública, ou entidade pública equivalente: 0,80 puntos.

Outra titulación universitaria non aportada como requisito: 0,50 puntos.

Acreditación: Mediante aportación do título, diploma ou resguardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.

OITAVA. Listado de aprobados.

Concluída a fase de oposición e a valoración de méritos o Tribunal publicará no Taboleiro Electrónico Municipal a relación de aspirantes na orde da puntuación conxunta alcanzada distinguindo entre a obtida nas distintas fases (oposición e concurso) e elevará o órgano competente a proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados en número non superior o de prazas convocadas.

En caso de empate na puntuación terá preferencia os aspirantes relacionados co Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo mediante unha relación funcional de carácter temporal, de persistir empate terá preferencia o/a aspirante

con maior puntuación no apartado a) Experiencia profesional, na seguinte orde: 1 a) ; 1.b); 1.c) e 1.d)

NOVENA. Presentación de documentación.

No prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte a aquel no que se faga pública a lista das puntuacións obtidas os aspirantes seleccionados presentarán nos Servizos Centrais da XMU os seguintes documentos:

a) Declaración xurada ou promesa de non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, ni hallarse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

b) Documentación acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos esixidos na convocatoria.

Quenes dentro del prazo fixado, e salvo caso de forza maior, non presentasen a documentación, ou do exame da mesma se dedujese que carece de algún dos requisitos sinlados nas Bases, non poderán ser nomeados/as funcionarios/as, quedando anuladas las actuaciones sin perjuicio da responsabilidade que proceda.

DÉCIMA. Adxudicación de destinos. Bolsa de interinos.

A adxudicación de postos de traballo aos/as funcionarios/as de novo ingreso efectuarase de acordo cas peticións dos/as interesados/as entre os postos ofertados aos mesmos, segundo a orde obtida no proceso selectivo.

Con carácter previo á adxudicación de destinos, o persoal seleccionado será sometido a recoñecemento médico, aos efectos de non padecer enfermidade que lle impida desempeñar o posto de traballo correspondente.

As persoas relacionadas co Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo mediante unha relación funcional de carácter temporal e que, habendo participado no proceso selectivo non o superaran, integraranse nunha bolsa de persoal funcionario interino da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica Superior (Arquitecto), sempre e cando a puntuación obtida sexa superior a 50,00 puntos.

UNDÉCIMA. Datos de carácter persoal.

A participación no proceso selectivo implica o consentemento para que os datos persoais aportados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro Electrónico do Concello e na páxina web municipal cando así o requera a tramitación do procedemento.

DOUDÉCIMA. Recursos

Contra a presente convocatoria poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo do mes seguinte o día da súa publicación no BOP ou recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Cidade de Vigo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-



Concello de Vigo

Administrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición non poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta do mesmo.

ANEXO I

CONCURSO-OPOSICIÓN PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL (LEI 20/2021). DÚAS PRAZAS DA **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE SUPERIOR (ARQUITECTO)** DA XMU DO CONCELLO DE VIGO.

D/D^a _____
con DNI _____ e domicilio en, _____, rúa _____, C.P. _____, teléfono _____ e correo electrónico _____

EXPOÑO

Que segundo convocatoria inserta no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. _____, de data _____ reúno os requisitos esixidos na Base Segunda das Bases Reguladoras do concurso-oposición convocado para estabilización do emprego temporal de dúas prazas estruturais da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo da **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE SUPERIOR (ARQUITECTO)**.

Acepto na súa totalidade e me someto as Bases Reguladoras do concurso-oposición.

Adxunto a documentación sinalada na Base Terceira. 3:

- (i) Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte, no seu defecto.
- (ii) Copia da titulación esixida nas Bases.
- (iii) Índice e copia da documentación acreditativa dos méritos alegados.

SOLICITO

Ser admitido/a no procedemento convocado.

Data e sinatura dixital

Sr. Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo

ANEXO II

INFORME DA XEFATURA DE SERVIZOS CENTRAIS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO OU DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO DE VIGO.

D./D^a _____ no desempeño de mi posto de _____

INFORMO

Que _____ no Expediente _____ existente nesta dependencia _____ D/D^a _____, con DNI _____ ten acreditado nesta Administración os seguintes extremos:

- a) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Especial; Subescala Técnica Superior (Arquitecto) do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: meses completos
- b) Servizos efectivos prestados en prazas da Escala de Administración Especial; Subescala Auxiliar Administrativa da Administración Municipal do Concello de Vigo: meses completos.
- c) Servizos efectivos prestados noutras Escalas ou Subescalas do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: meses completos.
- d) Servizos efectivos prestados noutras Escalas ou Subescalas da Administración da Administración Municipal do Concello de Vigo: meses completos.

E para que xurda efectos no concurso convocado para a estabilización do emprego temporal de prazas estruturais vacantes da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencentes á **Escala de Administración Especial, Subescala Técnica Superior (Arquitecto)** expido o presente INFORME a petición do interesado/a.

Data e sinatura

ANEXO III



Concello de Vigo

INFORME DA XEFATURA DE SERVIZOS CENTRAIS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO.

D. _____ no desempeño de mi posto de _____

INFORMO

Que na convocatoria da oposición libre realizada segundo Bases e convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data ____ de _____ de ____ para o acceso á Escala de Administración Especial; Subescala Técnica Superior (Arquitecto) do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e no Expediente ____/____ incoado a tal fin consta que D/D^a _____, con DNI _____ superou algún dos exercicios do mencionado proceso de selección.

Así mesmo informo que tal proceso selectivo correspóndese cos realizados nas tres últimas convocatorias a tal Escala e Subescala.

E para que xurda efectos no concurso-oposición convocado para a estabilización do emprego temporal de prazas estruturais vacantes da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencentes á **Escala de Administración Especial, Subescala Técnica Superior (Arquitecto)** expido o presente INFORME a petición do interesado/a.

Data e sinatura

25(430).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZO DE VIXILANCIA MEDIANTE SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CONECTADA COA CENTRAL RECEPTORA E DE VIDEOVIXILANCIA INCLUÍNDO A SÚA INSTALACIÓN E MANTEMENTO NOS INMOBLES DEPENDENTES DA CONCELEIRÍA DE XUVENTUDE. EXPTE. 9452/336.

Visto o informe xurídico do 23/05/2022 e o informe de fiscalización do 24/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 23/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

Primeiro.- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concelleira delegada que inicia o expediente (artigo 116 CSP), de data 7 de febreiro de 2022.

Segundo.- Este contrato non está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 13 de xaneiro de 2022 e publicado no perfil de contratante.

Terceiro.- Consta no expediente a memoria económica de data 27 de abril de 2022, que recolle:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Cuarto.- Retención de crédito de data 17 de febreiro de 2022 (operacións nº 202200012027 e 202200012032).

Quinto.- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 27 de abril de 2022.

Sexto.- Memoria xustificativa de data 26 de abril de 2022, relativa aos seguintes extremos:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) .
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto. Polo valor estimado procede a súa tramitación mediante procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada (artigo 159.6 da LCSP).
- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)



Concello de Vigo

- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); ao tratarse dun contrato de servizos do Anexo IV da LCSP, os criterios relacionados coa calidade representan, cando menos, o 51% da puntuación.
- Xustificación da fórmula de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2a. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril) .

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2a. 4 LCSP).

ACORDO.-

En base ao que antecede, propónse á **Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada (artigo 159.6 da LCSP) para a **CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA MEDIANTE SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CONECTADA COA CENTRAL RECEPTORA DE VIDEOVIXILANCIA, INCLUÍDO A SÚA INSTALACIÓN E MANTEMENTO NOS INMOBLES DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE**

- Edificio de usos múltiples VIGOSÓNICO: Estrada do Portal, s/n - Polígono Tecnolóxico de Valladares
- Casa da Xuventude: Rúa López Mora, 31

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Técnica de Xuventude e pola Xefa de Servizo de Xuventude de data 27 de abril de 2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 23 de maio de 2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de 6.048,01 €, sendo o importe correspondente ao 21% de IVE 1.049,65 €.

Quinto.- Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 3370.227.99.02 “Mantemento de aparataxe” segundo a seguinte distribución de anualidades:

	Importe (con IVE)
Ano 2022 (7 meses)	1.764,00 euros
Ano 2023 (12 meses)	3.024,01 euros
Ano 2024 (5 meses)	1.260,00 euros

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Sexto- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta para declarar deserto o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de limpeza básica das instalacións deportivas municipais dependentes da concellaría de deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas. Expte. 4942/611.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

26 (431).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDUREMTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DO SERVIZO DE LIMPEZA BÁSICA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLARÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 4942/611.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 31/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de limpeza básica das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (4.942-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, do servizo de limpeza básica das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas (4.942-611), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 13 de maio de 2022, rematando o prazo de presentación de ofertas o 30 do mesmo mes.

Terceiro.- Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral deste Concello de data 31 de maio de 2022, non se presentou ningunha proposición.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Aberta a licitación do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de limpeza básica das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas non se presentou ningunha proposición, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 31 de maio de 2022, polo que cómpre declarar deserta esta licitación.

Segundo.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.-Declarar deserto o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de limpeza básica das instalacións deportivas municipais



Concello de Vigo

dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiánicos e outros espazos das instalacións deportivas (4.942-611) por non terse presentado ningunha proposición.

2º.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(432).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez